

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO GALEGO III



O CICLO DO ENTROIDO DE PRÁCTICA SOCIAL COMUNITARIA A OBXECTO DE ESTUDO ETNOLÓXICO

Coordinan

X. Antón Fidalgo Santamariña · Xosé Manuel Cid Fernández
Mariló Fernández Senra · Xulio Fernández Senra

IIIº CONGRESO DE
PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

O CICLO DO ENTROIDO:
DE PRÁCTICA SOCIAL COMUNITARIA
A OBXECTO DE ESTUDO ETNOLÓXICO

A C T A S

IIIº CONGRESO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO
O CICLO DO ENTROIDO:
DE PRÁCTICA SOCIAL COMUNITARIA A ESTUDO ETNOLÓXICO

Coordinan:


X. Antón Fidalgo Santamariña

Xosé Manuel Cid Fernández

Xulio Fernández Senra

Mariló Fernández Senra

S e r i e



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Xavier Álvarez Campos**

Coordina **Centro de Cultura Popular
“Xaquín Lorenzo Fernández”**

Deseño e Maquetación **Centro de Cultura Popular
“Xaquín Lorenzo Fernández”**

Edita



Impresión **Imprenta Provincial de
Ourense**



Dep. Legal **OU 27-2010**

ISBN **978-84-693-0140-1**

RAIGAME

Apdo. 484

Telf/fax: 988 249493

32080 - Ourense

ccpraigamepublicacions@depourense.es

ccpxaquinlorenzo.depourense.es

Todos os dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

ÍNDICE

- Pax. 7 **Presentación. Novas contribucións ao coñecemento do Entroido**
Xosé Manuel Cid, Comité Organizador
- Pax. 11 **O entroido como parte da identidade dun pobo. Análise desde unha perspectiva sociocomunitaria**
Alexandre Sotelino Losada
- Pax. 19 **O entroido, un elemento clave de animación sociocultural e lecer no rural ourensán: o concello de Boborás a través das lembranzas das persoas maiores**
M^a Esther Pérez Enríquez
- Pax. 25 **O entroido na área do Carballiño**
Xosé Luis Sobrado Pérez
- Pax. 29 **O entroido en Maside**
Xosé Ricardo Rodríguez Pérez
- Pax. 37 **Achega etnográfica á celebración do entroido en Vilariño de Conso**
José Antonio Fidalgo Santamariña
- Pax. 45 **O entroido que levamos!**
Xerardo Dasairas Valsa
- Pax. 47 **O patrimonio festivo como factor de dinamización socioeconómica da Baixa Limia**
Carolina Borges Veloso
- Pax. 57 **O Centro de Interpretación virtual do Entroido Galego do Colectivo “Homo Ludens”**
Daniel Rodríguez Enríquez
- Pax. 59 **O entroido de Xinzo de Limia**
X. L. Saburido Novoa, e J. Fariñas Diz
- Pax. 65 **O manturreiro no entroido en Boado**
Camilo Vila García
- Pax. 73 **Visión panorámica da comarca de Ourense e Allariz- Maceda**
Ana Malingre Rodríguez
- Pax. 77 **Os felos de Maceda**
Luís del Campo Prol
- Pax. 81 **O entroido en Celanova**
Antonio Piñeiro
- Pax. 95 **O entroido na cidade de Ourense**
Manuel Freire Cid
- Pax. 97 **O entroido ourensano**
J. Manuel Vázquez Álvarez, “Casiano”
- Pax. 99 **Pasado, presente e futuro do entroido de Seixalbo**
Margarita Seara Pazo

Presentación

Novas contribucións ao coñecemento do Entroido

As festas cambian ás persoas por dentro e por fóra. Sexa a festa parroquial, sexa a do pobo do lado, sexa unha romaría soada, unha festa gastronómica, ou histórica ou etnográfica, o ambiente social e o humor persoal vai cambiando a medida que se achega o día.

En cada un dos nosos pobos hai varias datas ao ano que se anotan na memoria individual e colectiva para non faltar, a non ser que causas de forza maior o impidan. Moitas teñen ese carácter local, comunitario, outras concentran nunha localidade a miles de persoas chegadas de todas partes, multiplicando por dez a poboación por unhas horas ou días, e outras, como a que nos ocupa, é unha mestura desas dúas dimensións. A súa forza provén do arraigo na vida da comunidade, en moitas áreas xeográficas do planeta, e das súas manifestacións exportables, dunha festa que en moitos lugares se converte cada vez máis en espectáculo mediático, con miles de participantes pasivos nos desfiles organizados pola administración local, e moitos miles máis que o seguen pola televisión, a radio ou internet.

Non son dúas formas contraditorias de vivir o Entroido, senón que cada vez se complementan máis. A expresión espontánea da comunidade, revivindo costumes que se perden no tempo, non quita que os gobernos municipais tenten programar a festa, canalizala nuns tempos e espazos, para darlle lustre ás súas políticas culturais, e de paso incluír o Entroido na súa oferta turística. A festa é cada vez máis un referente cultural e turístico daquelas comarcas nas que ten máis arraigo, sendo a provincia de Ourense e as comarcas lindantes, unha potencia na conservación do Entroido e un dos territorios nos que se presenta maior variedade de formas de expresión.

Non é casualidade, polo tanto, que teña centrado a terceira edición dos Congresos de Patrimonio Etnográfico, con tan boa acollida por parte dos asistentes e dos investigadores que abordan esta temática desde diversos campos de coñecemento das ciencias sociais, tanto o antropolóxico, como o pedagóxico, o sociolóxico ou o da xestión das políticas culturais, e desde a vivencia de persoas ou colectivos que recrean cada ano o ciclo do entroido nas nosas aldeas, vilas e cidades.

Os poñentes convidados deron unha visión panorámica completa dos entroidos das comarcas ourensáns: a cidade de Ourense e os seus bairros; as terras de Carballiño e o Ribeiro; de Caldelas e Trives; de Allariz, Celanova e Maceda; da Limia e Monterrei; de Conso-Frieiras, Viana do Bolo e Valdeorras. Tamén se abordaron comarcas lindantes do sul de Lugo, Norte de Portugal e Oeste de León, Asturias e Zamora, territorios próximos, tanto no xeográfico como no cultural.

Un libro, publicado pola Deputación e a Fundación Caixa Galicia¹, recollía os textos desas intervencións, dándolle difusión máis alá do ámbito do Congreso, e con continuidade no tempo, para que sirvan de referencia a novas investigacións sobre a cuestión. Dado que a publicación é coetánea coa celebración do encontro científico, estes autores xa non se inclúen no libro de actas, para non repetir as teses expostas no libro.

A riqueza deste libro de actas radica en que, sen contar coas aportacións destes expertos, achega un número considerable de relatorios, con novo coñecemento inédito elaborado expresamente para o Congreso, tanto por parte de investigadores, como de protagonistas do entroido como práctica social e comunitaria, en distintas áreas xeográficas do territorio ourensán. Dezaseis colaboracións dan corpo a esta publicación, que completan e ao mesmo tempo deben ser interpretadas desde as teses dos traballos anteriores expostos nas ponencias do Congreso.

Neste tomo, incluímos un primeiro artigo de fundamentación da práctica social do entroido desde a Pedagogía Social, no que Alexandre Sotelino interpreta a súa importancia tanto no reforzo da identidade, como nas consecuencias derivadas para a persoa e a comunidade. O Entroido, segundo este autor, conleva ao aproveitamento do lecer, favorece a socialización co grupo de iguais, marca ruptura coa vida diaria e fomenta a unión e cooperación coa comunidade de referencia. Todo elo repercute en melloras de saúde, procesos de desenvolvemento persoal e social e afectivo-relacionais. Sendo o fin último a mellora do benestar persoal e social coas consecuencias positivas que isto ten a súa vez na vida en e coa comunidade.

Os tres seguintes fan referencia ás manifestacións da festa en Terras do Carballiño, con incidencia tanto na propia vila como nos Concellos lindantes de Maside e Boborás. O segundo de Esther Pérez Enríquez afonda no papel da festa dentro da animación sociocultural, na dimensión lúdica da comunidade rural, con concrecións nas vivencias das persoas maiores do Concello de Boborás. É por tanto fundamental o papel dos portadores, dos recordos dos maiores, dos protagonistas para reconstruír e explicar a festa, e ao mesmo tempo esta reconstrución da festa é fundamental para a autoestima e a posta en valor dos recordos destas persoas, coa conseguinte repercusión na calidade de vida no tempo da vellez. Na mesma perspectiva sociopedagóxica enmárcase o capítulo sete, no que Carolina Borges aborda a dinamización socioeconómica, incidindo no estudo de caso da Baixa Limia. O terceiro de Xosé Luis Sobrado e o cuarto de Xosé Ricardo Rodríguez describen a tradición en distintas localidades da comarca, coa concreción deste último nunha das poboacións en que está máis vivo, como é en Maside.

Outro bloque está constituído por capítulos do cinco ao dez, nos que a perspectiva etnográfica nos achega mostras dos entroidos do oriente ourensán, da man de Fidalgo Santamariña e Xerardo das Airas, e das Terras da Limia, con importantes manifestacións locais da festa, tanto na propia vila de Xinzo, (a cargo de Xosé Lois Saburido e Suso Fariñas) como nos Concellos da Baixa Limia xa citados, ou un caso concreto de recuperación dun disfraz, como é o “manturreiro” de Boado, investigado por Camilo Vila. Desde Xinzo chega tamén unha iniciativa de difusión do Entroido a través da

¹ Fidalgo, X. A. (coord). *As caras do entroido ourensán*. Ourense, 2009.

IIIº CONGRESO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO: O CICLO DO ENTROIDO

rede, como é a páxina web do colectivo “Homo Ludens”, presentada por Daniel Rodríguez, que consiste en colocar no aire, informacións e estudos dos entroidos galegos, ao dispor de diferentes tipos de públicos, especialmente dos que poden aportar o avance do coñecemento sobre a festa, tanto coñecemento de tipo teórico, como saberes prácticos dos portadores.

Entre os capítulos once e quince, o lector pode ter información de entroidos menos coñecidos, mais con vocación de unir ás respectivas comunidades na recuperación e disfrute dunha festa que non precisa de especiais motivacións para sacar, das persoas e dos colectivos, o mellor que levan dentro, e poñer a creatividade en marcha para o disfrute individual e a afirmación da identidade colectiva. Estes entroidos son os da cidade, bairros e aldeas do Concello de Ourense, e comarcas lindantes, como Allariz, Celanova ou Maceda, nas que figuras tradicionais do entroido, con escasa presenza na literatura científica da festa, activan a memoria dos máis vellos e dan sentido ao lecer dos máis novos. Despois dun capítulo panorámico de Ana Malingre, aterrízase en manifestacións do entroido, en capítulos da autoría de Luis del Campo, para o caso de Maceda; Antonio Piñeiro, sobre Celanova; Manuel Freire do departamento de Cultura do concello de Ourense dá a visión dende unha institución; Casiano sobre o entroido na cidade; e Margarita Seara sobre o de Seixalbo. Outras festas emblemáticas de barrios como a Ponte ou Eiroás xa están abondo analizadas no libro antes citado.

Aínda queda unha asignatura pendente, que esperamos superar en posteriores edicións do Congreso, como é a participación de relatores doutras latitudes, que completasen o coñecemento doutras manifestacións do Entroido en terras galegas e dos arredores, pero isto non desanima ás entidades organizadoras, que ven con satisfacción como se reuniron ponencias extraordinarias sobre o tema, xa publicadas, e estes dezaseis relatorios que agora se poñen nas vosas mans.

Este primeiro propósito de consolidar o Congreso cunha cita anual, que uniu os esforzos do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, da Facultade de Ciencias da Educación e de Nova Escola Galega, vai camiño de conquerirse. O seguinte paso no proceso de converter o congreso nun referente para un número cada vez maior de investigadores e persoas interesadas no patrimonio, pode ser a colaboración dalgunha entidade científica internacional, para o que se ten solicitado o apoio da Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social, sensible como é a todos os temas relacionados co desenvolvemento comunitario. Con esta colaboración e por suposto co soporte da Deputación Provincial e doutras entidades do país iremos facendo un Congreso cada vez máis participativo. A seguinte cita deste 2010 é sobre os camiños de Santiago na cuarta edición do Congreso de Patrimonio Etnográfico, que está aberta a todos os interesados no tema.

Xosé Manuel Cid, polo Comité Organizador

O ENTROIDO COMO PARTE DA IDENTIDADE DUN POBO. ANÁLISE DESDE UNHA PERSPECTIVA SOCIOCOMUNITARIA.

*Alexandre Sotelino Losada**

G.I. Esculca

Universidade de Santiago de Compostela

Parece que o Entroido é unha festa máis das tantas que na Comunidade Galega se poden ver e vivir durante todo o ano. Comparte con todas elas o compoñente lúdico pero cun peso social, histórico e cultural moi importante. A estes efectos Gondar (1995, p. 161) apunta “As festas son un complexo simbólico en que se expresan actitudes, calidades, valores, fenómenos sociais, etc., nun todo estruturado e coherente. Toda festa constitúe polo tanto unha linguaxe só accesíbel a aqueles que dominan o seu código comunicativo (...) O carnaval, como calquera festa é, polo tanto, unha forma de falar que nos está transmitindo mensaxes”. E así o entenden as vilas e pobos onde se celebra con maior énfase, que o ven como algo de todos, que forma parte deles e da súa historia.

A vivencia e a identificación persoal que supón o Entroido, síntese na transmisión interxeracional de todas e cada unha das tradicións que arredor desta festa se moven, pois ata os nosos días chegan elementos ancestrais que se perden na memoria de libros e escritos, sen saber sequera o porqué exacto de moitos deses “rituais”;

son varios os exemplos que podemos poñer, desde as máscaras e traxes ata o propio ciclo de Entroido, “O Carnaval, o Entroido, é a gran festa das festas, todo un compendio de creativa espontaneidade, por unha banda, e de repetición de seculares rituais, por outra. O arquetipo de transgresión da orde habitual, da inversión de valores. Urbano e rural, algo terá o Carnaval para que resistise o paso dos anos e séculos na vella Europa do Sur” (Cocho, 1998, p. 7). Esta transmisión non se fai tanto dun xeito oral, senón como vivencia propia de avós, pais e fillos. É moi común ver nos “Folións” da Comarca de O Bolo a diferentes xeracións tocando xuntos, ou a Peliqueiros de todas as idades na Praza da Picota de Laza, ou sinxelamente familias enteiras disfrazadas seguindo a mesma temática compoñendo unha comparsa. Son poucas as celebracións onde novos e vellos teñen un mesmo papel e onde se rompen ba-rreiras xeracionais e culturais gozando, compartindo, sentindo e vivindo a festa por igual.

Pero como dicimos, non só se vive como propio, senón que esta festa reforza tamén a identidade comunitaria e de pertenza cun territorio. A

*Co apoio do Fondo Social Europeo e da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia.



Folión en Vilariño de Conso, no que participa xente de moi diferentes idades.

identidade cultural constitúese a partir de todos aqueles referentes e/ou representacións que identifican aos individuos dunha sociedade, país ou territorio, por riba das particularidades que, como seres humanos, sexan únicas e exclusivas dun mesmo. Así pois, a conformación da mesma é un proceso individual e social, continuo e cambiante (Korenblum, 2003), e polo tanto, no marco da identidade cultural estarían as tradicións e crenzas ata o mesmo idioma dun pobo.

A perspectiva sociocomunitaria do Entroido

No Entroido, o pobo é unha unidade e todos coñecen as normas, valores e tradicións que a participación do mesmo esixe; aínda que a maioría das veces non se fagan explícitas todas as comparten, e fan cumprilas a aqueles que desexen participar da festa; di Dasairas, Gómez e Puga. (2002, p.22) en relación ao Entroido de Laza que “nestes tres días é obriga gardar a festa, e todo o pobo actúa de vixilante no cumprimento da tradición. Os transgresores son publicamente castigados para coñecemento de todos”. Son días nos que a comunidade está unida no desenvolvemento dos diferentes actos e

eventos que marcan o ciclo festivo, deixando por uns días as diferenzas a unha beira e desenvolvendo diferentes roles na organización da festa. Todos cooperan para a consecución de obxectivos comúns. “*En cualquier acontecimiento grandioso de la vida social hay cooperación, puesto que si no, no podría haberse producido ese relevante pasaje*” (Gómez 1997, p. 111). O Entroido soe ser un deses grandes momentos do almanaque na vida no pobo, vila ou cidade; tanto que en moitos destes lugares mesmo son días non laborables, ao igual que outros grandes acontecementos do ano, o que fai que todos os veciños podan gozar do mesmo. Desde unha perspectiva da pedagogía social facelo nun día non laborable, “facilita que a xente poda participar da festa, ocupando o seu tempo libre durante esta xornada e converténdoo en lecer. Sendo este un tempo cun gran potencial educativo, no que se poden adquirir numerosas aprendizaxes pertencentes ao patrimonio de saberes populares, que deben ter un peso importante no proceso formativo das persoas como membros do corpo social”. (Sotelino, 2008, pp. 121-122). Introducimos así outro dos aspectos chave de toda festa, a compoñente lúdica do lecer e o

tempo libre, como un tempo necesario para a persoa e para a comunidade, recoñecendo mesmo como un dereito. É un tempo de distensión, de ruptura coa vida diaria, co rutineiro, unha paréntese duns días. As persoas necesitamos dese tempo de cambio e de liberación, onde poder gozar decidindo cadaquén en que actividade empregalo. É un tempo cun potencial socioeducativo moi valioso onde se poden cultivar múltiples habilidades e competencias de carácter sociorelacional. Caride (2003, p. 48) apunta algunhas como: “(...) *construir novos aprendizaxes, estimular la creación y la diversión, incrementar la participación social y desarrollo de la personalidad, ya sea de cada sujeto (autorrealización) o de los espacios sociales en los que viven (...) debe ser estimado como un recurso clave para el desarrollo personal, social y económico*”.

O Entroido preséntase como unha ruptura de barreiras. Antes xa apuntaba a ruptura coa separación entre xeracións, pero aínda se vai un paso máis aló, xa que existe tamén a ruptura coa autoridade. “Outra característica do tempo de carnaval é a suspensión de calquera tipo de autoridade: é o pobo quen impón a lei para todos. O alcalde e demais autoridades tenden a se esfumar neses días e cando aparecen son tratados como un membro máis do grupo” (Gondar 1995, p. 164). Outra das barreiras que se rompen son as de intimidade persoal da casa. É común en pobos como Laza ou Oímbra que durante estas datas se abran as casas para convidar aos visitantes. Mesmo se rompen barreiras de sexo, de individualidade, do rol habitual, de posicionamentos ideolóxicos, etc; o disfrace axuda a asumir roles que poden ser mesmo contrarios aos que habitualmente desenvolvemos: pódese ver ao máis ateo vestido de cura, a mulleres de homes e viceversa, a un vello disfrazado de neno e o contrario... . Son vivencias que só se dan neste intre do ano. Momentos para cambiar de mentalidade e abrirse a toda a comunidade; “O mesmo que vimos que pasaba no campo da festa cando se vai de romaría, o tempo do Carnaval é tamén un deses espazos para o fomento da solidariedade e o esquecemento das diferenzas que, sobre todo, as sociedades mon-

tadas ao vello estilo necesitan para que a afirmación dos intereses egocéntricos dos seus membros non terminen por facer desaparecer o cemento social indispensable en toda convivencia” (Gondar, 1995, p. 173).

Esta ruptura de roles e o cambio de vida co ciclo festivo ten tamén un importante peso no ámbito da saúde persoal. Supón unha liberación de tensión acumulada durante o ano, para libérala da mellor forma posible, divertíndose. A mente despéxase de tensións e preocupacións, os problemas vense con outra perspectiva, mesmo deixándoos a un lado, o único no que hai que centrarse é en vivir e aproveitar eses momentos cos veciños/as, amigos/as e compañeiros/as. Todos temos a necesidade nalgún momento de facer unha parada, para logo retomar cos ánimos renovados a rutina diaria. Di Cocho (2001, p.7) a este respecto que “As festas igualan, filtran tensións, liberan enerxía, achegan ás persoas e



Peliqueiro de Laza na praza da Picota.




Cadro 1: A ruptura de fendas

reforzan a vida en comunidade. Son un fin en si mesmo, aínda que poidamos atopar intencións e significados. Xogo e Festa son consubstanciais ao ser humano. Na festa agroma ese *homo ludens* que está na base da nosa cultura”. No cadro número 2 reflíctense algunhas das repercusións que teñen as festas e, máis concretamente, o Entroido na vida da persoa en e da comunidade.

Todas as celebracións son momentos para a socialización, para relacionarse cos nosos iguais desde unha posición deshinibida e diferente á que asumimos nas demais datas do ano. Preséntanse como unha boa oportunidade para comezar a mergullar aos nenos na vida da comunidade, xa que os elementos culturais máis propios do corpo social de referencia se fan máis evidentes. Os nenos, a partir destas vivencias, conformarán a súa identidade, que terá máis ou menos arraigo

cultural en función da maior implicación nas mesmas; así é que alguén que nunca viviu o Entroido non o poda sentir como seu. A participación no entorno inmediato dependerá en gran medida do sentimento de pertenza á mesma comunidade. Xa que se os mentres non nos identifiquemos con algo e o asumamos como parte da nosa vida, xamais faremos nada por cambialo. Este tamén é o motivo de que cando unha celebración se desvirtúa e os veciños xa non a recoñecen como era, e comezan a sentilo como algo externo, a súa implicación na mesma será moito menor. Así que por moitos cartos que se invistan para a organización de grandes Entroidos se o pobo non os sente, a participación e implicación tenderá a ser máis escasa, os Entroidos que realmente seguen a ser unha celebración cun carácter comunitario, identitario e relacional son aqueles que son organizados polo pobo e para o pobo.



Cadro 2. Repercusións persoa e comunidade.

O Entroido configúrase así como unha celebración cun potencial para o desenvolvemento comunitario moi importante. Porque tal e como vimos dicindo ao longo deste traballo, a identidade e o recoñecemento cun territorio ou con algunha celebración ou evento, é un elemento que se fai moi necesario para que o noso grao de implicación coa vida cultural e social sexa dun xeito activo e non simplemente “contemplativo”. Neste senso, nas poboacións máis “entroidadeiras” constitúense moitos grupos de amigos e veciños que traballan conxuntamente para participar da festa, celebración para a que durante todo o ano se están a preparar. Son grupos na súa maioría informais, que só se xuntan esporadicamente, pero os cales teñen un gran potencial para un proxecto de desenvolvemento comunitario, xa que son núcleos vivos dentro do pobo, eles poden ser os protagonistas da vida social e cultural dese territorio, todo dependerá se os seus intereses e obxectivos son correspondidos en relación ao proxecto, e sen esquecer que a súa principal motivación, a festa do Entroido. Unha das claves deste suposto é que os veciños xa o teñen asumido como propio, e o sentimento de pertenza xa ven de seu, polo que en canto a motivación, implicación e predisposición dos destinatarios tense moito avanzado. Partindo deste suposto, a probabilidade de éxito para un proxecto de desenvolvemento comunitario é moito maior, porque tal e como din a Llena e Úcar (2006, p.41) respecto ao concepto de comunidade desde a visión do traballo social, esta é entendida como “(...) *la sociedad más próxima a la persona...; el concepto comunidad habla de cualidad en las relaciones allí donde existen intereses, objetivos y deseos comunes*”, o cal nos dá moitas pistas de como debemos intervir nunha comunidade, buscando os desexos e intereses comúns, canalizándoos cara un obxectivo final que debe ser o incremento do nivel de benestar social da mesma.

O Entroido como un proxecto global intercultural

Tal e como coñecemos o Entroido, poderíase afirmar que este é soamente galego: “*Galicia entera es tierra rica en manifestaciones car-*

navaleras. Ourense puede ser la locomotora de un tren potente que lleva originalidad en sus vagones y tradiciones que no deben morir por ser parte fundamental de nuestra idiosincrasia” (Ocio.lavozdegalicia.es). Pero o que é a esencia do mesmo e os seus obxectivos son comúns ao resto do mundo, porque en todos os lugares onde se celebra é un motivo de unión e diversión da comunidade, de liberación, de ruptura, etc. Desde Río de Janeiro ata Venecia, pasando por Quebec en Canadá ou o de Oruru en Bolivia, en todos estes lugares, aínda con formas e tradicións diferentes, o Carnaval ten connotacións similares.

Ás veces, mesmo podemos atopar coincidencias entre os nosos entroidos e diferentes *Carnavales* da Península Ibérica e do Mundo. Así sucede coas Fareladas e Fariñadas que se celebran nos diferentes puntos entroideiros (Verín, Laza, Xinzo, As Eiroás-Ourense, Viana do Bolo, etc), que teñen o seu reflexo en Solsona en Lleida e en Ibi en Alacante, onde as batallas de *enfarinats* teñen unha importante repercusión ou en Santa Cruz de la Palma onde o enfrontamento é con pos de talco. O xogo das olas que tamén se xoga noutros lugares da nosa xeografía ten exemplos parecidos no país veciño onde recibe o nome de *jogo da pucarinha* ou *cantarinha*, ou en Francia onde lle chaman *jeu de la toupiole*. Ademais do propio ciclo do entroido, as máscaras e as personaxes que cobran especial protagonismo durante estas datas, tamén aparecen noutros recunchos como en Cantabria cos *Campaneros*, en Zamora cos *Zangarrones*, en Almiruete-Guadalajara cos *Botargas*, no País Vasco cos *Zarratrkos* e *Mamoxarros*, en Trás-Os-Montes (Portugal) cos *Caretos*, no Val d’Aosta (Italia) Os *patoilles*, en Esciros (Grecia) cos *Geroi* en Binche (Bélxica), en Oruru (Bolivia) as *Morenadas e Diabladas*, en Barranquilla (Colombia) a *Marimonda...* e así podemos seguir numerando unha longa lista. E inda podemos atopando coincidencias como é no caso das danzas. En Galicia existen algunhas danzas propias do Entroido como é a de San Adrián de Cobres en Pontevedra ou as danzas dos Volantes do Entroido Ribeirao de Chantada, cousa que tamén se ve coa Samba do Río de

Janeiro, as Cumbias, Mapalés e o Congo de Barranquilla en Colombia, ou os carnavaletos bailados por diferentes zonas da xeografía andina. Mesmo en manifestacións musicais, podemos atopar na nosa terra as comparsas de O Grove ou Pontevedra que teñen elementos moi semellantes as *chirigotas* de Cádiz ou ás *Murgas* Arxentinas, Chilenas e Uruguaias. Estes son só algúns exemplos de que aínda que teñamos as nosas particularidades, o noso Entroido ten moito de común con outros *carnavales*. O que vén a apoiar o suposto de que aínda que teñamos diferentes estilos e niveis de vida, as persoas, non deixamos de ser iso, persoas cunha traxectoria vital; por riba de razas e de cores están as vivencias e os sentimentos porque “Todos procuramos acadar o benestar con nos mesmos e coa comunidade de referencia, para o que necesitamos satisfacer, entre outras, unha serie de necesidades de carácter afectivo-relacional

mediante a unión, intercambio e socialización co noso grupo de iguais neses momentos da vida en comunidade” Sotelino (2009, pp. 124).

Aínda que todos temos unha identidade e podemos recoñecernos como membros dunha comunidade, participando na mesma e compartindo as tradicións, no seo dunha sociedade positivamente multicultural, é necesario superar as tendencias centrípetas e achegarse cara o sentimento de pertenzas múltiples, cara novos espazos de identificación. Neste senso, desexamos facer fincapé no Entroido polas súas múltiples posibilidades como lugar de encontro non só interxeracional, senón tamén intercultural. Podemos e debemos identificarnos coa nosa comunidade de referencia, pero tamén debemos pensar máis aló e buscar aspectos que nos vinculen a outras comunidades máis ou menos afastadas, buscando un plantexamento “glocalizador” (Caride, 2001). Así é que cada Entroido por máis que teña elementos propios de cada lugar que o fan único, ao mesmo tempo pode unirnos con outras comunidades veciñas, incluso moi afastadas en distancia pero non tanto en obxectivos e formas de sentir e vivir; e polo tanto, é o Entroido algo que nos fai singulares pero que ao mesmo tempo nos une en proxectos globais.

Consideracións finais

En definitiva, o Entroido ten as súas peculiaridades en cada lugar, que fan que sexa un elemento identitario de referencia tanto para o pobo como para a persoa. Isto fai que toda a comunidade estreite lazos esquecendo problemas e barreiras. Desde unha perspectiva de análise sociocomunitaria supón: o aproveitamento do Lecer, favorece a socialización co grupo de iguais, marca ruptura coa vida diaria e fomenta a unión e cooperación coa comunidade de



Volante de Chantada.

referencia. Todo isto, á súa vez repercute en melloras de saúde, procesos de desenvolvemento persoal e social e afectivo-relacionais, sendo o fin último a mellora do benestar persoal e social coas consecuencias positivas que isto ten a súa vez na vida en e coa comunidade.

O noso Entroido é algo que debemos de manter, porque nos enriquece como pobo e como persoas ao ser parte da nosa cultura e da nosa historia. Debemos vivilo e participar nel activamente, porque é unha celebración que axuda a relacionarse e abrirse desde unha posición de igual a igual; e que nos fai facer unha paréntese, unha parada na nosa vida durante cinco días, algo que nas sociedades actuais cada vez se está a facer máis necesario, sabendo ademais que pode unir a xentes de moitas outras terras e culturas, desde unha perspectiva intercultural.

Bibliografía.

Caride, J.A. (2001). “Las redes del desarrollo: conceptos, enfoques y perspectivas” en Lucio-Villegas, E. (ed.): *Espacios para el desarrollo local*. PPU, Barcelona, pp. 17-61

Caride, J.A. (2003). *Las identidades de la Educación Social*. Cuadernos de Pedagogía, nº 321, pp. 47-51.

Cocho, F. (1998). *O Entroido Galego*. Vigo, Edicións A Nosa Terra.

Dasairas, X; Gómez N. e Puga, C. (2002). *O*

Entroido Ancestral. Vigo, Edicións Do Cumio.

Gómez Pellón, E. (1997). Cultura y Sociedad, Aguirre Baztán, A. (ed.), *Cultura e Identidad Cultural. Introducción a la Antropología*. Barcelona, Ediciones Bardenas, pp. 109-136.

Gondar, M. (1995). *Crítica da Razón Galega. Entre o Nos-Mesmos e o Nos-outros*. Vigo, Edicións A Nosa Terra.

Korenblum, S. (2003). *Familias en tránsito. Las mudanzas internacionales y su impacto familiar*. Buenos Aires, Grupo Editorial Lumen.

Sotelino, A. (2008). A Romería Raigame. Un día para aprender e vivir cos nosos avós *Revista Galega da Educación*, Nº 42. pp. 120-124.

Sotelino, A. (2009). Entroido e Identidade. Un punto de encontro entre culturas. *Revista Galega de Educación*, Nº 43. pp. 122-124.

Llena Berñe, A e Úcar Martínez, X. “Acción comunitaria: miradas y diálogos interdisciplinares e interprofesionales” en Llena Berñe, A e Úcar Martínez (2006). *Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria*. Graó. Barcelona.

Fontes dixitais.

http://ocio.lavozdeg Galicia.es/se_escapate/. Del Oso de Lugo a los propósitos de A Coruña pasando por el loro «Ravachol» . (Consulta: 19/05/2009).

O ENTROIDO, UN ELEMENTO CLAVE DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E LECER NO RURAL OURENSÁN: O CONCELLO DE BOBORÁS A TRAVÉS DAS LEMBRANZAS DAS PERSOAS MAIORES

M^a Esther Pérez Enríquez
Universidade de Vigo

O **Entroido**, **Antroido** ou **Carnaval** é unha festa de carácter tradicional que se celebra en toda Galicia entre os meses de febreiro e marzo, coincidindo co período inmediatamente anterior á Coresma (tempo de xaxún de 40 días anteriores á Pascua, conforme o calendario cristián). Destacando, o que se festexa na provincia de Ourense, por ser un dos máis importantes de España, xunto co de Cádiz e Canarias.

As características do Entroido ourensán son moi particulares, segundo a zona da provincia ou pobo no que celebra, así, atopámonos con disfraces, esmorgas, datas e incluso costumes gastronómicas moi diferenciadas. Entre os de máis sona, atopáanse os de: Xinzo de Limia, Verín e Laza.

Merece a pena ver o espectáculo na Provincia de Ourense: as “**Pantallas**” de Xinzo de Limia, os “**Peliqueiros**” e “**Cigarróns**” de Laza e de Verín, a “**Morena**” de Laza, os “**Felos**” de Maceda, as “**Tamborradas**” e a “**Mula**” de Viana, os “**Folións**” e “**Boteiros**” de Vilariño e Viana, a “**Mázcara**” de Manzaneda, os “**Vellaróns**” de Riós, os “**Vergalleiros**” de Sarreaus, os “**Troteiros**” de Bande, as “**Charrúas**” de Allariz, os “**Murrieros**” da

Teixeira, o “**Oso**” o “**Toro**” e o “**Xigante**” do Bolo, as “**Bonitas**” de Cartelle, as “**Abutardas**” de Sande, as “**Gárgolas**” de Celanova, as “**Mascaradas**” de Maside, os “**Bobos e Pallasos**” de Beariz, os “**Felos**” e “**Rodos**” de Boborás, os “**Irrios**” de Castro Caldelas, os “**Borralleiros**” de Cortegada, a “**Vacaloura**” do Barco de Valdeorras, os “**Galanes e Madamitas**” de Entrimo, os “**Labardeiros**” e “**Señoritas**” de Mugares, a “**Pita**” de Eiroás, os “**Fargalleiros ou Zamarreiros**” da zona limítrofe do Bierzo...a parte dos “**carnavais urbanos**”,...

O ENTROIDO, UN RECURSO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E DE EDUCACIÓN DO LECER DAS PERSOAS MAIORES.

Definir a Animación Sociocultural non é unha tarefa fácil, pois, os diferentes puntos de vista, fontes e intereses conceptuais, ideolóxicos e sociais que se entrecruzan á hora de delimitar teórica e profesionalmente este concepto xeraron unha gran imprecisión e vaguidade conceptual sobre o mesmo. O profesor Trilla (1997, p. 22) que define a animación sociocultural como “o conxunto de accións realizadas por individuos, grupos ou institucións sobre unha

comunidade (ou un sector da mesma) e no marco dun territorio concreto, co propósito principal de promover nos seus membros unha actitude de participación activa no proceso do seu propio desenvolvemento tanto social como cultural”; tamén expón, que a animación sociocultural é un obxecto extraordinariamente “polidimensional” con diversos discursos. E dun xeito similar, Úcar (1992) afirma que se trata dun fenómeno “multidimensional” situado no ámbito da educación.

Ademais, á hora de intentar definir a animación sociocultural debemos ter en conta a súa relación con outros conceptos e prácticas educativas como a educación permanente, a educación de adultos, a educación non formal, a acción cultural, a extensión cultural, a pedagogía social, a promoción social, o desenvolvemento comunitario, o asociacionismo, etc. (Requejo, 2003).

Por iso, nun intento de aclarar que é a animación sociocultural, Puig Picart (1989) e Merino (1997) comparten que os tres verbos que mellor presentan os obxectivos da animación sociocultural, son: animar, intervir e transformar. Escollen animar no sentido francés de *animation socioculturelle*, intervir no sentido anglosaxón de *sociocultural community development*, e transformar no sentido suramericano entendido como síntese.

Respecto á importancia concreta da animación sociocultural e a educación do ocio nas persoas maiores, cobra significatividade e sentido fundamentalmente a partir da concepción actual da educación, caracterizada tanto pola súa extensión horizontal como vertical. É dicir, a educación non está destinada só a unha etapa da vida, a infancia, senón que se fai necesaria ao longo de toda a vida (Delors, 1996), incluíndo ás persoas maiores, dimensión vertical; pero ademais, xa non pode considerarse exclusivamente un proceso limitado ao espazo escolar, relativizándose o protagonismo da escola, e reva-lorizándose outras iniciativas ou institucións educativas fora da mesma, enmarcadas fundamentalmente no eido da “educación non formal”.

Xunto coa importancia do novo concepto de

educación, tamén son fundamentais as características específicas e diferenciais das persoas maiores, así como as circunstancias sociofamiliares que as envolven. Por un lado, atopámonos ante un colectivo con moitísimo tempo libre, xeralmente “liberado” de cargas familiares e laborais, e durante un período de tempo cada vez máis amplo, debido fundamentalmente, as xubilacións anticipadas e a alta esperanza de vida. Por outro lado, están os cambios na estrutura familiar, tanto na diminución da composición familiar como na incorporación da muller ao mundo laboral, imposibilitando que esta se encargue do coidado dos seus proxenitores e dos da súa parella. Finalmente, a nivel social, o incremento demográfico de persoas maiores esixe unha atención e dedicación cada vez maior e mellor a este colectivo, sendo a animación sociocultural un dos recursos máis activos para dar unha resposta educativa de calidade ás persoas maiores.

É por esta razón que coincidimos cos profesores Requejo (1997) e Saez (1997) ao considerar a animación sociocultural como un recurso necesario para a integración social dos nosos maiores, que favoreza a súa incorporación á comunidade, a través da participación social, o disfrute da cultura e das relacións sociais na ampla franxa de tempo libre da que dispoñen; ademais de resultar unha alternativa para mellorar as súas capacidades e previr o deterioro tanto físico, como psicolóxico e social. Son varios os estudos que así o demostran (Cuenca, 1998; Meléndez, 1992), e que nos permiten percibir a importante función que a animación debe asumir ante as persoas maiores na busca do seu benestar e da súa calidade de vida.

Queda deste xeito, máis que resaltada, a importancia da animación sociocultural e a educación do ocio para as persoas maiores, só resta engadir que ambos campos de intervención, para conseguir todos os obxectivos antes citados, necesitan de profesionais cualificados e formados especificamente nestes dous ámbitos, como os Educadores e Educadoras Sociais; e dunha metodoloxía activa e participativa, que atenda os seus intereses e necesidades tentando converter

ás persoas maiores en axentes, protagonistas, promotores das súas accións, a través da realización de actividades asociadas ás súas prácticas de ocio anteriores, a súa profesión ou aquelas outras que desexaron e que no seu momento non puideron realizar, como é o caso da celebración do **Entroido**, que moitos dos nosos maiores, pola época na que creceron, non puideron disfrutar.

Non cabe dúbida de que o Entroido é un recurso de ocio, primeiro porque supón unha ruptura co tempo de traballo, ocupación ou obrigacións persoais; segundo porque, a pesar de que na actualidade existen excepcións nas que hai grupos ou persoas particulares que participan no Entroido atraídos polos premios que nalgúns concellos ou asociacións se reparten para impulsar a continuidade desta festa; a maioría das persoas, ou polo menos esa é a significatividade do Entroido, interveñen nesta celebración, dun xeito autotélico, sen ningún interese máis que o disfrute; en terceiro lugar, e relacionado co anterior, o Entroido é un recurso de ocio porque as persoas participan nel autonomamente, libremente, sen coacción; e finalmente, é ocio porque supón unha vivencia pracenteira, gratificante e lúdica para os participantes.

Asimesmo, o Entroido, é tamén un recurso fundamental na animación sociocultural das persoas maiores, xa que permite e facilita a consecución de moitos dos obxectivos, sinalados xa anteriormente, que esta práctica persegue, como a integración social e incorporación á comunidade dos nosos maiores, a través da participación social, o disfrute da cultura e das relacións sociais.

LEMBRANZAS DAS PERSOAS MAIORES SOBRE O ENTROIDO NO CONCELLO DE BOBORÁS.

Non resulta fácil establecer a orixe do ciclo festivo que coñecemos como Entroido, a pesar de que son moitos os expertos que se ocupan de estudialo. De tódolos xeitos, hoxe en día, podemos distinguir fundamentalmente dúas posicións (Fidalgo Santamariña, X. A., 2009),

con explicacións diferentes sobre a xénese desta festa popular.

Nunha banda, están os autores e autoras, como o ourensán Fermín Bouza-Brey, que defenden que o Entroido ten unha orixe prehistórica, uns consideran que esta celebración descende das festas romanas *Saturnais*, que empezaban o 17 de decembro, no comezo do solsticio do inverno, dedicábanse ao deus Saturno e conmemorábase a finalización das tarefas do campo, rematábase a sementeira de inverno e quedaba tempo para o descanso e o lecer, sete días de diversión, de banquetes e de tempo compartido, nos que se intercambiaban agasallos e se facían máscaras e disfraces, inverténdose momentaneamente a orde social, pois os nobres vestíanse cos traxes dos plebeos. Dentro desta mesma posición, que defende a orixe prehistórica do Entroido, outros autores e autoras sitúan o inicio desta celebración nos rituais das festas chamadas *Lupercalia*, celebradas en febreiro, nas se sacrificaban machos caprinos e os mozos, medio espidos tomaban a pel destes animais, cortábanse en tiras e corrían mallando aos que atopaban ao seu paso. Así, podemos apreciar, en ambas celebracións, moitas similitudes coas características do noso Entroido ourensán.

Noutra posición, sitúanse os investigadores e investigadoras que postulan unha xénese medieval do Entroido, con raíces no cristianismo e en oposición coa Coresma. Enfrontamento, representado por don Carnal e dona Coresma, recoñecido e admitido onde se celebra este ciclo festivo. Don Carnal aparece representado por un home gordecho e dona Coresma por unha muller escualida, pero sempre acreditándose ambos, por ser un o anverso inseparable do outro. Pero dentro desta postura, atopámonos coas aclaracións de H. Pley, onde afirma que se trata dunha festa na que converxen dúas correntes, “unha corrente pagá clásica que abocaría na festa dos tolos, festa eclesiástica en principio e outra corrente, que contén elementos pagáns xermánicos e celtas, que sobrevivirían nos medios rurais. Estes son os famosos ritos agrarios do inverno” (Pley, 1979, citado por Fidalgo

Santamariña, 2009, p. 327), caracterizados polas danzas e mascaradas destinadas a cazar os demos ou o mal e polos sermóns do Entroido, onde os mozos criticaban a todos os que violaban o código moral do grupo; prácticas moi similares aos sermóns, pregóns ou coplas do noso Entroido ourensán.

CONTEXTO.

O Concello de Boborás atópase no noroeste da provincia de Ourense, a 42 kilómetros da ca-pital e na comarca do Carballiño, vertebrado por numerosos cursos fluviais, entre os que destacan o río Arenteiro, o Avia e o Cardelle. Conta cunha superficie de 87,8 kilómetros cuadrados, e uns 3.047 habitantes aproximadamente (INE, 2008), distribuídos polas catorce parroquias que compoñen este Concello: Albarellos (San Miguel), Astureses (San Xulián), Brués (San Fiz), Cameixa (San Martiño), Cardelle (San Silvestre), Feás (Santo Antón), Laxas (San Xoán), Moldes (San Mamede), Moreiras (Santa Mariña), O Regueiro (San Pedro), Pazos de Arenteiro (San Salvador), Xendive (San Mamede), Xurenzás (San Pedro), e Xuvencos (Santa María).

Son moitas as festas que se celebran ao longo do ano neste Concello, como a Romaría da Nosa Señora da Saleta, o día 19 de setembro en Astureses, ou a Festa das Mudaciós, o primeiro e segundo domingo de marzo; pero de todas elas queremos destacar o **Entroido**, por ser a que nos ocupa nesta ocasión.

O ENTROIDO DE BOBORÁS.

O ciclo do Entroido do concello de Boborás comprende, dende hai moitos anos, como na maioría dos concellos galegos, o domingo, o luns e o martes de entroido; aunque, na actualidade, o domingo é o día principal de celebración, onde se concentra case toda a actividade festiva, destacando o desfile tradicional e o baile. O martes queda libre, para que as persoas de Boborás poidan asistir ao desfile tradicional do Carballiño.

Aunque hoxe en día, no desfile do entroido, atopamos unha mesturanza intercultural e interxeracional entre as figuras tradicionais e típicas de Boborás e outros personaxes máis actuais como paiasos, indios, bruxas, xamaicanos...; ben é certo que, cada vez máis, estas últimas están a quitar protagonismo ás anteriores, a pesar de que o propio concello trata de impulsar a continuidade e conservación dos principais personaxes tradicionais, os felos, rodos e corozas; cada un deles coas súas características particulares (López Gómez, F. S. et al., 2009).

- **Os Felos**, caracterízanse por presentar a cara pintada, sombreiro enfeitado con follas de calendarios ou revistas, e o corpo cuberto con vestimentas amplas e de abrigo feitas con roupa vella e colchas ou manteis da casa; polo que son uns disfraces moi coloridos, moi vistosos e pouco custosos, ademais de que non hai dous iguais. Tamén, levan na man unha vara longa coa que van amedrentando aos veciños ao seu paso polos camiños. Son os personaxes máis representativos e típicos de Boborás.

- **Os Rodos**, non se caracterizan por ningunha vestimenta en particular, simplemente por portar o instrumento que lles da o nome, e con el petando no chan saen a percorrer as parroquias pola noite para romper o seu silencio. Son típicos da parroquia de Pazos de Arenteiro.

- **As Corozas**, típicas das zonas máis altas deste concello, como a parroquia de Feás e a do Regueiro, son unha vestimenta tradicional elaborada con xuncos, que rememora as prendas de abrigo e protección da choiva que se utilizaban nos traballos agropecuarios, e consta de tres partes: a carapucha, o corpo e as polainas.

As persoas maiores de Boborás lembran que se disfrazaban con roupa vella que tiñan nos baúis das casas, as mulleres utilizaban saias coloridas, con vuelo e longas, sobre todo para que non se lle visen os pés, puñan por riba unha blusa e un mantón ou pano de “Manila” e na cabeza uns sombreiros longos adornados coas plumas que lles sacaban aos capóns e cintas de cores.

Así vestidas, saían polos camiños e xuntábanse todos e todas nun baile que se celebraba nun local cerrado, amenizado por un acordeón. Varias señoras recordan que no salón de baile había unha cuba de pé cuberta por cun papel á que se subía o acordeonista para tocar e despois ían os mozos e cantaban esta canción:

*Chámannos os tres borrachos,
os borrachos do lugar,
que teñan coidado as nenas
de nos volver criticar.
Métanse detrás do lume
e deixen de murmurar.
Chámannos os tres borrachos,
os borrachos do lugar,
máis de catro los querían,
pero non queren casar.
O entroido da vila é moi honrado
por eso os de fóra veñen visitalo.*

Tamén, igual que na actualidade, aproveitaban o carnaval para inverter os roles entre as mulleres e os homes, estes vestíanse de mulleres e elas, á súa vez, de homes. Costume que non lles gustaba nada aos curas, que aproveitaban a misa para recordarlle á xente que para as mulleres que se vestían de home e para os homes que se vestían de muller non había perdón.

Para pintar a cara, cando non había pinturas, utilizaban carbón; e como non había caretas, poñían unha media ou un velo cando querían tapar a cara e que non os coñecesen.

Ademais, das celebracións festivas e das vestimentas típicas, a gastronomía xoga un papel moi importante no entroido do Concello de Boborás, coma no resto da provincia. Dende antano, ou polo menos así no lo deixaron quedar moi claro as persoas maiores, o lacón e sobre todo a cachucha do porco era o prato por excelencia típico do martes de entroido, e aínda o é na actualidade; tamén se degustaba un postre típico, as filloas e as tostadas de pan; aunque estas últimas hoxe en día foron substituídas polas orellas de carnaval.

Relacionada coa gastronomía, algunhas per-

soas disfrazadas, ou, en palabras dos propios maiores “vestidas de entroido” aproveitaban para gastar bromas aos veciños ou persoas de máis confianza, ían ás súas casas e intentaban sacarlle a pota da cachucha para fóra.

Outra chanza que facían algúns homes consistía en levar unha galiña debaixo do brazo e votala ao aire polo medio do baile dicindo:

*La palomita de mi palomar
sin que le metan el dedo en el culo
no sabe cantar.
A esta palomita blanca
métele el dedo en el culo
y verás que bien canta.
A esta palomita mensajera
que se lo meta cualquiera.*

UNHAS REFLEXIÓNS FINAIS.

A maxia do Entroido, capaz de chegar a tantas persoas e contaxialas da alegría e da diversión que envolve a toda esta celebración, facéndoas partícipes da festa en particular, e da comunidade en xeral; lémbra-nos que non debemos deixar de impulsar, recordar e recuperar este festexo.

E son as persoas maiores, as que coas súas lembranzas poden axudarnos a revivir, desfrutar e conservar moitas tradicións populares. Asimesmo, sendo partícipes desta festa e protagonistas da súa recuperación, este colectivo de maiores verá incrementado o seu disfrute da cultura e as súas relacións sociais con outros grupos de idade, factores fundamentais para gozar da vida plenamente e incrementar a súa calidade de vida.

FONTES BIBLIOGRÁFICAS:

Cuenca, M. (1998). La intervención educativa en ocio y tiempo libre, en Pantoja, L. (Ed.) *Nuevos espacios de la educación social*. Bilbao: Universidad de Deusto, pp.253-286.

Delors, J. (1996). *La educación encierra un tesoro*. Madrid: Santillana/ Ediciones UNESCO.

- Fidalgo Santamariña, X. A. (2009). IV.- Cara a unha busca de sentido do Carnaval ourensán. En, Fidalgo Santamariña, X. A. (Coord.). *As caras do entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense/ Fundación Caixa Galicia, pp. 321 – 339.
- López Gómez, F. S.; Rodríguez Cruz, X. & Fidalgo Santamariña, X. A. (2009). 2.- As caras do Entroido das comarcas do Carballiño e o Ribeiro. En, Fidalgo Santamariña, X. A. (Coord.). *As caras do entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense/ Fundación Caixa Galicia, pp. 61 – 85.
- Meléndez, N. (1992). *¿Contribuye la recreación a la satisfacción del envejecimiento jubilado?* Universidad de Puerto Rico.
- Merino, J. V. (1997). *Programas de animación sociocultural. Tres instrumentos para su diseño y evaluación*. Madrid: Narcea.
- Puig Picart, T. (1989). *Animación sociocultural. Cultura y territorio*. Madrid: Popular.
- Requejo, A. (1997). Animación sociocultural en la tercera edad. En J. Trilla (Coord.). *Animación sociocultural. Teorías, programas y ámbitos*. Barcelona: Ariel, pp. 255-268.
- Requejo, A. (2003). *Educación permanente y educación de adultos*. Barcelona: Ariel.
- Saez, J. (1997). *La tercera edad. Animación sociocultural*. Madrid: Dykinson.
- Trilla, J. (1997). Concepto, discurso y universo de la animación sociocultural. En J. Trilla (Coord.). *Animación sociocultural. Teorías, programas y ámbitos*. Barcelona: Ariel, pp. 13-39.
- Úcar, X. (1992). *La animación sociocultural*. Barcelona: Ceac.

O ENTROIDO NA ÁREA DE CARBALLIÑO

Xosé Luis Sobrado Pérez

1.- Do entroido popular ó carnaval oficial.

O entroido como xeito de expresión popular perde as súas orixes no tempo. O entroido resulta ser así unha manifestación tradicional mantida secularmente como unha necesidade humana de evasión, de lecer, de burla e calquera outro xeito que se lle queira dar a esta singular festa anual. Como tal manifestación arraigada no pobo, o entroido mantívose cunhas pautas de celebración moi semellantes –aínda que coas variantes e matices locais- nunha Galicia eminentemente rural ata hai ben poucos anos, pero semella que nestas últimas décadas parece sufrir, ó mesmo có resto da cultura e civilización tradicional, unha fonda transformación, asistindo a un feito contradictorio: por unha parte, a desaparición dese cultura tradicional leva en moitas zonas ó esquecemento de moitas destas tradicións entroidadeiras; por outra, curiosamente, esas mesmas tradicións saen reforzadas, caso dos entroidos da zona da Limia ou da comarca de Monterrei, lugares que se converten en referente galego nesas datas nas que se congregan milleiros de persoas que acoden a elas dende calquera punto da xeografía da Península Ibérica.

No caso destas terras do Carballiño a

situación é ben distinta: os loables intentos oficiais de manter vivo esta milenaria tradición, iniciados aló polos anos 80, dunha festa perseguida pola ditadura franquista durante 40 anos, provocou o rexurdimento dunha manifestación que parecía esmorecer. Pasados os anos, esta situación deu lugar a unha “oficialización” e banalización da festa, non sendo raro atopar no mesmo desfile ós históricos felos de Feás ou de Garabás no medio de comparsas de gogós e majorettes ou equipos da NBA. Isto non sería o máis grave, se cadra, o peor é que estase a converter nunha suculenta pasarela-negocio para moitas destas cuadrillas que desfilan en cada un dos lugares onde se reparten importantes premios entre as mesmas, esquecéndose, pois, dese aspecto festivo e desairado do entroido para facer do mesmo un apetitoso bocado de cartos. Iso si, os lugares onde se celebran estes desfiles son agora lugares onde se concentra unha morea humana que contempla entre a incredulidade e a admiración o paso de charangas, comparsas e demais integrantes destas comitivas, xentes que acoden como simples espectadores, sen ese carácter participativo e popular que sempre mantivo o entroido, atopando nos mesmos un xenial espectáculo no que se acaban mesturando os ritmos das chocas cos das sambas brasileiras nunha rara mestizaxe cultural sen precedentes e

que só esta festa é quen de conseguir.

Hoxe, o calendario comarcal do entroido está centrado nas localidades de Maside, Cea, O Carballiño e Boborás, lugares nos que se celebran actos e concentracións promovidos polos respectivos concellos.

2.- O calendario do entroido.

Volvendo ó entroido tradicional das terras desta nosa comarca, o calendario habitual desta festa non era moi distinto ó que rexía o de calquera outra zona do territorio galego, aínda que no noso caso cunhas variantes mínimas dunhas parroquias a outras.

Era norma cotiá o remate de tódolos desfiles en festa rachada en calquera praza ou campo onde era tradicional a concentración tanto dos que ían disfrazados como os que non, festa prezada pola colectividade que, masiva e gustosamente, participaba da mesma.

A gastronomía, sobre todo a relacionada co mundo do porco e da repostería, xogou e xoga un importante papel dentro da celebración destas festas nestas terras. Tradicionalmente, o lacón e a cachucha eran os grandes protagonistas nas mesas das casas, en tempos nos que a fartura non era precisamente o cotián. A repostería, neses días nos que o corpo está necesitado dunha dose extra de enerxía, estaba dedicada dun xeito especial á elaboración das tostadas e as filloas, tanto brancas ou das de sangue. Na actualidade, as orellas, solas ou doce de pastelería, substituíron en boa parte estes hábitos. Pola contra, o rol da carne porcina segue sendo moi importante e, a celebración da Festa da Cachucha parece lembrar que a tradición segue viva, tanto nos restaurantes que se suman a esta iniciativa como nos fogares que neses días teñen no cocido o complemento perfecto para tan significada festividade.

O calendario polo que se rexe o entroido segue mantendo unhas datas que dende hai moitos anos non se ven alteradas: domingo, luns e martes de entroido e mércores de cinza e de

enterro da sardiña. Pero non sempre foi así, existindo outras datas xa desaparecidas pero que tiveron a súa vixencia noutrora.

Sería o caso do chamado domingo Lambedoiro, en clara alusión á súa dedicación gastronómica, xa que era día de fartura no que a carne do porco invadía potes e lareiras, converténdose en protagonista da festa.

O chamado domingo Corredoiro, nomeado deste xeito porque, parece ser, era o día no que se corría o galo perseguido por unha desexosa mocidade necesitada e desexosa de festa. Nalgunhas aldeas dos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, parece que tamén se chegou a celebrar o chamado xoves de compadres e de comadres.

Pero o que nos quedou foron o domingo, día de importante actividade e no que xa se corre o entroido. Na actualidade este día é o máis importante en Boborás, lugar onde se concentra actividade máis festiva, con desfile e baile. No Carballiño dende hai varios anos, celébrase a chamada Festa da Cachucha, con xantar popular onde a carauta do porco é a protagonista.

O luns é un día de transición, con xente disfrazada pero o día máis senlleiro resulta na actualidade o do martes de entroido. Este día grande congrega a unha morea de xentes, moitas delas –como dicía- atraídas polos numerosos e importantes premios en metálico, que invaden as rúas do Carballiño, enchendo a vila de cor, música e divertimento, atopando dende as máscaras máis enxebres e tradicionais ata o último en moda carnavalesca, todo elo mesturado coa máis formidable “tecnoloxía” en transporte. Unha gran festa.

Mércores de cinza e enterro da sardiña. Segue a celebrarse cada ano na Praza Maior do Carballiño, lugar onde se concentran moitos veciños agardando o punto e final a estas festas. No Carballiño non se enterra a sardiña, senón que foi substituído pola figura dun boneco. Agora, nos últimos anos, faise un enterro, cunha importante comitiva de participantes, presidido

polo crego perfectamente vestido para a ocasión, rematando na Praza Maior, lugar onde se desenvolve o acto final no que se parodia algunha nova ou acontecemento político e social do ano.

A chegada da coresma supón o punto e aparte ata o próximo entroido. Despois de tanto exceso, vén a hora do acougo espiritual e material. A coresma tiña para o mundo cristián o sentido da moderación e das privacións despois de tanta festividade, unha vez desaparecido o don carnal.

3.- As figuras do entroido.

A zona tivo, e aínda mantén algunha, interesantes expresións figurativas propias destas festas. Sen chegar á variedade e riqueza que outras zonas da provincia atesouran, tiñan as súas peculiaridades e a importancia de seren durante moitos anos un xeito de expresión nesas datas nas que o pobo celebraba o seu entroido. Dalgunhas delas imos falar nas liñas que seguen, seguro que moitas outras perdéronse no tempo.

Os Felos de Feás. Xunto cos Felos de Garabás, resultan ser as figuras máis senlleiras desta área da que estamos a falar. O felo tradicional era unha representación que, en grupo, recorría a pé os camiños da parroquia de Feás. Ían de porta en porta, pedindo viandas para logo, unha vez rematado o entroido, montar unha boa festa co colleitado. Eran, asemade, figuras que sementaban o “terror” dos máis novos que sabían que o pasar á súa beira podían repartir algún que outro pau.

A vestimenta do felo consistía nun gorro acartonado en forma de cubo rematado por uns penachos de papel plisados e variadas cores dos que colgan numerosas cintas de diversas tonalidades sempre rechamantes. Ata non hai moitos anos, eses gorros facíanse cos almanaques vellos. Na actualidade, os felos levan a cara pintada aínda que antigamente portaban unha carauta. Dende o pescozo tapábanse cunhas colchas e uns panos sobre unha chaqueta e pantalón de cor clara. Resulta unha figura na que prima o colorido.

Outros elementos inseparables dos felos de

Feás son as chocas que penduran da cintura e que danlle o acompañamento sonoro e estridente á comitiva. Finalmente, unha longa vara na man completa a indumentaria que, como dicíamos, servía para facer tremer a máis dun.

Na actualidade saen no desfile que organiza o Concello de Boborás o domingo entroido, pero xa perderon ese espírito desafiante que tiña tan significativa figura.

Os Felos de Garabás. Ancestral manifestación do home xinete tan ligado a esta parroquia tradicionalmente coñecida polos seus numerosos tratantes gando que tiñan no cabalo o seu medio tradicional de transporte para ir de aldea en aldea e de feira en feira á procura do gando co que comerciaban.

A vestimenta é moi rica en cores e consiste nun gorro cónico de cores variados, cuberto de cintas tamén multicolores que colgan do mesmo en bo número, acompañadas de brillantes e rechamantes espellos. No pescozo un pano atado que cobre os ombreiros, chaqueta, pantalón axustado e, como bos cabaleiros, botas altas e fusta. Os cabalos, acompañantes imprescindibles deste felo, van adornados con abondosas e vistosas cintas que lle colgan do pescozo mesturadas coa crin, completando este atavío uns axóuxeres cos que fan aínda máis rechamante e sonoro o paso de tan singulares disfraces. O son das ferraduras sobre o chan aumenta a solemnidade desta figura.

Cada ano acoden á súa cita do entroido de Maside e, dende xa hai moitos, tamén son imaxe cotiá no desfile do martes no Carballiño.

Os Terelos, xenuína manifestación local da capitalidade municipal, resultou ser outra das figuras que sempre aparecían no entroido de Boborás. Malia ó seu nome masculino, trátase dun personaxe feminino, desaparecendo hai poucos anos da escena do entroido local. Consistía a súa vestimenta en coller os farrapos máis vellos das avoas –refaixos, vestidos, mandil, toquilla e pano para a cabeza-, facíase un pintado das meixelas de cor vermella e saían

ás rúas a correr en grupo o entroido. Era máis ben un personaxe infantil, reservado para os máis cativos pero foron moi numerosos e tradicionais imaxes nos días do entroido.

As corozas do Regueiro, resultan unha introdución recente –hai uns 25 anos- no entroido de Boborás promovidas polo, daquela, concelleiro de cultura Manuel Pérez Alvitos e que acadou un certo éxito entre as xentes. Recollendo a centenaria tradición que existe nas zonas máis altas deste concello na elaboración das corozas e polainas feitas en xunco –especialmente na parroquia do Regueiro-, a súa aparición foi un aporte interesante xa que, ademais de incorporar un elemento da vestimenta tradicional do concello, tivo o recoñecemento e a aceptación popular, resultando ademais unha prenda moi cómoda á hora de vestirse.

Os Rodos, non son máscaras, nin unha figura que se caracterice por ningún tipo de aditamento especial na súa vestimenta. Emblema do entroido da parroquia de Pazos de Arenteiro, na zona máis meridional do concello de Boborás, o rodo é un personaxe que corre o entroido de noite, acompañado desa ferramenta que lle dá o nome coa que peta contra o chan rachando o silencio nocturno e o sono dos veciños, enchendo de troula e ruído camiños e rúas. Os rodos seguen saíndo cada ano.

No entroido do Irixo, había outros característicos personaxes que lle daban entidade propia ó entroido. Un destes emblemas era o chamado **Serralleiro**, personaxe que dirixía os demais integrantes que compuñan a comitiva e que, cunha marra sobre o seu ombreiro, facía mover a aqueles mozos e mozas que non participaban dos bailes que acompañaban a festa. Detrás deste home, as figuras do **Vello e a Vella**, dous homes vestidos co atavío de anciáns que o seguían e que daban paso á figura dos **Novos**, numeroso grupo de máscaras ou coa cara pintada que se cubrían con colchas vellas e formaban o groso do desfile que, de parroquia en parroquia, corrían o entroi-

do o domingo, luns e martes. Hoxe desapareceron, como moitos outros que non están xa na memoria da colectividade.

As **charangas** son outros dos elementos tradicionais do entroido da vila do Carballiño. Non se pode imaxinar un estas festas sen os compases destas singulares agrupacións musicais que, cada ano, recorren as rúas co seu instrumental, estrafalarías vestimentas e moita dose de humor e desexo de troula, e ata con letras publicadas nun libriño que se reparte polos distintos establecementos da vila e nos que se cambia ad hoc as orixinais de cancións famosas por outras cheas de graza e retranca. Neste senso, a dos Liborianos é, con moito, a máis antiga e popular das que concorren cada ano. A tradición destas charangas vén de vello no Carballiño, quedando constatada a existencia das mesmas dende hai preto de setenta anos cando rivalizaban entre elas. Desta situación queda constancia ata no arquivo municipal onde se conservan os escritos mandados ó alcalde da vila para que dúas destas charangas –Rebeldes e Leales-, enfrontadas entre si, non cadrasen nas mesmas horas os días de entroido, desto xa hai 60 anos.

4.- Conclusións.

O entroido segue vivo. Malia as lóxicas transformacións que os tempos levan a cada unha das festas, esta en concreto, ten vixencia e segue calando no pobo. Acabamos de ver como certas tradicións, personaxes e costumes populares do entroido, desapareceron. Pero tamén resulta agradable ver hoxe ós máis cativos –xa iniciados nesta festa na escola- mesturados cos máis veteranos e enxebres persoeiros desta secular tradición, todos cun desexo común: pasalo ben, esquecerse dos demais días do ano e facer desta celebración unha oportunidade para a ledicia, o humor, a participación, a crítica e a retranca e, como non, manter viva esta singular festa que forma parte das máis fondas raíces dos galegos.

O ENTROIDO EN MASIDE

Xosé Ricardo Rodríguez Pérez

Investigador e xenealoxista.

Membro do Centro de Estudos Chamoso Lamas.

Membro da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia.

Membro das Seccións de Arte & Historia, e Literatura do Liceo de Ourense.

Compoñente da Coral do Liceo de Ourense.

Do Entroido que se nos foi, e case esquecido, resta: o día de comadres, de compadres e o fareleiro. Só, e menos mal, que nos colexios están na procura de non perde-la tradición dándolle ós rapaces a semente do Entroido, o dos nosos antepasados non ten volta.

Noutras terras, o Halloween saxón acontecía no outono, na véspera de Todos os Santos, pero nas de Maside xa viña de vello adiantándonos co noso ancestral costume. Os rapaces andabamos ós cabazos pequenos, a reserva da casa para face-lo caldo. Logo de baleiralos, facer o mesmiño que fan por exemplo nos EE.UU., vela no interior e unha, ou sendas caras a ambas mans. Logo de secas, saíamos polo pobo coas carautas atadas con bramantes.

É a carauta máis enxebre, o costume entroidán dos máis vellos masidaos, que se non o viviron, din que oíronlle contar ós antepasados. Logo polo entroido xa non eran as cabaciñas do outono, eran colondros e os grandes cabazos que se estaban a curar para a mata, por certo das derradeiras do ciclo anual. A mocidade ía de canastro en canastro a roubalos, coidando iso si, de deixa-la semente como testemuña.

OS ENTROIDOS DE AGORA

Na memoria, e xa non é pouco, quedáronnos os domingos ‘fareleiros’. Os mozos ían de lugar en lugar repartindo a esgalla a cada quen que atopaban nas súas correrías, ben fariña branca, farelo, ou en caso de necesidade a cinsa ou borrala, que era máis doado de facerse con ela.

Xa máis esquecido case para sempre era o costume de xuntar galos para velos pelexar, de feito sempre contra a vontade dos paisanos. Pero repetimos, tan perdido o costume que son moi poucos, e de oídas, que recordan algo desta ‘trastada’ que segundo outros era máis cousa de rapaces ou mociños, e que ademais, tamén, enmárcana polo Corpus.

No ano de 1931 unha nova cultural en Maside:

‘SOCIEDAD MUSICAL.- Esta sociedade ha elegido nueva junta directiva que la componen los siguientes señores:

Manuel Luis García, Presidente; Vicepresidente Emilio Alonso Suárez, y vocales los señores Valentín Fernández, Donato Álvarez y Antonio Vázquez.

Nuestra felicitación a la nueva junta, y

hacemos votos para que dicha sociedad continúe sus gestiones para que nuestra banda siga cosechando laureles, y continúen con los éxitos como hasta ahora.

Esta sociedad está preparando los carnavales. ('La Región', Febreiro de 1931).

Logo, pasados uns días chégannos as novas dos Entroidos do xa citado 1931 na capitalidade das Terras de Maside.

'LOS CARNAVALES.- La Sociedad Musical ha organizado una murga con el nombre de 'Gente Distinguida', proponiéndose visitar varios pueblos. Teniendo los ensayos, fue mucha la gente que escuchó los últimos temas que su director Julio Pérez y Pérez ha preparado; dicha agrupación mereció el aplauso de todos los presentes.

Forman parte de murga muchas jóvenes que la dan más realce con su belleza.

También se organiza para el domingo, lunes y martes de Carnaval unos grandiosos bailes amenizados por la Melodía

Masidense.

Creemos resultarán unos bailes como hace mucho tiempo dado el interés que el presidente de la sociedad organizadora Don Manuel Luis García y sus compañeros directivos. Fuimos invitados para ver el salón de baile y salimos encantados del buen gusto y elegancia empleados.


Para el domingo de Piñata se proponen organizar otro baile'. (La Región', Xaneiro 1931).

OS FELOS; A SÚA RAIGAME NOS FEIRANTES

'Maside es cuna de feriantes: No se entiende una feria en Galicia sin la presencia de los masidaos, más concretamente los parroquianos de Garabás, y de comerciantes de artesanía: sillas, fuelles, rateiras, cueros, aunque la principal riqueza del país consiste en el comercio de exportación de géneros de la tierra, especialmente jamones y carnes saladas, huevos, y cornezuelo de centeno. Maside y



Ano 1992: Felos na Vila dos Silleiros. A Consistoral e a súa Torre de fondo.



Ano 2009. Tres ‘Felos’ na Vila de Maside antes de percorrer a bocarribeira masidá. Toma no Domingo de Entroido, ó que o que se incorpora a muller. Foi nutrida a comitiva de Felos do martes día 24, pero non estabamos alí. Todo pulo é pouco para acada-la recuperación dunha tradición agochada, que non perdida.

Dacón acaparan el de casi toda la provincia y aún de fuera.

Desde tiempo inmemorial, los masidaos reconocibles por su invariable chaleco de picote de bayeta escarlata con mangas, practicaban el tráfico de jamones, yendo caballeros en magníficos machos o con carromatos por las ferias y por las aldeas comprando jamones para exportar, o practicando la arriería ¹.

O xeito e andares dos ‘Felos’ nas correrías liberadoras perante da invasión francesa que no noso país, viña das ensanguentadas mans do mariscal Nicolás-Jean de Dieu Soult, máis dos Dragóns do seu compatriota Armand Lebrun de La Houssaye, quen polas Terras de Maside, polo Ribeiro e Roucos, foron dominados polos guerrilleiros de Xosé Francisco González González,

alias ‘Labrador’, o garabanés de Bouzas, lugartenente de Bernardo González del Valle, co alias de ‘Cachamuíña’, nome do lugar da parroquia de Santa María de Lamela no concello ourensán de Pereiro de Aguiar, onde nacera o 23 de Marzo de 1771.

‘Cachamuíña’ asentou un dos seus cuarteis xerais en Boborás, créese que no Castelo de Castro Cavadoso (Moldes, Concello de Boborás), e o noso ‘Labrador’ nas Terras de Maside con repetidas actuacións nas batallas de Ponte San Fiz, Casardomato, San Cibrao, O Barazal, Partovia, Ponte San Clodio, Melón, Ribadavia e Francelos, e baixo o mando de ‘Cachamuíña’ na de Pazos de Arenteiro. Logo tamén na soada liberación de Vigo, loita da que por certo hai anotacións parroquiais nas Terras de Maside que aseveran que guerrilleiros desta

1 RISCO, V.: “Provincia de Orense”, en CARRERAS CANDI, F. (dir.): *Geografía General del Reino de Galicia*, Barcelona, Alberto Martín, t. V, 1936; e t. X e XI da edición fascíml de A Coruña, Ediciones Gallegas, S. A., 1980.

zona foron mortos na liberación de Vigo.

‘Labrador’ era algo máis de tres anos maior que ‘Cachamuíña’, xa que segundo a anotación no libro de bautizados da parroquia de San Pedro de Garabás, Xosé nacera o 21 de Decembro de 1767.

Os ‘Felos’, rexeitadas dúbidas, son personaxes herdeiros dos correos e comunicadores entre os guerrilleiros do rural contra a invasión francesa, e que tiñan por misión encerrar ou afoutar ás xentes contra os invasores, de aí venlle o nome de ‘Felos’, os afoutadores do pobo. A mesma argumentación nos parece que ampara ós ‘Xerais’ das Terras do Ulla. Eles foron os enlaces entre os guerrilleiros e os intelectuais, comerciantes e abades da zona, e só mudaron pouco a pouco a vestimenta, e no transcorrer dos anos adornárona para facela festiva e ata chamativa.

O ENTROIDO MASIDAO: OS OFICIOS E OS FELOS

Arrieiros, feirantes, comerciantes e os oficios ambulantes precisaban das bestas. Maside era un concello que maiormente estaba habitado por arrieiros, tratantes en gando, aves, peles, aceite, peixe salgado, cornello, cordas...etc.; actividades para as que cumprían as bestas. En case

tódalas casas era obrigado tres bestas, unha de montar, outra de carga e a outra para o relevo. Elo foi o fermento para que asentaran os ‘Felos’ e o entroido masidao da man destes emisarios especiais, personaxes que montan cabalo ou mula, e de festa en festa, baixan das bestas botan un baile coas mozas ou con mascariñas, e volven ás correrías de lugar en lugar.

Os ‘Felos’, a diferenza dos tamén así chamados noutras zonas, non cobren a faciana, levan pantalóns de boa tela, e por debaixo calzóns de liño. Empregan vara ou vergallo, e non só para fustigar á montura, senón tamén para encirra-la xente do lugar. Tamén sobre a cabeza levan pucho feito de papeis de cores, e o arredor cristaliños rectangulares pegados con engrudo e adornados con plumas de aves do curral, de pegas, corvos ou gaios. Levan polos ombreiros, do dereito ó esquerdo, un e ata dous panos floridos, que veñen a ser os mantóns ou toquillas das mulleres da casa, ou da moza, a prenda do cabaleiro. Xeitos con reminiscencias medievais.

E xa no remate ós enfeitos, as chamativas prendas do entroido masidao: fitas e as polainas de la de cores puras e cheas: azuis, vermellos, verdes e negros, aquelas que antano eran feitas a calceta pola prenda dos seus amores, pezas polas que, nos xa esquecidos tempos dos fiadeiros de



Detalle do máis enxebre dos Felos, chegados a nós.

Requeixo e de Garabás, tiñan as súas mozas e mozos, a presumir da máis lucida, e mofarse da menos axeitada.

Xa se sabe que os fiadeiros eran o contrapunto das faenas do tear. As estancias onde se instalaban os teares non se prestaban, e o traballo tampouco, a xoldra, e moito menos a brincadeira. Nos fiadeiros si había lugar para todo elo, e máis: os mozos facían as beiras ás súas prendas, engaloiábanas con copras e cantares novidosos, botaban bailes, e ata se chegaban os desafíos e pelexas entre os candidatos para amosar quen era cada quen.

Os ‘Felos’ son distintos dos Cabaleiros de Filgueira e dos chamados *Generales das Terras do Ulla*. O mesmo acontece cos tamén coñecidos ‘Felos’ da alta Limia: Sarreaus, Vilar de Barrio, Baños de Molgas e Maceda, semellantes estes ós peliqueiros de Laza, lóxico por aquilo da proximidade.

Os entroidanos e cabaleiros Lanceros, de Cotobade e dos outros concellos da Terra de Montes, visten roupa militar de gala portando bandeira, fitas de seda nos brazos, mantón atravesado no costado, capa vermella, e na cabeza pucho de cartón alto trapezoidal, cuberto de papeis de seda de cores. Nas pernas, polainas de coiro negro que asemellan ós dos militares, ou mesmamente as empregadas na roza. Algo de semellanza se atopa cos ‘Felos’.

A Guerra da Independencia da man dos guerrilleiros da Xurisdición. de Maside, do Ribeiro e do Orcellón, xustifican a presenza dos traxes militares: nos ‘Generales do Ulla’, ‘Felos de Maside’, dos ‘Cabaleiros de Filgueira’, e dos ‘Lanceros de Cotobade’. Comúns en boa parte e de semellante orixe considerando por doado que a vestimenta de todos eles ten a mesma base histórica: as prendas roubadas ós *gabachos*, ou xa máis tarde herdada dos parentes que estiveron nas guerras de Filipinas e pode que nalgún caso, poucos iso nos parece, da guerra de Cuba.

Xa que rematamos de falar do que algúns autores se atreveron a chamar a unhas persona-

xes nas Terras de Sarreaus, tamén felos, parécenos, que polo menos en parte, están nun erro, aínda que etimoloxicamente falando, pódense coñecer con ese apelativo, por canto felo provén do xermánico ‘fillón’, ‘aquele que azouta’, pero se semellan a outra personaxe limiá, ós ‘Vergalleiros’, que tamén azoutan a xente, e pode que a roupa tamén sexa do mesmo xeito: traxe composto de blusa de liño e la, chaleco negro, polainas con pompóns vermellos e faixa do mesmo cor, e a maiores na cabeza levan, a xeito de sombreiro, algo que está entre o das ‘Pantallas’ de Xinzo e o dos ‘Cigarróns’ de Laza, lóxico por canto está case equidistante de ámbalas terras.

Outra distinción dos ‘Vergalleiros’ e a de que case sempre facían sonar un corno co que invitaban, polas boas, as xentes á troula.

No entroido masidao teñen moito que ver os garabaneses, os veciños da parroquia de Garabás, onde como queda dito xurdiron os ‘Felos’.

Como acabamos de sinalar, etimoloxicamente ‘felo’ provén do xermánico ‘fillón’, ‘aquele que azouta’. Logo que estes cabaleiros foran no ‘fareleiro’ de aldea en aldea, o luns continúan o entroido masidao coa nova representación dos ‘Felos’, a estampa máis xenuína da bisbarra, que os diferencia dos outros entroidos do noroeste ourensán.

¡Velos aí veñen os Felos! Xúntanse no campo da festa de San Pantaleón, ó carón da capela do santo médico, centro neurálxico desta parroquia masidá, onde parten cara a Maside, a Vila dos Silleiros, capitalidade do concello, para face-la festa. O martes tiran cara a Ourense, non sen antes ir o Carballiño e demais pobos da bisbarra.

O ENTROIDO E A MARAGATERÍA

En zonas do noso país non sempre os forasteiros eran ben recibidos, e aínda moito peor si eran traficantes ou comerciantes ambulantes, sinal de *zonamoinadas*. Iso levou a ter en menosprezo ós ‘Maragatos’, que por certo non

sempre eran vidos desa comarca que ten como capitalidade Astorga. Tanto por Terras de Montes como polas de Maside eran ‘Maragatos’ os de procedencia zamorana, os de Terras de Aliste: Mahide, Ferreras, Cional, Codesal, Tábara, Villardecievros, etc.

Estas personaxes chegaron ata os nosos días como capítulo festivo máis do concello de Laza, a conta de ‘los castellanos zamoranos’. Os Maragatos, vendedores de pano e de máis cousas, comerciantes ambulantes que amén do oficio, con labia e con novidoso acento, acamarelaban, non sen galanteos, as mozas casadeiras, deixando a un lado ós mozos do lugar. Isto foi en tempos obxecto vingativo e de mofa, chegando o acoso con farrapos enzoufados en bosta e lama, aldraxe que asentou na tradición entroidana dese concello.

Pero non deixa de ser rechamante esta figura do ‘maragato’ zamorano si se toma en conta a relación entre as zonas de Cotobade e a Terras de Montes coa provincia de Zamora, da que proviñan eles, arrieiros e comerciantes. Esta foi moi fluída, e transcendental para ámbalas bisbarras. Zamora recibiu ós mestres en cantería e ebanistería chegados desas zonas de Pontevedra, e nestas asentaron os arrieiros e comerciantes maragatos, astorganos-zamoranos. Maragatos con polaina, chaqueta e pantalón bombacho que chegaban ata Ourense e Pontevedra polo vello camiño de Castela, desde as sanabresas Serras del Eje y de La Cabrera, que amén de delimitar as provincias de León e Zamora, non racha coa expansión dos ‘Maragatos’, ós que os máis dos 2.000 m. de altitude da serra do Teleno non os arredaba nin atrancaba, e xa non só na influencia do seu peculiar sentido de vida, tamén de asentamento de familias en amplos territorios.

Os zamoranos, como foi o caso dos chegados ás terras de Maside e asentados entre nós, eran dos concellos das Terras de Aliste, de xeito particular dos concellos de Villardecievros e do veciño Cional, este que hai pouco fusionouse co primeiro. Hoxe en día na vila de Maside hai unha ducia de familias herdeiras daqueles arrieiros, comerciantes e traficantes, amén

doutras das que non quedan pegadas.

Os zamoranos, e algún maragato tamén, vendían en Galicia e noutras rexións do país, aquela mercancía que en boa parte conseguían de idéntico xeito en Portugal: panos, viños, legumes, xabón, aceite, azucre, cacao e azafrán. E en cambio adquirían en Galicia o peixe, xamóns (pernis), touciño, cacao, azucre e coiros. O peixe na ribeira sobre todo na de Marín, e nas Terras de Maside os xamóns, os pernis, peles e sobre de todo coiros e cadeiras.

Zamora precisaba dos mestres en cantería e ebanistería chegados de ditas zonas de Pontevedra, e nesta afincáronse os arrieiros e comerciantes maragatos, astorganos-zamoranos. Unha salvidade importante referida a Maside: as nosas terras recibiron xentes de ámbalas zonas, moitos comerciantes e traficantes vidos de Zamora, e poda que foran máis os canteiros e ebanistas de ‘Terra de Montes’ que se asentaron nas Terras de Maside, máis puntualmente na



Os Felos collen o camiño da xuntanza en Garabás, parroquia que se albisca na arboreda do fondo. Mais alá a Serra da Martiñá nas Terras de Cea.



Felos na Vila de Silleiros.

‘Vila dos silleiros’. Con estas xentes sempre estivo o pobo de Maside moi vencellado, e non houbo lugar ó menosprezo e moito menos desprezo das xentes, para eses personaxes.

OS MARAGATOS OS FELOS E O ENTROIDO

Dese menosprezo, e tamén desprezo, que se encetou nas Terras de Cotobade, que tanto tiveron que ver coas de Maside, como rematamos de argumentar; nace a figura dos ‘Maragatos’, sinónimo da mascariña farrapenta, que se así se formou entre nós, chegando a ser, para mofa e escarnio, o protagonista no noso Entroido. Entre nós é unha figura despectiva sen máis, e que non pasa deso, non como aconteceu nas Terras de Cotobade, onde os ‘Maragatos’ recibían, ou case se prestaban a recibir, a mofa e insultos, e do que hoxe tan só, afastada no tempo, se recordan en Cotobade, que se foi perdendo porque a xente non se prestaba a representar ese papel, facer de ‘Maragato’, e por cumprir coa tradición, unha boa malla como agasallo.

Ós maiores contáronlle que en Maside montaban ó ‘Entroido’ nun carro feito para o caso, tirado por ovellas ou cabras, e moi ben

embelecido con ramallosa, fitas de cores, e mimosas. Din que tivo ben gañada sonda o da tamén masidá freguesía de Louredo; seu ‘Entroido’, feito de palla, ía montado nun burro, adornado como o de Maside con ramallosa, fitas e as chamadas flores do entroido, as citadas mimosas da australiana acacia, especie que chegou ata nós ‘disposta’ a todo, e en señórouse de outeiros, terreos e viñas.

Hoxe en día, e despois de que desde hai anos a agrupación veciñal e as culturais lle botaron a man, colleron o pulo que cumpría para activa-los entroidos, os de máis sonda da bisbarra, o xurdir pálpase, e aínda que só sexa a modiño, e perdendo parte do ancestral polas mesturas modernistas, aínda así xa é moito para os tempos que van.

Primeiro de que os nosos ‘Felos’ volvan do veciño Parada, levaran a troula ata a praza de Maside e alí para remata-la xornada coas comparsas, mascariñas, ‘musiqueiros’ e a agardada comitiva da ‘mascarada itinerante’, a dos amigos de Parada que teñen percorrido dende o rompello día ata a caída da noite, uns 80 km: cara a Palmés, Castro, Figueiras, Loureiro, Cornoces, Os Casares, e xa pola Terras de Maside, van a

Dacón, Carreira, O Bolo, Igrexa, a capitalidade, e Costanza, Piñeiro, Sampaio e Manzós, antes de volver Os Chaos.

Así Maside non queda ó marxe e préstase a darlle un xeito case esquecido, así anuncia a presenza de comparsas propias, onde xa intervén a veciñanza de Dacón, ‘Os Arrieiros’, e da man das asociacións culturais de Maside, e da ‘Asociación de Mulleres Rurais Santa Águeda’, da Vila dos Silleiros, pendentes iso si, de que máis persoas aproveiten a invitación para darlle máis sona se cabe a aquilo, o que entre uns e outros nos corresponde: poñe-los cementos do novo entroido masidao, que pouco se semellará o de noutrora.

Non é doado que haxa máis ‘Felos’; as bestas mandan. Aínda así se foi recuperando a crianza dos équidos. Costa mantelos, pero hai outra razón a maiores, está detrás de todo elo a Asociación Amigos do Cabalo ‘Puzo do Lago’, que fan a ‘Festa do Cabalo’, fomentan probas e participan noutras. Foron eles quen tomaron a responsabilidade de recupera-la figura dos ‘Felos’. Nesas datas deixan por unha vez o labor organizativo e soben ó escenario entroidano nas propias e embelecidas monturas.

Os ‘Felos’ tiveron permanente actividade ata o ano 1936, logo a súa presenza foi pura testemuña, pero fermento foi para chegar timidamente a erguerse desde os corenta, ata botarse a andar coa chegada da democracia.

O POUCO QUE CHEGOU ATA NÓS DO ENTROIDO DE ANTANO

¡Larpeiro, larafuzán, etc.! A acusación máis común é a de lamber a carne e todo o que deixa a xente. Total, para tres días que se vive. ¡Énchete entroido!: cacheira, chourizos, torradas (pan en leite e ovo, frito na tixola do cu máis amplo), e para face-la dixestión festa e máis festa.

Para rematar, dúas consideracións, e logo o noso corolario das Xornadas- Congreso do 17 de

Febreiro do 2009.

1ª Que o Entroido téñeno que erguer e mante-la xuventude. Pero preguntámonos se a mocidade do rural que anda no traballío por ser *urbanita*, collerá o relevo. Despois da xeración das décadas dos sesenta-setenta, que ten agora a responsabilidade do Entroido masidao, dános o fío do lombo que teremos que ve-lo Entroido en vellas fotos. Logo si habería que falar do Entroido que foi, que coidamos se está a albiscar.

2ª Para estar en primeira liña os ‘Felos’ de Maside non teñen doado futuro: teñen que mante-las bestas tamén o resto do ano, e renovar e coidar os caros traxes. Case o mesmo lles acontece os Cigarróns, Vergalleiros, Pantallas, Boteiros, Peliqueiros, Felos da Alta Limia, Irrios de Castro Caldelas, Troteiros de Bande, os Charrúas de Allariz, os Labardeiros de Toén, os Bobos de Beariz, e algún máis que non me lembro agora.

No noso caso só a xeración dos sesenta-setenta, coidamos, manterán o masidao Entroido. Os euriños que chegan da administración, sen a creba precisa, o desfigurarán e farano semellante ós santracruceiros canarios ou os cariocas.

COROLARIO

As Xornadas-Congreso coidamos terían máis sentidiño deixando as avoas na casa, que o conto do protagonismo afastador dalgúns. Só a aportación de todos, sen presumir do que xa foi e que non volverá a ser mañá, poda sirva de algo.

Non disfrutaremos dos entroidos que viron nosos antepasados, os xenuínos sen deturpar. A xuventude anda no entroido a outras lerias, e vai á capital, ou as vilas dos tan mal chamados triángulos máxicos, que non son nin unha cousa nin a outra.

O ancestral entroido rural estase a ir co despoboamento das nosas aldeas, as que lles está a pasar, magoante, como o Febreiro: ‘Non queda can nin gato, nin rato no burato...’.

ACHEGA ETNOGRÁFICA Á CELEBRACIÓN DO ENTROIDO EN VILARIÑO DE CONSO (Ourense)

Xosé Antón Fidalgo Santamariña

O topónimo Vilariño estanos remitindo a vila pequena, como certamente é. Tamén pode ter relación con *vilar* (*vinculado*) “casarío, quinta, pobo pequeno”, que sería a orixe do actual asentamento vinculado ó río Conso que lle proporciona o nome do val específico no que se empra. O asentamento de Vilariño alcanza una altitude máxima de 722 m., e está bañado polos ríos Conso e Cenza.

1.- PEGADAS A SALIENTAR DO ASENTAMENTO VILEGO:

Esta asentamento é a actual cabeceira municipal do concello do mesmo nome, distante 137 km. da capital provincial, e del dise na *Gran Enciclopedia Galega* que “ten 218 habitantes” (GEG,1974), dos que actualmente conserva soamente 151. Nin que dicir ten que a poboación actual do mesmo é moito mais baixa. Os habitantes da parroquia aparecen residindo en dous sectores ou barrios parroquiais, un máis alto, *Vilariño*, ó abrigo do monte, e outro, *A Faceira*, no plano máis baixo, asentado máis no val ó carón do curso dos ríos Conso e Conselo. Entre ambos sectores áchase a Igrexa co Padrón San

Martiño presidindo a comunidade parroquial, que presenta escaleiras exteriores de subida ó campanario, na fachada unha porta con arco de medio punto, e no interior a penas hai nada destacable, agás unhas interesantes vestimentas litúrxicas, do século XVII, coas armas dos Pimentel.

Cando un chega ó centro de Vilariño o primeiro que se percibe son as mostras dunha arquitectura moderna que rompen coa vella fisionomía de orixe rural do asentamento. As casas antigas, de pedra granítica e teitos de lousa, perderon a antiga fisionomía polas novas formas provenientes dunha adaptación pouco



Situado na ladiera do monte, o asentamento de Vilariño presenta unha arquitectura trradicional.

respectuosa co contorno. Fiestras amplas de aluminio substitúen ás antigas de madeira máis pequenas, e novas construcións, de pedra Porriño e materiais modernos importados do alén, amplían este núcleo cada vez máis próspero pero con menor engado.

Neste núcleo residencial máis antigo, situado na parte alta do asentamento, na ladeira do monte mirando ó nacente, áchanse os principios establecementos comerciais, carnicería, panadería, dúas cafeterías, supermercado, farmacia, servizo de taxi e outros. Todos aparecen por encima do poboado orixinal, ó redor dun antigo espazo comunal convertido en praza central dominado ata fai unha década pola casa do concello actualmente mudada a un lugar máis espazoso e despexado, a uns 1000 metros de distancia deste lugar, mirando ó val. Ó redor e por detrás da praza fóronse construíndo novas edificacións que comparten espazo coas máis antigas, formando un pequeno núcleo urbano. Aquí estaba situada a antiga casa do concello que foi substituída pola moderna sede actual, e están os principais establecementos que ofrecen os servizos imprescindibles á poboación municipal. Mirando ó val, aséntanse as casas máis antigas que presentan as características propias destas aldeas de montaña. Algunhas presentan portas provistas de *bufarda* horizontais, paredes de cachotería de granito e teitos de lousa delgada de xisto das canteiras da zona. Outras aproveitan o desnivel para mostrar unha falsa dobre altura que fai que o acceso á vivenda sexa pola parte superior e se aproveite a pendente do terreo para situala corte. Neste mesmo nivel atópase a fonte pública, dun cano que realza a arquitectura popular deste pequeno barrio da localidade.

Orientada ó val aparece instalada a actual casa do concello, acollendo diversas dependencias que precisan os servizos que se dispensan desde aquí. Oficina administrativa, sala de plenos, servizos xurídicos e culturais, como as instalacións do xulgado, unha oficina de información ó consumidor, a biblioteca municipal, ademais dunha ampla *sala de etnografía* con unha nutrida colección que ocupa a planta terrea da edificación. Diante da fachada principal do

edificio, está un coidado espazo con xardín presidido por unha lograda fonte de pedra de construción artesá.

Ó sector máis baixo do asentamento, *A Faceira*, chegan animosos os ríos Conso e Cenza, responsables da calidade das troitas (“*trutas*”) que o visitante, afortunado, pode degustar na casa de comidas que hai neste sector da comunidade, no que tamén se acha a área recreativa do Cenza, provista de campo de fútbol, cancha de tenis e piscinas públicas naturais, abastecidas pola a auga do Cenza.

Neste enclave espacial da Faceira é onde os afeccionados ós deportes de risco rematan os descensos de barrancos do Cenza, é onde as foliadas do carnaval cos personaxes típicos – os Boteiros, “señoritas” e “vellos” - dos diferentes pobos do concello, mostran o seo propio desfilar soando bombos e apeiros de labranza. Tamén os participantes na festa do cabrito, mercan aquí os produtos autóctonos da zona: carne (cabrito, chourizos, androlla), empanada, pan centeo, doces (bica manteigada, montonico), licores caseiros e outras excelencias culinarias da zona. Neste barrio da Faceira áchase o albergue de cazadores e pescadores, froito do acondicionamento de antigas instalacións cedidas por Iberdrola ó concello, así como outras instalacións de Iberdrola cedidas ó concello nas que funciona un o pequeno centro de saúde, e se pretende instalar un centro da terceira idade. Tamén está o colexio de EXB do concello e un bar-restaurant no que o visitante poderá comer uns menús sinxelos pero de calidade. A festa gastronómica do cabrito organizada polo concello, proporciónalle a este barrio unha cita obrigada dos visitantes do alén do concello tódolos anos o sábado e o Domingo Carnaval, á que se suman tódalas parroquias actuais do municipio. Continuando en dirección ó centro, entre os dous niveis espaciais a igrexa parroquial co cemiterio ó redor presiden a pequena comunidade de vivos e mortos parroquias, baixo o padroado de San Mamede.

Este asentamento de Vilariño de Conso é o único do concello onde o visitante pode degustar

e mercar *bica manteigada*, que ten un sabor que non debe confundirse nin coa bica de Trives, nin coa de Castro Caldelas. Vai ben á mañá, como tamén o biscoito ou o montonico que é un pastel máis apropiado para os amantes dos sabores tradicionais. Feito de leite cocido é o suplemento dunha abundante comida e complemento dunha comida escasa. O viaxeiro vai ter algunha dificultade para atopar queixo do país, debido a que por estas aldeas do concello non hai tradición de elaboralo. O leite dásele ás crías que o maman das vacas cando as engordan para vender. Pola contra, atopará filloas, arroz con leite, e, sobre todo, poderá demandar xamón, chourizos, androlla, botelo e pingueiro, que todos se semellan pero non son iguais, e outras carnes de gando vacún, cabrún, e de porco cebado con centeo, nabos, remolacha, e, mesmo, castañas que se recollen nestes soutos do *val do Conso*.

Sorprende agradablemente ao visitante a presenza nesta pequena vila dunha colección numerosa de pezas etnográficas do concello, que o visitante pode aproveitar para visitar durante a estadia no asentamento. Constitúen unha probada preocupación pola compilación desta crase de patrimonio cultural antes da segura desaparición por deterioro ou falta de uso. Trátase de centenas de elementos do patrimonio mobiliario local que serven ó espectador visitante para imaxinar o modo de vida e traballo dos membros das comunidades rurais do concello. Constitúen cada un deles outros tantos trazos da identidade dos usuarios, que nos mostran a través deles tanto os tipos de actividades agropecuarias como artesanías practicadas polos membros destas comunidades rurais.

2.- O CICLO FESTIVO DO ENTROIDO LOCAL: FOLIÓNS, BOTEIROS E CABUXOS, ESENCIA DO ENTROIDO ACTUAL DE VILARIÑO DE CONSO:

As parroquias do concello gábanse de ter cada unha o seu seo *Folión de Carnaval*. Até fai unhas décadas as Foliadas actuaban durante o ciclo do entroido desenvolvendo os papeis boteiros, vellos, señoritas, paisanos e outros

labregos aldeáns que representaban diferentes oficios artesanais. Todos eles, arroupados polo folián e demais xente do lugar, desenvolvían unha trama previamente ensaiada polas noites nos fiadeiros que viña realizando a mocidade da aldea nas semanas previas a esta festa popular. Velaí unhas cantas imaxes do folián de Entrecinsa en diferentes momentos da súa dinámica actividade, facendo soar os bombos e instrumental labrego, na propia localidade durante os ensaios, percorrendo con garbo o camiño cara o centro da capital municipal e participando nela os día grande da tempada.

Nos últimos anos a celebración do Entroido é a festa que concentra na vila a poboación do Concello, e, por elo, a máis importante de todas as que se celebran no mesmo. Durante o seu transcurso tamén ten lugar a chamada “festa do cabrito” á que están convidados tódolos foliáns de carnaval do concello e os seus seguidores.

Os personaxes protagonistas deste Entroido municipal son estes foliáns parroquiais, presididos polos Boteiros ancestrais, e, nos últimos anos tamén o cabuxo criado nestes montes da serra de Queixa que da pulo cada ano ás xornadas gastronómicas que se organizan o Sábado e Domingo de Entroido na capital municipal. A elas acoden os *Foliáns de Carnaval*, sempre capitaneados polos **Boteiros**, protagonistas inconfundibles desta ancestral celebración e os demais parroquiais mancha deles tamén disfrazados. Neste sentido, ben sexa o Sábado ou o Domingo de Entroido estes Foliáns de Carnaval parroquiais, baixan á capital desde os diferentes asentamentos do concello, capitaneados polos Boteiros que son os líderes do folián. A Xornada festiva goza de grande esplendor, que lle imprime a inicial concentración de Foliáns con tocantes, danzantes e boteiros na praza maior da vila e logo o desfile final que fan seguindo os ritmos dos enormes bombos e sonoros apeiros de labranza, desde este centro urbano ó espazo deportivo de A Faceira, no plano máis baixo do asentamento local. Ó remate da mañá son invitados a unha degustación do exquisito cabuxo criado nestes montes da serra de Queixa que abrangue o concello.



Folión e 'máscaras' de Vilarmeao, Viana do Bolo.

O día grande da tempada festiva estes “Folións” parroquiais baixan a capital municipal sempre capitaneados por unha parella de “boteiros” elixidos polos membros do grupo. Son comparsas formadas na actualidade, polos veciños das aldeas e parroquias, sen distinción de idade, nin sexo¹, que veñen desde os lugares de residencia a visita-la capital municipal, atendendo a solicitude dos organizadores do lúdico evento local.

Acostuman a estar integrados por vinte, trinta ou máis fregueses ávidos de diversión, e de mostrar ó numeroso público asistente a súa propia singularidade de actuación, consistente en facer soar uns grandes bombos de pel de cabra e variados apeiros de labranza, con un ritmo inconfundible para eles, sempre igual en cada comunidade para poder distinguirse e coñecerse uns a outros nos seus percorridos dos camiños que os levan ás aldeas que visitan para celebra-la amistosa foliada.

O Domingo de Entroido, a partir das doce da mañá van chegando por unha estreita rúa á praza

central da vila onde son observados por un numeroso público asistente. A comitiva ábrenos os portadores do panel identificador do mesmo, seguen a parella de boteiros, ou, no caso do folión de Mormetelos, o grupo de *Danzaríns*, e a continuación os demais membros do folión local, e os seus asociados ou acompañantes da localidade e os seus familiares e amigos. O folión continúa a andaina seguindo un itinerario programado que os conduce á área deportiva de A Faceira, mantendo sempre o ritmo vivo e inconfundible tanto dos Boteiros e Danzaríns, como dos estrondosos bombos, gadañas, sachos e outros apeiros agrarios con dotes de percusión que lle dan a cada “folión” o seu carácter singular.

O seu capitán, o Boteino, líder inconfundible da ben ataviada comparsa festeira, vai diante do grupo portando unha singular vestimenta distintiva que lle dá especial esplendor, complementado polas carreiras, malabares e filigranas que vai executando diante do grupo, que o sigue fiel ó seu ritmo peculiar que lle serve para guía-la marcha dos membros da comparsa.

¹ Na aldea de Entrecinsa ténseme informado de que “antes no folión de carnaval soamente entraban homes”.

Antes de continuar, debemos deternos un pouco máis na descrición do atavío deste personaxe inconfundible do *Boteiro de Vilarinho*, único membro do folián integramente vestido e personaxe típico deste Entroido local, ataviado con traxe composto de grande carauta, camisa, pantalón, faixa, cinto e moca, que paso a describir:

- **A Carauta** está feita de madeira, baleirando un toco de bidueiro, de varios quilos de peso, pintada de negro e con aberto sorriso que lle proporciona a cor vermella do bico. Leva unha figura xeométrica a modo de pantalla frontal por encima da cabeza formada por una estrutura de cartón e arame que se adorna artisticamente con papeis e fitas de cores formado debuxos variados e multicolores. A pantalla chega a ter case un metro cadrado, e o bailarín que a leva debe ter habilidade e resistencia física para aguanta-lo peso e bailar ó mesmo tempo sen quitala en ningún momento.

- **A Camisa** do boteiro está feita con cintas de cores enrugadas e cosidas. Búscase o efecto multicolor e ás veces no centro da camisa os anacos de cintas de cores forman distintas figuras xeométricas.

- **O Pantalón** deste personaxe é de seda, xeralmente de cor vermella e leva flocos nos laterais. A canela vai metida nunhas *Polainas* negras de coiro, que tamén cubre as medias do boteiro.

- Ademais leva unhas *botas* negras e unha *faixa* rubia con picos e borlas e sobre ela o cinto.

- **O Cinto** vai cheo de esquilas ou campaiñas do gando prendidas del que ó bailar o boteiro producen un gracioso tintín.

- **O bastón de mando** que porta o Boteiro na man é un báculo que leva prendida no remate unha borla que pendura paralela a el. É o símbolo do poder do boteiro. O personaxe apóiase sobre este caxato para saltar e, noutro tempo, para dar unha arriscada viravolta ou manacú que require unha certa habilidade da que xa carecen

os actuais por falta de práctica.

Esta máscara, así ataviada, sae a actuar durante o ciclo do Entroido na maioría dos lugares do concello, agás en Mormentelos, onde teñen unhas máscaras, que se nomean *danzaríns* que portan igual vestimenta ás da comarca de Manzaneda. Tamén son máscaras que “danzan” ó son marcado polos foliáns. Estes *danzaríns*, elegantes e esveltos, teñen que ensaiar abondo para poder danzar tal como o fan estes mozos e mozas das terras máis altas do concello.

Até ben avanzado o ecuador do pasado século as aldeas do concello facían as súas propias “foliadas”, que consistían na representación de pequenos sainetes nos que interviñan coñecidos personaxes como boteiros, vellos, señoritas, paisanos, e variados oficios que visitaban estes pobos como o afiador ambulante, follateiro, peneireiro, ferreiro, etc. que representaban o seu papel, con agudo humor satírico. A trama da obriña era unha crítica dos feitos sociais, políticos, relixiosos, que tiveran sucedido durante o ano na propia parroquia e municipio, e incluso no alén do mesmo.

O desenvolvemento discorría baixo a forma de diálogos ou disputas entre os personaxes de “boteiros” e as “señoritas”. Aqueles debían conquistar estas, polo que agás algunha excepción sempre remataban en voda. Logo estaban os “paisanos”, que interviñan na foliada sacando punto a tódalas cousas e meténdose coas mulleres, sendo o papel destas facer que lles tiñan mendo; e tamén aqueloutros personaxes que interveñen representando os oficios representativos da época que, por vir na maioría traballar dende o alén da comunidade, se lle atribuían e permitían máis excesos e licencias que ós dos protagonistas nativos da comunidade.

Todas estas “foliadas” se deseñaban e preparaban durante a tempada de inverno previa ó Entroido, nos “fiadeiros” que se organizaban nas casas da aldea. Os mozos do lugar xuntábanse nelas para elaboralo texto, aprendelo, e para arranxar-las bombos e os traxes que ían empregar no folián aldeá.

Para as mulleres da aldea estas “Foliadas” viñan a compensa-la prohibición de participar no folión de carnaval, que até os últimos anos era un privilexio dos homes. Con elas, a poboación moza feminina, ademais de participar da festa na propia aldea, podía ir de visita a outras do contorno como protagonista da *foliada* para representala, feito que implicaba por parte da aldea visitada a obriga de “volver a volta”, isto é corresponder ó ano seguinte coa visita a esta aldea que os visitou, levándolle a súa propia foliada.

Tamén nas aldeas onde se representaba a foliada, de contado se preparaba un provisional escenario no que actuaban os protagonistas da obra. Antes de entrar no asentamento escollido como anfitrión, un membro da foliada adiantábase solicitando o permiso de entrada a aldea. Esta solicitude de permiso de entrada, correspondíalle sempre ó Boteiro, capitán do folión visitante, que lle era concedido e respectado pola xente do pobo. Unha vez aceptada a visita, o grupo dirixíase cara un lugar no que se desenvolvería a lúdica representación do modo expresado máis arriba.

Non puidemos atopar documentos escritos –libretos, papeis, outros- contendo os texto destas tramas desenvolvida nas *foliadas* locais. O exemplos que seguen recollen algunhas mostras que algúns informantes locais sacaron da súa memoria desgastada polos anos. Pero merece deixar constancia deles, como testemuña da existencia nestas comunidades rurais dunha clase de folclore popular actualmente desaparecidos. É outra práctica que se podería rehabilitar cunha presentación e formato novos, orientados á diversión dos naturais e consumidores dun futuro turismo rural que poderían xerar estes días neste concello. Velaí as dúas únicas mostras que puiden recadar, provenientes da aldea de Entrecinsa; unha na que os protagonistas da foliada sosteñen un diálogo de encontro entre ambos, e outra que denuncia un sucedido na aldea, durante o transcurso do período anual.

Observemos o texto do encontro:

Boteiro:

*Buenos días señorita bordadora
Relumbra usted mas que el sol
Al amanecer la aurora*

Señorita:

Muy buenos días tenga usted, muy guasón

*Es usted muy guasón y atrevido
Al llamame la atención*

Boteiro:

*Perdóneme usted señorita
Si es que la he ofendido...*

Agora vexamos o texto de denuncia do sucedido:

*“El día de las comadres
Allí por la tardecita,
Me fuí muy fresca a robar
A casa de tía Basilisa.*

*De cierto que iba a robar
Pero sin mala intención
Y se echaron sobre mí
Como si fuera un ladrón”²*

Todas estas foliadas tradicionais duraban unhas dúas horas, desde que se entraba na aldea visitada ate que se despedían. Despois do remate da Guerra civil de 1936-1939, coa prohibición do Entroido tamén desaparecen estas “foliadas”, tan ben consideradas polo pobo, aínda que polo xeral os pobos continuaron cos folións, por non recibir estes tanta presión do clero, e represión da Garda Civil. O resultado ten sido que hoxe en día a tradicional celebración destas “foliadas” comunitarias, de potenciación das relacións intra e intercomunitarias teñen desaparecido mentres que os folións de carnaval coas tradicionais tambo borradas continúan vixentes e conservando o pulo de sempre.

Tamén era habitual nestes tempos a elaboración de “foguetes”, a partir dos residuos da

² Texto recollido de: ARMADA PEREZE, E.: “Entroido en Entrecinsa”. 1995. Traballo inédito. 39 páxinas, a 1,5 espazo. 20 ilustracións, 2 mapas. Depositado no Laboratorio Ourensán de Antropoloxía social. Páx. 24-25.

**‘Mázcaras’ de
Mormentelos,
Vilariño de Conso.**



estopa do liño, para ceibalos uns a outros, ás mulleres ós homes e estes á aquelas. Nesta loita xuvenil de sexos as mulleres tentan queimarlle o pelo ós homes, mentres que estes tratan de meterlle os foguetes entre as pernas ás mozas, intento que poucas veces ten éxito pero deixa constancia do sentido fertilizante da práctica popular. É sabido que tanto a este costume como ó de votarse fariña os mozos se os interpretan como prácticas populares de fomento desa fertilidade, sempre ben vista polos habitantes do campo, pois desexan que as mozas casadeiras que pasan a ser noras, seguindo as normas establecidas de residencia postnupcial, doten o fogar cunha forza de traballo abundosa para facer fronte os labores do ciclo anual agropecuario.

2.- A INSTAURADA FESTA DO CABUXO:

Por último, o ciclo de Entroido de Vilariño de Conso xa non se concibe sen a xornada de exaltación do cabuxo na nomeada “Festa do Cabrito” centrada no consumo de cabrito asado e outros produtos locais. Este xantar festivo celébrase o Domingo de Entroido tamén chamado Domingo Gordo, e por medio del os naturais tentan proxecta-las excelencias da carne do

gando ovino criado nos montes do municipio. O menú esta confeccionado a base de *chourizo* e pan, *cabrito asado* e *bica manteigada* de Vilariño.

Decenas de cabuxos son necesarias para sacia-la fame dos seguidores dos foliós parroquiais que se achegan ó marco da celebración o desfile oficial. Nas edicións que teño observado téñense consumido nesta *festa do cabrito*, milleiros de chourizos asados e mais de 150 cabuxos asados. Sêrvense a unha multitudinaria congregación de veciños, e invitados que chegan de todas partes para participar neste xantar popular, servido nas instalacións do pavillón polideportivo de Vilariño de Conso. Como sobremesa nunca falta “bica manteigada” de Vilariño de Conso”, o café e o dixestivo grolo de augardente branco, que xunto cos licores artesáns, complementan o menú desta xornada gastronómica local.

Esta “Festa do cabrito” de Vilariño de Conso, compite o mesmo día e hora coa “Festa da Androia” no concello veciño de Viana do Bolo. Cada unha reúne no comedor improvisado ó efecto, máis dun milleiro de comensais de dentro e fóra do concello anfitrión. No caso que nos ocupa, este xantar reúne un número de comen-

sais superior á poboación do municipio. Son os amantes do protagonista da comida popular, o celeberrimo cabuxo criado nos montes e mallas deste concello obxecto de estudo.

Pero non se debe esquecer que en tódalas casas aldeás do concello se crían porcos e elaboran restras de chourizos de calidade, e nalgunhas, tamén *androias*, *botelos* e *piqueiros*, ámbolos tres embutidos elaborados a base de costelas adobadas. A diferenza esta sómente en que a androia faise coa tripa do porco, o botelo co estómago ou bandullo, e o piqueiro coa parte da tripa máis gorda do animal. Xunto co lacón, xamón e os grelos, abastecen os principais menús invernaís, e especialmente na tempada de carnaval que neste concello ten un fondo enraizamento popular. Ademais están os lacóns, cachuchas, rabos e orellas do porco, que teñen un inconfundible sabor artesá. Unha mancha de casas destas aldeas segue producíndose unha colleita de viño natural, frouxo pero saudable en viñedos que cultivan no alén parroquial. Do bagazo das uvas sacan un augardente branco que empregan para elaborar variados licores artesáns para o autoconsumo e agasallar a familiares e amigos. Tamén se elaboran sobremesas de calidade como “bica manteigada” que é a máis propia do municipio, o “montónico”, a “torta de castañas”, “as tradicionais “filloas””, o “arroz con leite” e o “requeixón” ademais doutras sobremesas como o “queixo con marmelo”, “queixo con mel”, ou simplemente queixo que tamén serve para o suplemento dun copioso menú carnavalesco ou para complementar un menú máis escaso cotiá.

FONTES:

ARMADA PEREZ, E.: “Entroido en

Entrecinsa”. Traballo inédito elaborado o ano 1995. 39 páxinas, a 1,5 espazo. 20 ilustracións, 2 mapas. Depositado no Laboratorio Ourensán de Antropoloxía social.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: “*Proxecto: Patrimonio e desenvolvemento turístico e económico do Concello de Vilariño de Conso*”. Laboratorio Ourensán de Antropoloxía Social. Ourense, 2005. (Informe final inédito. de 272 páxinas a 1,5 espazo con ilustracións. Depositado no Laboratorio Ourensán de Antropoloxía social.

GARCIA, P. Informante residente na parroquia de Chaguazoso. (Vilariño de Conso). Ano 2004.

SIERRA, V. Informante da parroquia de Castiñeira. (Vilariño de Conso). Ano 2004.

VARIOS Informante da parroquia de San Mamede de Vilariño (Vilariño de Conso). Ano 2004.

VARIOS informantes da parroquia de Conso (Vilariño de Conso). Ano 2004.

VARIOS informantes da aldea de Mormentelos (Vilariño de Conso). Ano 2004.

VARIOS informantes da parroquia de Entrecinsa. (Vilariño de Conso). Ano 2004.

VEGA, A.: Informante residente na aldea de Edrada (San Mamede de Edrada, Vilariño de Conso), Ano 2005.

BIBLIOGRAFÍA:

FIDALGO SANTAMARIÑA, X. A.[et Alt.]: *Potencialidades turísticas do Oriente ourensán*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo, 2009.

FIDALGO SANTAMARIÑA X.A. (Coord.): *As Caras do Entroido Ourensán*. Fundación Caixa Galicia e/Deputación de Ourense. Ourense. 2009.

O ENTROIDO QUE LEVAMOS!

Xerardo Dasairas Valsa

Hai case trinta anos, eran moi poucos os que apostaban por que a celebración do Entroido (daquela Carnaval aínda) alcanzase as cotas de convocatoria e relevancia á que chegaron hoxe en día. A eclosión festeira que se produce en Verín a comezos dos oitenta, tivo importantes precedentes en xentes que usando da imaxinación souberon poñer en valor elementos consustanciais a esta celebración. Os aires de democracia e de liberdade que se vivían fixeron o resto. E así, esta festa acabaría abríndose a características mais urbanas, dando paso a outras celebracións semellantes noutras vilas da provincia ourensá, pondo en valor a importancia de rituais e máscaras ata esta data case ignoradas e a piques de extinción.

Son estas as datas nas que comezamos cos traballos sobre o Entroido, verba que reivindicamos como galega e introducimos, non sen reticencias, nos cartaces, e que deron lugar á publicación do libro “Os Entroidos en Terras de Monterrei” e mais tarde de “Os entroidos ancestrais da provincia de Ourense”. Coidamos que estas publicacións serviron daquela como soporte teórico – práctico desta festa e tamén como escaparate publicitario da mesma ao acudirmos tamén e por este motivo, a numerosos programas de radio e televisión, enchendo tamén bastantes monográficos

e columnas nos xornais da época.

Despois desta experiencia previa, para nós moi exitosa e gratificante, o Entroido xa se comeza a concebir como unha celebración de referencia de Ourense, valorándose, ao pouco, o seu atractivo turístico e dinamizador de vilas e pobos da provincia: Esténdense os días de celebración ao antigo calendario, recupéranse tradicións e máscaras e outros elementos modifícanse a base de mitos e costumes inexistentes.



Cigarrón de Verín. 1924.

En Verín, chega a tomar tal importancia o Entroido que mesmo sobrepasa en popularidade e participación ás festas do Lázaro, por antonomasia as máis tradicionais e antigas da vila.

E a medida que a festa crece tamén aumentan as controversias ao incrementarse o investimento e o control institucional que as converte en interese turístico en aras do que mesmo se ignoran aspectos de raigame e tradición da festa. E esta evolución / involución vertixinosa é a que leva a día de hoxe a plantexarse o tema de a onde van os entroidos ourensáns, motivo agora de reflexións e congresos necesarios, nun intre en que a festa xa é de vital importancia para a economía e promoción turística da provincia.

Non obstante, aínda hai cuestións sobre o tema que merecen dunha clarificación necesaria. Estamos a nos referir ás propostas de establece-

mento dun museo do Entroido, apoiado publicamente por certas instancias culturais oficiais e rexeitado, iso si, coa boca pequena, polas instancias locais con entroidos moi significados que tamén se cren acreedoras de tal establecemento.

Aparte diso, coidamos que desde o noso punto de vista particular, pouco se ten feito na investigación sobre a xénese das máscaras e os seus rituais, pexada quizais por un temor á desmitificación dos febles tópicos sobre elas que son os que sustentan en realidade hoxe a festa e que por iso, mesmo permiten as disgresións que se están a dar. Como sexa e, ocorra o que ocorra, seguiremos na mesma liña de interese sobre este tema que xa nos motivou hai anos. De certo que paga a pena, pois, coñecer os entresixos e avatares desta festa o que supón coñecer tamén os das nosas xentes e os do país no que viven, iso si, en tempos de festa.



Plantilla e careta correspondente (ubicada esta no Museo do Traxe de Madrid)



Plantilla e careta correspondente (ubicada esta no Museo do Pobo Galego - Santiago)



O PATRIMONIO FESTIVO COMO FACTOR DE DINAMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DA BAIXA LIMIA

Carolina Borges Veloso

A recuperación dos costumes e tradicións do entroido revalorizan o rural e fortalecen a autoestima dos seus habitantes, así como a dos seus portadores ó mesmo tempo que favorece a comunicación e o asociacionismo en vilas e pobos cada vez máis illados.

1. Introducción

Se algo ten en común o entroido da Baixa Limia é que ninguén sabe del, ninguén o coñece, e sen embargo existe, ou máis ben existía... Como en moitos outros lugares da provincia de Ourense o verdadeiro entroido só permanece vivo nos recordos da xente. As celebracións que hoxe existen fano por teima da administración local, que “organiza” e “planifica” os festexos, motivando a participación por medio de concursos premiados con cartos, etc. converténdose en actos burocráticos totalmente carentes da improvisación e dos excesos do verdadeiro entroido.

Nesta comunicación imos analizar polo miúdo as pequenas manifestacións dos entroidos que aínda existen e como, de paso, favorecen a cohesión social das vilas e pobos desta fermosa comarca.

2. O CONCELLO DE ENTRIMO

A recuperación dos antigos costumes do entroido no concello de Entrimo foron posibles grazas ós esforzos de RAIANOS, unha asociación da mocidade de todas as vilas do concello que tiñan como obxectivo dinamizalo e involucrar ós máis novos na vida asociativa da vila, mellorando a calidade de vida dos seus habitantes mediante a realización de actividades culturais e sociais.

Tivo unha vida corta, pero intensa. Dedicaron a súa actividade e os seus esforzos a recuperación de varias festas e expresións culturais, involucrando a vellos e novos, nun labor que non sería posible sen a axuda e sen a estreita colaboración da xente do pobo.

O nacemento da asociación foi promovido polo Concello tralo cambio de goberno municipal.

Entre os seus logros están os da recuperación da empanada Forquellas, con carne de cachena; o magosto e a festa de San Xoán. Pero o obxecto da nosa atención é o seu traballo con respecto a recuperación do entroido en Entrimo.

Todo comezou coas inquedanzas da súa presidenta, Beatriz Pereira Rodríguez, que sempre escoitara falar do divertido que era e do moito que se implicaba a xente. Obtivo as primeiras pistas do que fora esa festa do que lle contaba a súa avoa, e aumentou esta información cando descubriu no apartado de Etnografía da “Historia de Galiza”, dirixida por Otero Pedrayo, o relato que Xaquín Lorenzo Fernández facía do entroido de Entrimo. Ese foi o pulo que necesitaba para iniciar a recuperación do entroido. Beatriz suxeriu ao resto dos asociados que aceptaron de bo grado. Nesta implicación radica o éxito da acción. Esa foi a primeira parte de todo o proceso: a investigación e a recollida de información. Cada membro da asociación comezou a súa busca persoal de información e entre o traballo de todos reconstruíron o que fora o entroido, coas peculiaridades de cada zona.

Descubriron que no entroido había distintas personaxes e cada un tiña unha función, un papel a representar, no que troula e os excesos enchían os festexos, pero a ninguén lle parecía mal, “*cousas do entroido*”, dicían.

Descubriron que, como acontece noutras

zonas da provincia de Ourense, o entroido buscaba ridiculizar a personaxes ricos e ben coñecidos da vila ou da época, en definitiva, burlarse do señorío a través da sátira e da ironía.

As persoas vestidas de entroido paseaban en grupos polos pobos de Entrimo representando o seu papel.

A pesar de non ser un entroido moi coñecido, tampouco na actualidade, si que era moi completo. Entre os seus elementos están, tendo en conta as peculiaridades de cada zona, gaitero, cabezudos, carrozas, madamitas e madamitos (ou cabaleiros e galáns) e os forralleiros, así como múltiples xogos e bromas.

Agora pasemos a describilos seus elementos:

O Gaitero

Como en todas as festas do entroido a música tradicional é unha constante. Desta encargábase un gaitero vestido de negro, coa cara pintada e co fol da gaita tamén preto. Era o iniciador da festa e tocaba pezas ben coñecidas por todos. Os demais bailaban ó ritmo que este tocaba.



Madamito e madamita de Entrimo. Debuxo de Xaquín Lorenzo en “Historia de Galiza”.

Os Cabezudos, Xigantes ou Paiasos

Un elemento moi importante eran os cabezudos. Estes eran figuras de cartón-pedra que ridiculizaban a personaxes da época. Algúns de estas personaxes era os chamados reis católicos. A xente non recorda a que se debe ese nome. Suponse que farían referencia a xente da vila con este alcume.

Madamas, madamitos e galáns

As madamitas, madamitos e os cabaleiros (cando viñan a caballo) caracterízanse por levar unha máscara e unha vestidura fermosa. A roupa é toda branca chea de encaixes e volantes, pero levan unha serie de elementos rechamantes. Estes personaxes pretendían arremedar ó señorío da vila.

A vestimenta variaba en función do sexo. Os homes vestían todo de branco. Para arriba levaban unha camisa branca e debaixo unhas enaguas de pantalón, con moitos volantes e puntillas. Para abaixo uns calcetíns brancos e unhas alpargatas. Á cintura levaban unha gran tela vermella, a conxunto con unha capa vermella tamén. Ó redor da cintura levaban un cinto de

chocallos que facía moito ruído, unha constante no entroido galego. Algúns empregaban unha especie de garabata de cores o pescozo ou un pano a modo de garabata. Na cabeza levaban un chapeu de pico de cores de cartón, do que da punta caían cintas de varias cores, ou con plumas. A cara tapábana cunha careta branca feita de cortiza ou de cartón, na que debuxaban uns bigotes negros alargados. Nas mans portaban unha verga coa que facían a troula.

As mulleres vestían saia de enaguas de puntillas e camisa branca, calcetíns brancos e zapatos de tacón, ou os máis finos que tiveran. Ás costas púñanse unha toquilla de cor vermella preferentemente, con flocos e moi adornada. Na cabeza levaban un chapeu de palla, con un velo caendo do mesmo ata os ombreiros. As mulleres usaban bolso e abanico, como os complementos que lucían as grandes señoras.

O seu papel, como dixemos, era burlarse do señorío. A vara de vimbio que levaban aproveitábana para meterse coa xente, e sobre todo dedicábanse a arremedala e bailar facendo soar os chocallos. As madamas e madamitos saían agrupados por parellas. Noutras zonas de Entrimo estaban os cabaleiros, que levaban unhas roupas semellantes pero que se chamaban así porque andaban polo pobos a caballo.

O Carro

Un dos elementos máis importantes eran os carros, sobre todo polo xogo que daban. Facer un carro bonito era unha honra para o pobo, e había moita competitividade. O pobo que non o facía perdía o creto.

Este carro era adornado con flores e toda clase de herbas, na que as protagonistas, pola súa abundancia, eran as mimosas e as



Desfile de Madamitos e Madamitas polas rúas de Entrimo no Entroido de 2007.

camelias. Trenzábanas de tal xeito que non se recoñecía o carro.

Pero este carro era máis que un adorno do entroido, tiña un xogo semellante ó do meco. Como dixemos antes, o pobo que non o presentaba era e sería avergoñado por sempre xamais. Tanto así era, que os mozos e mozas de cada pobo, ás agachadas, roubábanlle o carro ó resto dos pobos. Tal era a competitividade que chegaban a durmir enriba do carro, para que non llo roubasen e escondesen pola noite. Sobre iso hai varias anécdotas ó respecto, como unha moi sonada como a de un mozo que quedou encargado para custodiar o carro; á noite, a mocidade da aldea veciña roubou o carro co rapaz dentro, que non se deu conta de nada, e espertou á mañá seguinte, no medio do monte.

Pero non soamente adornaban o carro, senón tamén os bois, nos que nos cornos lle puñan laranxas e flores.

Logo, xuntábanse tódolos carros e batíanse palmas, os máis aplaudidos eran os gañadores, e parece ser que se lles daba un agasallo.

Os Forralleiros ou Faranduleiros

Os forralleiros eran o punto divertido e traste do entroido. Era xente disfrazada de vella ou vello, con farrapos e roupa lixada. Levaban sacos cheos de borralla, que tiraban a discreción.

Posta en práctica.

Unha vez recompilada toda a información era o momento de poñela en práctica no próximo entroido. Para iso precisaban cartos, que foron cedidos polo Concello. Os cartos investíronos nos materiais para a elaboración dos traxes.

Aquel ano, elaboraron as máscaras dos cabezudos, seis parellas de madamitas e madamitos, cinco carrozas e moitos forralleiros. Neste proceso eran continuamente asesorados polos expertos na materia, os maiores do concello.

A posta en marcha de todo isto foi mediante un desfile o domingo e o martes de entroido.

Un dos maiores logros desta actividade a nivel social foi a forma na que, de xeito totalmente natural se favoreceu a comunicación e o diálogo interxeneracional, así como o desenvolvemento da autoestima da xente do rural en xeral, e das persoas maiores en particular. Ao ir difundíndose o rumor de que un grupo estaba a indagar sobre o entroido, persoas voluntarias contribuíron con fotos, datos e ofrecendo a súa colaboración na elaboración dos traxes ou na organización do desfile.

Esta fase de pescuda é un valor en si mesma, pois favorece a comunicación e o diálogo interxeneracional, a recuperación da cultura popular e a favorece a vida comunitaria e a iniciativa popular.

3. CONCELLO DE BANDE

Segundo informou o concello, os *troteiros* recuperáronse activamente, por iniciativa popular, no ano 2000. Levaban desaparecidos case 50 anos e só os máis vellos os lembraban e algúns mozos escoitaran falar deles. Neste feito o franquismo tivo un papel fundamental no discorrer do entroido, pois estivo prohibido disfrazarse e taparse a cara até 1954.

O proceso de recuperación foi o seguinte: primeiro indagaron sobre como era naquelas épocas até dar co carácter e a roupa típica destas festas na zona. Como se involucrou xente de diversas vilas do concello, descubriron que o disface variaba en función do pobo, pero optaron por crear un modelo único, con certas modificacións cos materiais adaptadas os novos tempos e recursos.

No 2000 comezaron a saír de novo os *troteiros* polas rúas de Bande e a participación foi aumentando até o ano 2009. Tanto é así que se está a constituír unha asociación do *Troteiro*, aínda que leva en funcionamento á sombra dende hai tempo.

Vestimenta dos Troteiros:

Como xa se dixo, as máscaras propias de Bande son os “Troteiros”. Os seu nome ten a súa orixe en que as antigas máscaras ían “trotando” por tódalas aldeas e levaban os entroidos a tódalas vilas.

En Bande, os “Troteiros” comezaban a percorrer as rúas e pobos dende Reis.

Había un traxe para os homes e outro para as mulleres.



Troteiros nunha aldea do concello de Bande.

O traxe de home consistía nunha camisa branca adornada con hedra e unha capa de gancho branca colocada nas costas, os cuadrantes, e algúns levaban bordados as iniciais de quen o vestía. Noutras ocasións eran fundas de coxíns ou almofadas. Nos ombreiros colocaban dous adornos de gancho tamén, dos que colgaban cintas de cores. Completaba a vestimenta un calzón de lenzo branco (chamado cirolas), longo até máis de media perna con hedras igual que ás da camisa. Podían levar unhas polainas de coiro e uns zapatos negros, aínda que se baralla a posibilidade de que fosen chancas. Como accesorios, o traxe levaba unhas chocas á cintura, para espantar os malos espíritos.

Na cara puñan unha careta branca ou o máis enxebre, un tapete de mesa de gancho. O tapete enganchábase o sombreiro de palla que cubría a cabeza e o pescozo.

O sombreiro adórnase con postais antigas que os mozos enviaban ás mozas dende a servizo militar, e un espello á fronte contra o mal de ollo e as bruxas.

Un pau é o aparello que os *troteiros* levaban na man e co que se metían coa xente e facían barullo. Estes *troteiros* ían polas aldeas armando troula e tiñan licenza para levantarlle a saia ás mozas, baterlle á xente e burlarse dela, pero ninguén podía meterse con eles, como pasa cos cigarróns (en Verín), peliqueiros (en Laza) e

pantallas (en Xinzo), xa que teñen inmunidade.

O traxe de muller é semellante ó do home. Neste caso elas levaban enaguas brancas con bordados e encaixes. Para arriba vestían blusas con volantes nos puños e puntilla no pescozo e nas mans luvas, brancas tamén.

Outros costumes do entroido de Bande eran, e aínda se conservan na actualidade, o enterro da sardiña e a queima do entroido.

Os Troteiros na actualidade

Na actualidade soen saír o Domingo e Martes. Dende o 2009 tense planeado levar o Entroido ás aldeas. Antes facíase tres fins de semana antes do entroido, e dividíanse as parroquias para acudir a todas en tres sesións, este ano, por falta de organización, só se sae dous fin de semana antes da data oficial do entroido.

O Concello apoia ós *Troteiros* ofrecendo publicidade e apoio material e loxístico, pero todo nace do interese dos propios *Troteiros*.

Os máis novos son de 3 ou 4 anos, e os máis vellos, de entre 50 e 60. Na última saída ás aldeas, no 2008, os máis novos tiñan 16 anos e os máis vellos 35.

O domingo de Entroido poden xuntarse até

60 persoas, pero pola tarde a participación diminúe á metade, polas comparsas, e premio ás mesmas, entón a xente prefere participar nesta modalidade.

4. CONCELLO DE LOBIOS

En Lobios existían varios costumes de entroido con certa similitude coa festa de Bande e de Entrimo. Hoxe en día só quedan unhas moi pequenas manifestacións, e unha pequena parte delas persisten por teima do concello.

Imos a falar dos costumes do entroido en xeral deste concello, pero sobre todo vamos a centrarnos na parroquia de Torno, que engloba os pobos de Ganceiros, Xendive, Torno e a Lama.

Nesta parroquia de poucos habitantes, a festa do entroido era uns dos acontecementos máis agardados, tanto por mozos/as e vellos/as. Non tanto así polos nenos/as, que temían os entroidos que entraban nas casas de noite, coa cara tapada e facendo barullo e filigranas estrañas que os *acañaban*.

Nesta parroquia, especialmente os pobos de Ganceiros e Xendive, vivían enfrontados e amizados polo entroido. Competían entre eles polo traxe, polo carro, polo burro (o boneco do entroido) e polo testamento.

Os entroidos empezaban a percorrer as rúas do pobo pouco despois de reis.

A vestimenta:

Segundo recordan os máis vellos do lugar, a vestimenta era libre, cada un usaba o que podía ou o que tiña, pero si que había unha roupa que se repetía con moita frecuencia.

Os homes vestían con unhas enaguas de muller, preferiblemente en saia ou en pantalón, adornada con puntillas de gancho, cunhas medias brancas. Á cintura levaban os chocallos da vaca, cos que facían soar movendo a cintura e saltando, arriba levaban unha camisa branca e

unha capa ou unha toquilla con bordados. Na cabeza levaban chapeu de palla, e na cara unha careta de cortiza ou cartón.

Outros vestíanse coas fundas de traballo, sempre tapando a cara para non ser recoñecidos.

Había outra máscara que, ó igual que pasa co entroido de Entrimo, desempeñaba o labor cómica. Era unha persoa disfrazada con farrapos, sucia, facendo de pobre ou de vella, e na que levaba un saquiño no que gardaba cinsa e despois fariña, e botábanlla a xente. Pero o máis frecuente era que empregasen o “trote”, a ferramenta coa que se limpaba o forno, que estaba cheo de cinsa, así que é fácil imaxinarse o resultado.

Todos estes disfraces foron evolucionando, xa que tamén teñen outros recordos de persoas



Burro colgado no linde entre as aldeas de Ganceiros e Xendive (Lobios).

do pobo que, ó non ter roupa ou querelo así, para disfrazarse empregaban unhas sabas ou colchas coas que taparse enteiros, da cabeza ós pes. Para atala o que facían era colocar unha serie de paus na cabeza (a modo de tenda de campaña) e axudarse coa man para que o cubrise totalmente.

Os maiores contan que ámbolos dous pobos, vestidos de entroido, xuntábanse no “Pereiro”, lugar que divide os pobos de Ganceiros e Xendive, e provocábanse uns a outros, pero sen cruza-la fronteira. Este ritual era medio en serio medio en broma, pero o certo é que a xente o recorda con moito entusiasmo.

O Carro


A presenza do carro é outra constante no entroido ourensán. Cada pobo competía por decorar o seu carro. A xuventude estaba tan involucrada que cometían auténticos excesos con tal de presentar o mellor carro e arruinar o do pobo rival. Para todo isto decoraban o carro con flores, froitos e xestas,... e nesta parroquia chegaban a roubar o carro do pobo veciño, ou incluso quitarlle as rodas,...

O Burro

O burro non fai referencia a ningún animal, senón a unha burla/brincadeira que había entre os pobos mencionados. O burro era un boneco de palla, tamén chamado entroido. Cada pobo facía o seu, un home ou unha muller. Cada un inventaba os detalles divertidos, e a noite do martes, pasábanse espertos ata a madrugada para deixar o entroido no outro pobo. Se era unha muller deixábaselle á porta da casa dun home, e viceversa. Esa noite andaban á teima. E a quen lle quedase o entroido era o “burro” durante o resto do ano.

O Testamento do Burro

O último día de entroido líase o testamento do burro encima do carro, unhas coplas que escribía unha persoa coñecida do pobo e na que non se escapaba ningún veciño. O xeito de escribilas era con pequenas rimas nas que se fa-



Testamento do Burro de Ganceiros e Xendive do ano 2009.

laba do gando que morrera ese ano no pobo e se repartía entre os veciños, dende a rabo até os miolos.

Isto era motivo de burla todo o ano e algunhas coplas inda son recordadas en certos detalles hoxe en día polos máis vellos.

Na actualidade:

Hoxe en día perdura a cerimonia do carro, pero xa non como competición entre os dous pobos senón en Lobios, coma competición entre todo o concello. Pero perdeuse toda a festa previa, esa brincadeira propia do verdadeiro entroido, a improvisación e a espontaneidade viuse seriamente reducida e con iso gran parte da diversión.

En canto ós entroidos si que seguen saíndo polo pobo, pero cada ano menos, e nesta ocasión

TESTAMENTO DO BURRO

Bos días a todos
que vexa alegre esas caras
que solo son catro cousinhas
con outras tantas argalladas.

Como en todas estas cousas
salpicamos un pouquiño
pero han de ser con respecto
e tamén co meu cariño.

Esta xente de Xendive
non son nada entroideiros
pra ver un bo entroido
hai que ver o de Ganceiros.

O magosto foi ordenado
así case de repente
pero pasámolo tan ben
que daba gusto ver a xente.

A xente que o organizou
hai que llo agradecer

que a maior parte de nós
so fomos comer e beber.

Tocando a pandeireta
as vellas cas novas moito riron
tanto lles gustou
que o día seguinte repetiron.

Houbo algunha xente
que o nome a escola lle quixo
cambiar
pero somos de carallo
que o alcalde fomos protestar.

As mulleres de Ganceiros
sonche todas moi valentes
se lles levas a contraria
o mellor danche nos dentes.

Os veciños de Xendive
andan todos que rabeán
eles tamén querían magosto
e pra San Xoán duas berbenas.

Ai parentes de Xendive,
eiquí facemos marabillas
ninguén pide pa festa
hasta que falten poucos días.

Ai veciños deste pueblo
eu non vos quero molestar
que estas coplas que eiqui escribo
so o fago pra brincar.

Este meco eiqui presente
quérevos recordar
que pra ter boa sorte
vadesme ter que queimar.

Agora me despido
voume descansar
que teño a zenoria
a punto de rebentar.

Entroido Ganceiros. Ano 2009.

os vellos do pobo son tan agradecidos que dan cartos. Pero sempre hai algún, ou algunha espon-tánea na que revive a forza do entroido, gastando bromas pesadas, e arremedando a xente, e sempre coa cara tapada. Tamén sucede que entroidos dun pobo van a outros pobos, polas casas, para ser invitados a licor café e doces.

O testamento si que rematou por completo, segundo se di por motivos “políticos”. As burlas deixaron de tomarse a ben e pasaron a vivirse como ofensa.

Dende o concello tentouse recuperar esta divertida tradición e no ano 2008 tivo lugar unha lectura do testamento por dous mozos ben divertidos do pobo, con un resultado moi positivo. No ano 2009 fixose un certame de testamentos pero non tivo éxito e ninguén se animou a escribilos ou lelos.

5. CONCELLO DE LOBEIRA

Deste entroido si que podemos dicir que non

hai nin rastro, e dende hai moitos anos. Quizás o rastro máis habitual foi o que queda no vocabulario da xente. A palabra “carantoño” é frecuente para chamarlle a alguén feo ou como adxectivo afectuoso ou burlesco. *Carantoño* era a máscara do entroido de Lobeira, segundo Federico Cocho. Segundo outros informantes do concello de Lobios *carantoños* eran os entroidos que viñan da fóra do concello.

En canto aparencia e carácter era bastante similar ós “troteiros”, “madamitas” e os “entroidos” de Lobios.

A vestimenta

Foi bastante difícil atopar unha descrición precisa da vestimenta deste entroido no que sempre existen pequenas variacións, non tanto así do seu carácter. Por este motivo, parte da descrición que aparece de seguido baséase nos datos recompilados por O Xocas, na *Revista Nós*.

Levaban unha camisa e na cintura un cordel cheo de chocallos que facían soar con brincos e

carreiras. Nas pernas levábanas envoltas con flocos de borlas.

Ocultaban a cara cunha careta de madeira pintada, e na cabeza levaban un chapeu terminado en punta, como os madamitos de Entrimo.

Os entroidos de Lobeira levaban na man un pau e empregábano para mallar a calquera persoa que atoparan no camiño, e, ó igual que acontece con outros entroidos, tiñan inmunidade.

Outro costume perdido a par que estraña, era unha carreira de cabalos que facían os mozos nesas datas. Nestas carreiras participaban mozos de tódolos pobos do concello. O funcionamento era sinxelo, púñanse todos xuntos na zona de saída e a un sinal comezaban a correr até que o primeiro chegaba ó fin do camiño.

CONCLUSIÓNS

Como se puido observar facilmente, os entroidos de Bande, Entrimo, Lobios e Lobeira, son similares en canto a vestimenta coma os costumes. E ó igual que o resto están a piques de desaparecer, se non o fixeron xa.

Como se dixo ó inicio desta comunicación, a maior parte das manifestacións actuais do entroido fano por teima da administración e non tanto da xente. Foméntase a participación por medio de motivacións externas, como os cartos e os concursos de disfraces. Por iso teñen tanto mérito as iniciativas para a recuperación do entroido autóctono descritas, porque os protagonistas son as propias veciñas/os, motivados polas súas inqedanzas e desexos. Estas iniciativas xorden e se desenvolven dun xeito moi natural, e traen consigo unha chea de beneficios para a comunidade.

Por unha banda reforzan a identidade social e colectiva, fomentan a participación na vida comunitaria e a cooperación, o diálogo interxeneracional e o protagonismo das persoas maiores, reforzan a autoestima da xente da vila, favorece o turismo, a parte de divertir cooperativamente.

A recuperación dos costumes e tradicións do entroido revalorizan o rural e fortalecen a autoestima dos seus habitantes, así como a dos seus portadores ó mesmo tempo que favorece a comunicación e o asociacionismo en vilas e pobos cada vez máis illados.

O Entroido, como se ven de describir nesta comunicación configura un dos nosos patróns de identidade máis senlleiros e importantes, xa que é unha expresión máis da vida do rural galego, onde persiste ás acometidas dun lecer dirixido que representa un modelo de vida que se instala, de xeito vertixinoso, no chan galego.

Noutrora, esta festa de “entrada da primavera”, por ser ese o verdadeiro e primitivo significado do Entroido, representaba un momento de suma importancia na vida social das aldeas, e por extensión, de todo o territorio. Hoxe, este significado deturpouse, e non é máis que unha escusa para un festexo “centralizado”, carente do compoñente satírico co que naceu, ou que pasou de ser cara os propios veciños e institucións, para ser cara de personaxes da vida pública que nos transmiten as ferramentas do consumismo.

A vida social no rural galego artellábase en función dos festexo anuais que representaban momentos importantes, pois ademais de marcar o cambio nas estacións marcaban o comezo dun novo período no almanaque agrario, o magosto daba paso ao inverno, tempo de menores cargas na terra, non así co gando, o entroido sinalaba a chegada do tempo de preparar as terras para sementalas, ben fose de patacas, de millo ou outros alimentos... Así pois, a chegada destas festas era agardada con ilusión polos veciños. Hoxe, a oferta de recursos lúdicos é tan ampla ou modificouse tanto, que este tipo de festa non gaña en importancia a calquera outra, moito máis modernas ou menos autóctonas.

Como se apuntou con anterioridade, a punta de mira do Entroido mudou de xeito acelerado nas últimas décadas, pasando de ser unha representación local dun acto laico para ser un evento masivo e excesivamente preparado.

Poida que neste punto teña que ver o silencio ao que foi sometido o Carnaval polo réxime franquista, que calou os entroidos populares, pero non así os máis rurais, polo que ao quedar levantada esa presión, o entroido urbano evolucionou máis, co que o interese por parte da xente tamén foi maior.

Na análise do entroido, coido que cómpre fuxir do folclorismo, que tanto axuda na comprensión da nosa cultura, mais neste punto concreto, o simplismo ao que nos pode relegar é perigoso. Unha consideración van do Entroido podería levarnos a pensar que é aquela festa na que uns se botan fariña a outros e deixar de lado o compoñente que ten de crítica, de berro social e popular, pois as licenzas que outorga esta festa non pertencen a máis ningunha, son xenuínas e intransferibles, polo que o significado do Entroido transcende de longo o concepto lixeiro de festa.

O Entroido” centralizado” e “dirixido” é, na miña opinión, unha solución e ao tempo un problema. Solución en canto á realidade que vive o Entroido no rural, pois é unha iniciativa de xuntar esforzos e ideas, pero convértese irremediabilmente nun problema ao ser culpable da estocada final a pequenas manifestacións xenuínas.

Os propios traballos de pescuda serven para favorecer a recuperación, conservación ou dinamización da nosa cultura, por unha banda, polo propio feito en si, por procurar e recoller información, e por outra, porque o propio foco da investigación, o testemuño das persoas da Baixa Limia neste caso, sofre un proceso de mellora, ao estar os seus portadores cunha maior achegar de motivación e de dignificación do propio.

Este traballo ten por obxectivo poñer en valor unha das potencialidades da zona da Baixa Limia, unha comarca chea de recursos infravalorados por unha serie de factores que son comúns na maioría do rural galego. Esta análise, é por tanto, una defensa e unha dignificación dunha representación antiga que pode e debe vivir hoxe, canda nós, por ser peza do quebracabezas da nosa cultura, onde existe o lugar para a crítica cívica dos feitos que ocorren no ano, por ser o momento no que se propician encontros amigables entre os veciños, por ser un pulo máis na vida social e dinámica das aldeas, por ser un pozo de creatividade onde caben as ideas máis falcatrueiras que poidan chegar á cabeza, e noutra liña, por ser un valor de interese turístico, punto importante ao coñecer a realidade económica da zona, onde os investimentos relacionados co turismo medran.

E finalmente, con este documento apóstase por unha vida no rural plena, coas manifestacións culturais completas, coas relacións veciñais dignificadas e valorizadas, e cunha expresión de vida que non lle dea as costas ás raíces, pois como versa un vello dito galego: “*persoa sen raíz, non medra*”.

BIBLIOGRAFÍA

- Cocho, F. (2008). *O Carnaval en Galicia*.
Lourenzo, X (1934). *Notas encol do Antroido en Lobeira*. En Nós, nº 124, Tomo 11, pax.: 91-92.
Lourenzo, X. (1979). *Historia de Galiza*, Vol. I

Agradecementos ó Concello de Bande e a ex-presidenta da asociación Raianos, Beatriz Pereira Rodríguez, do Concello de Entrimo e a todas as persoas que contribuíron a redacción de esta comunicación cos seus testemuños.

O CENTRO DE INTERPRETACIÓN VIRTUAL DO ENTROIDO GALEGO DO COLECTIVO “HOMO LUDENS”

Daniel Rodríguez Enríquez

O portal web www.entroido.eu é o resultado do traballo conxunto dun grupo de persoas vencelladas directamente con diferentes entroidos da provincia de Ourense, cun interese común no estudo das características e transformacións que definen as múltiples manifestacións do Entroido en Galicia, e na súa difusión como bens cultu-rais vivos dos que, cando menos, tódolos galegos somos responsables.

Neste senso, o portal preséntase como unha ferramenta informativa dirixida fundamentalmente a tres tipos de “visitantes” ben diferenciados:

Por unha banda consideramos de especial relevancia o vencellamento co noso traballo, daquelas persoas que podemos definir como depositarios directos da herdanza cultural do entroido, é dicir os habitantes das localidades nas que ten lugar a festa e verdadeiros garantes da súa sustentabilidade.

O seguinte grupo ao que nos diriximos é o formado por persoas interesadas en acudir ao entroido como espectadoras ou participantes ocasionais.

O terceiro grupo estaría formado por estu-

dosos do entroido, etnólogos e sociólogos, para os que coidamos que a presentación conxunta dos entroidos pode supoñer unha axuda de gran interese á hora de establecer relacións e diferenzas entre uns e outros ou para extraer exemplos e mesmo conclusións sobre temas de indubidable valor como pode ser a evolución de determinadas pautas de comportamento en entornos rurais, urbanos ou semiurbanos.

Respecto da estrutura de www.entroido.eu, existen dous grandes bloques de información vencellados entre si:

O primeiro deles conforma o “**Centro de Interpretación Virtual do Entroido Galego**” propiamente dito e presenta o seu contido mediante dúas entradas principais: “**Cousas de Entroido**” (ritos, costumes e representacións), e “**Criaturas**” (máscaras).

O segundo bloque, baixo a denominación de “**Recursos**”, complementa ao primeiro con información sobre gastronomía e festas gastronómicas vencelladas ao entroido e acolle ademais o “**arquivo do entroido galego**” que reunirá en formato dixital, material gráfico, audiovisual e sonoro relativo aos diferentes entroidos de Galicia.

O portal complétase con un “**Calendario**” no que se recollen os principais eventos que constitúen o ciclo do entroido galego e con un “**Blog**” que funciona como soporte para a comunicación de novas e a publicación de artigos que nos permitan amplia-la información contida noutras seccións, presentar outros temas de interese e ademais brinda-la posibilidade de xerar debates entre os visitantes a través da opción de “**comentarios**”.

Dende Homo Ludens, coidamos dende un principio que o único xeito posible de afrontar un traballo de difusión do Entroido galego como este, con certa garantía de éxito, era a participación directa de persoas vencelladas con cada un dos entroidos que fósemos a tratar e así se recollía nunha das estratexias de desenvolvemento que aparecen no documento orixinal do proxecto:

“Devido á súa proximidade e coñecemento inmediato das características de cada entroido, será imprescindible a colaboración dos axentes locais implicados na conservación e difusión destas festas, así como de aqueles outros que sexan representativos do entramado social de cada localidade”.

Nesta dirección apunta tamén unha das conclusións recollidas na acta do debate entre representantes de diferentes entroidos da provincia de

Ourense celebrado con ocasión da “**II Xornada sobre o Entroido. O Entroido e o Turismo**” que tivo lugar en Ourense o 25 de Xaneiro de 2008:

“Se ben é certo que o valor do entroido como herdanza cultural debe primar sobre o seu valor como recurso económico, tamén o é que o entroido, por ser un ben vivo en constante transformación, en tanto que inseparable da sociedade mutable que o celebra, non pode ser sometido a unha “conxelación” coa fin de ofrecelo tal como era, para sempre e para todos; máis ben será preciso atender á traxectoria de motivacións e significados que unen o entroido tradicional e o actual para garantir a súa sustentabilidade.”

Nesta primeira fase na que www.entroido.eu comeza a súa andadura, o interese principal de Homo Ludens é amplia-la lista de colaboradores que fagan avanzar realmente o proxecto cara os seus obxectivos. Por este motivo e coa fin de aproveitar ao máximo a oportunidade que nos brindan os organizadores destas xornadas, o enfoque xeral da nosa comunicación será o de presenta-lo portal como unha ferramenta de difusión de gran valor, pero que precisa da participación das persoas que dan forma e significado ao Entroido galego e que están concienciadas do seu valor como ben cultural.

O ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA

Elaboración Textos:
Saburido Novoa, X. L. e Fariñas Diz, J.

O Entroido, deriva do latín “introitos”, que indica a entrada, o comezo do ano ou da primavera. Ten a súa orixe nas cerimoniais que os pobos primitivos organizaban para conmemorar e favorecer o nacemento do ano novo, cando a vexetación brota despois do longo letargo invernal. Entón era preciso convocar a todos os espíritos e deuses protectores do campo para que as colleitas fosen abundantes e, ao mesmo tempo, afastar os espíritos maléficos. Neste momento renace a vida e é preciso favorecer de xeito máxico-relixioso a fertilidade dos animais e das mulleres. Pero pouco a pouco, o paso do tempo foille quitando o seu fondo sentido ritual unha vez que o home eludiu supersticións e coñeceu outros mecanismos da natureza, até chegar ao entroido actual, que aínda que conserva algúns rastros e tradicións do pasado, responde a necesidades individuais e colectivas de signo e simboloxía diferente. Algúns investigadores como Caro Baroja pon de manifesto que o entroido “... é unha festa na que se sintetizan e converxen moitos intereses”. Outros puxeron o acento no carácter dun ritual cósmico do entroido, un período de caos xerador da vida no que os mortos, as almas e as forzas do inframundo recobran o contacto cos vivos. Pero no carnaval converxen tamén ritos orixinarios da Idade Media,

homenaxe á abundancia, a través de grandes comidas e orxías que poden ter a raíz na intención fertilizante.

As máscaras do entroido tiveron nun primeiro momento un carácter relixioso-espiritual, que derivaba do culto aos mortos; xa nas festas *saturlianas* romanas que se celebraban polo entroido, os soldados, trinta días antes da solemnidade, escollían o máis fermoso dos compañeiros e facían rei, dándolle poder total sobre eles. Cando acababa o entroido obrigábase a se suicidar no altar do deus Saturno de quen era a personificación. En Creta, Olimpia e Rodas, sacrificábase un home ao deus Cronos. Trasládase ás aforas da cidades, embarrábase e matábase. Tamén nas festas *lupercalis* en honor á fecundidade, encamiñadas a intensificar a procreación das mulleres e do gando favorecendo a súa conservación. Durante a chamada *lupercal* sacrificábanse varios castróns e coa súa pel elaborábase unha correa que os *lupercos* empregaban como látigos. No ritual ofrecíanse pastas elaboradas polas sacerdotisas co produto das primeiras espigas da nova colleita.

Os *lupercos* corrían espidos polas rúas azoutando a quen lles saía ao paso e levaban a cara cuberta cunha máscara pintada co sangue



do sacrificio. Sen embargo, as mozas novas tiñan que poñer a man nas costas para, mediante o azoute, favorecer a súa fertilidade.

O tempo do entroido leva dúas semanas e media nas que hai uns días máis destacados que outros. Nalgúns lugares, as mulleres tiñan que agochar por estes días as rocas e os fusos de fiar para que non llos queimaran. Normalmente, o luns e martes de entroido non se podía traballar. Estes días reciben en moitas zonas da comarca o nome de Santo Entroido, así que ao que colleran traballando esixíanlle unha especie de penitencia, sendo a máis común a paga duns viños. No caso de non aceptar, paseábano en procesión polas rúas do pobo ou da vila para avergoñalo.

O Entroido en Xinzo de Limia.

En Xinzo de Limia, o entroido constitúe a festa máis arraigada e celebrada na comarca, tendo unha gran popularidade en toda a Comunidade Autónoma Galega, considerado dende hai anos de interese turístico nacional, tratándose do máis amplo, longo e intenso de España, tanto en tempo como nas súas formas de expresión popular, abarcando cinco domingos

sucesivos: fareleiro, oleiro, corredoiro, domingo, luns e martes de entroido, enterro da sardiña e domingo de piñata.

Domingo “Fareleiro”, Domingo “Oleiro” e Domingo “Corredoiro”.

O entroido comeza co *Domingo Fareleiro*. Os mozos fanse con fariña para lla botar ao primeiro que lles sae ao paso (a fariña ten neste caso un papel purificador); o *Domingo Oleiro* celébrase o xogo das olas na Praza Maio, onde os mozos en círculo escachan de xeito regular ou cruzado unha ola tras outra que en ocasións enchen de



viño, auga, fariña ou doces. Quen non consegue recoller as olas que mandan terá que sufrir as mofas do público e pagar unhas botellas de viño.

O *Domingo Corredoiro* é o domingo anterior ao entroido propiamente dito. O seu nome ven de vello, cando os mozos empezaban a correr a festa ou a ir polas rúas detrás dun carro cun meco que logo colgaban no centro da Praza como símbolo do rei durante o tempo especial do entroido. Aparecen disfraces e déixanse ver as primeiras *pantallas*, preludio do estalido da beleza e festa que chegará nos seguintes días.

Domingo, Luns e Martes de Entroido.

O **Domingo, Luns e Martes de Entroido** ningún veciño sae á rúa sen se disfrazar. Xinzo troca a cara por completo durante o Carnaval e ese é precisamente unha das características da festa. A xente leva preparando todo o ano os seus disfraces e as carrozas para la lucilos durante estes días. En segredo, a vila transforma a súa rutina nun espectáculo popular e participativo que segundo os casos, reborda humor, crítica, enxeño ou beleza. Por suposto, as *pantallas* imponen a súa presenza nas vellas rúas da vila.

O compoñente máis moderno e urbano da festa de Xinzo exprésase no multitudinario desfile de carrozas e comparsas que recorren a vila o martes pola tarde.

O Enterro da Sardiña.

Durante o día do Enterro da Sardiña, curas, viúvas, choronas, sancristáns, amigos e público en xeral acompañan solememente a procesión na tarde do Mércores de Cinsa. A comitiva é unha parodia dun enterro clásico e verdadeiro, que expresa a dor polo final do Entroido. Antes de queimar unha representación dun peixe, lense unhas coplas satíricas sobre temas de actualidade, con preferencia polos de interese local. Contra o que se puidera pensar, esta cerimonia xurdiu dunhas comitivas burlescas que empezaron a saír en Madrid hai dous séculos e que logo foron incorporadas como propias polas burguesías locais de cidade e vilas de todo o Estado, entre as que se inclúe Xinzo.

Domingo de Piñata.

O Domingo de Piñata ven sendo como o último estertor do Entroido. A xente resístese a





A máscara do Entroido de Xinzo de Limia: A Pantalla.

A pantalla é a máscara do entroido limiao, constituíndo o símbolo de manifestación popular máis importante, con raíces celtas marcadas segundo Fernández Novoa, onde o seu poder relixioso, xudicial e social queda manifesto: na máscara da pantalla (o relixioso); o látego e nas vexigas enchidas (o xudicial) e na función de ordenar a festa (o social); sendo unha das escasas máscaras rurais que sobreviven na Europa do novo milenio. A súa saída ás rúas

aceptar que rematou este especial tempo de festa, de mofa, de máscara e de transgresión de normas de comportamento ou vestimenta. Volven as *pantallas* ás rúas e queda tempo para a última saída. Hai menos xente na vila e móvense comodamente. Ao mesmo tempo organízanse xogos na Praza Maior para os nenos. Os nenos teñen que romper as *piñatas* (olas en italiano) para coller o seu contido, caramelos, confeti ou fariña. Empeza entón a conta atrás para o Entroido do ano seguinte na vila galega máis entroideira.

nestas festas chegan a sumar centos delas, o que é ritual e tradicional.

Pantalla do Entroido de Xinzo de Limia.

O traxe da pantalla consiste en calzóns brancos longos, camisa branca, zapatos negros, polainas negras con cintas vermellas para atalas ás pernas, capa de seda encarnada con fitas de distintas cores, pano no pescozo, cinto con campás e cascabeis, luvas brancas e unha ou dúas



vexigas secas nas mans. Na cabeza, a *pantalla* propiamente dita, a que dá nome ao conxunto e que se confecciona artesanalmente con cartón duro, papeis de periódico e feltro dun sombreiro; úsase cola, fariña e auga morna para pegar e moldear a cara. Esta ten forma de demo encarnado con xesto amable; dende a parte traseira da cabeza sae unha especie de corno onde se debuxan símbolos astrais, animais, escudos... Por detrás, coincidindo coa caluga, cólgalle unha tela, e diante leva unha especie de flocos longos de cor xeralmente dourada.

A pantalla é a raíña do entroido limiao. Ninguén pode meterse con ela. Co seu movemento das fitas, co son das campás e cascabeis e cos golpes das vexigas, deixan constancia da alegría do entroido. Se cando as pantallas percorren as rúas atopan a alguén que coñecen e non está disfrazado, perségueno e obríganlle a pagar uns viños. Entón é cando a pantalla descobre o seu rostro para se dar a coñecer e así falar da fesa. Como especificamos anteriormente, as pantallas son unha variante única e singular, no seu porte de virilidade e fermosura de vellas máscaras medievais europeas que recolleron elementos de ritos pagáns de fertilidade ou de máscaras que en procesións relixiosas representaban o inframundo e xenericamente o primitivismo e salvaxismo do home non cristianizado.

O Entroido Rural: os Testamentos.

Outra tradición fortemente arraigada, sobre todo no medio rural, son os *testamentos*, nos que se facía burla enxeñosa e colectiva dos avatares recentes ou das autoridades máis endeusadas e atrevidas. Consistían nunha recompilación dos feitos máis anecdóticos e graciosos ocorridos durante o ano na comarca ou nas aldeas. Un grupo de persoas recompilan e estruturan estes feitos para despois facer unha crítica en verso, unha especie de parodia, dándoos posterior-

mente a coñecer no entroido, acompañados dunha representación teatral nunha carroza decorada para ese fin, ou dende un balcón, segundo sexa a temática adoptada nos testamentos. Así os personaxes irán disfrazados para participaren no discurso. En moitos casos formábase un debate entre dous bandos ou entre dous pobos veciños, que se desafían entre eles verseando. Este desafío xa ven dende tempos moi antigos, nos que era costume que o bando que saía vencido non podía entrar no pobo ou na taberna até que o bando gañador lle dera permiso. Pero regularmente todo remataba nunha gran festa. Noutros lugares como Vilaboa, Allariz ou Morlán *corriase o galo*: este xulgábase e condenábase como *chibo expiatorio* de todos os males da sociedade e símbolo da luxuria e libertinaxe.

A gastronomía típica do Entroido de Xinzo.

A tradición gastronómica do festexo ten como protagonista destacado o porco: cabeza, orella, lacón con grelos, cocido, lombo, chourizos e xamón. Como sobremesas tradicionais do entroido destacan as filloas, flores, orellas e *pedrosos*... As filloas e as orellas teñen como base unha pasta líquida preparada con leite, fariña, ovos, sal e auga. En canto aos pedrosos, confecciónanse enchendo unha vexiga de porco con masa de trigo, ovos, leite e manteiga de vaca. Tamén é típico do entroido o pan de millo e a bica de entroido.

Pódese dicir que o entroido é a *mai de todas as festas de Galicia*, acompañada da transgresión que forma parte dunha cultura que se manifesta con maior sentido comunitario, sendo unha terapia idónea para a liberación de tensións; constituíndo un período de liberdade que se aproveita para soltar lastres e limar asperezas entre os veciños.

O MANTURREIRO NO ENTROIDO DE BOADO

Camilo Vila García

INTRODUCCIÓN

Esta achega é a escolma do traballo dun colectivo de persoas preocupadas pola situación da sociedade rural así como das propias manifestacións da poboación.

A experiencia enmárcase nun conxunto de actividades que vén desenvolvendo a Asociación de Desenvolvemento Rural “Tras-la-Xas”, que nace pola converxencia das forzas dos diferentes sectores da poboación dunha pequena aldea limiá, como se explicará a seguir.

Cómpre introducir ao lector na realidade da comarca ourensá da Limia, para comprende-la magnitude real deste proxecto, onde a manifestación máis senlleira da cultura laica é o Entroido, en cada unha das vertentes ou posibilidades nas que se presenta.

Así mesmo, é acaído achegar unha introdución do contexto concreto de estudo neste traballo, Boado, unha aldea que emerxe ó leste da capital do concello, Xinzo, a uns 3 quilómetros aproximadamente.

É moi probable que o topónimo ‘Boado’ proveña da palabra céltica *bed/*bud, que sig-

nificaba “auga parada, charca, fonte”. É alta a fiabilidade desta hipótese ao existir na aldea, ao redor de 20 fontes e mananciais.

A poboación actual rolda o cento de persoas, das que máis dun cincuenta por cento supera os 65 anos, dato preocupante, e estendido a todo o rural galego.

Foi un pobo claramente emigrante, como tantos; ademais dos factores conxunturais, extensibles á toda a Nación, cómpre citar factores como a proximidade con Xinzo e con Ourense, o que fixo que fose doado marchar da terra. O problema máis importante da emigración en Boado deuse unha vez que esta rematou, xa que moi poucos foron os que optaron por volver á terra nai, e quedaron espallados pola xeografía galega, sobre todo en Vigo, Ourense e Xinzo, por iso a poboación envellece a uns pasos axigantados.

As terras son regadas por dous importantes ríos da zona, o Río da Bea, que en terras boadesas conflúe no Río Limia, que lle da nome a comarca.

Por estar no marco da terra Limiá, é doado atopar amplas superficies chas, aínda que o núcleo do pobo está ó resguardo dun monte.

Actualmente a vocación agraria é evidente e case exclusiva entre as escasas actividades económicas do pobo limiao. Pese á existencia dunha pequena cabana de gando bovino, hai que dicir que o pobo vive das súas terras, pois dáse o cultivo extensivo tanto de pataca como de cereal, existindo algunha plantación de legumes.

A nivel histórico hai que mencionar que non se presentan diferenzas notables coa historia común na zona, aínda que na historia máis recente vamos subliñar a pegada que deixou a Guerra Civil en Boado, con máis dunha ducia de mortos, ademais de enfrontamentos entre membros da mesma familia e barbaries similares, polo que o pobo quedou dividido en dous durante moitos anos.

Tamén cómpre falar do tres de maio de 1945, que trouxo consigo a xeadá máis importante da historia limiá, é que deixou a zona sen posibilidades económicas, foi o chamado “ano da fame”, do que as xentes non se recuperarían ata cinco anos despois.

Boado aparece como un pobo adormecido, máis unha xeira de movementos promovidos polos propios habitantes fai que o espírito da terra non se esvaeza.

Neste senso, cómpre falar da Asociación Cultural, de Desenvolvemento Rural e Promoción do Camiño de Santiago, “Tras-la-Xas”, que nace oficiosamente na primavera de 2007, para constituírse oficialmente en 2008, e ser o referente do traballo mancomunado do pobo. As liñas de actuación son diversas, por un lado, e aproveitando o paso do Camiño Portugués cara Santiago, dende a Asociación estase a traballar para fomenta-lo coñecemento e uso do mesmo; por outra banda, a actividade da asociación encamiñase cara a conservación e aproveitamento dos recursos etnográficos que presenta a aldea, así, podemos atopar un forno centenario, que pasou de catro décadas de esquecemento a ser o eixo que vertebra a vida social do pobo, acollendo a celebración de diferentes eventos ao longo do inverno (Magosto, a Noiteboa do Mozos, Noite de Reis, Concurso Anual da

“Pataca Máis Grande”, e recentemente, o Entroido), unha Aira reformada como Praza do pobo é sede da festa, a vintena dos devanditos monumentos relacionados coa auga, etc.

O ideal que cimta a Asociación e que tamén é o lema da mesma, é o desenvolvemento dunha vida activa, produtiva e real en Boado.

Atendendo ao Entroido, tema do traballo, cabe citar o labor mancomunado de vellos e novos en prol dunha recuperación real do Entroido de Boado, así como da súa figura por antonomasia, o *Manturriero*.

As primeiras actividades foron a xuntanza do pobo con motivo da celebración do Entroido, a colaboración na elaboración de petiscos para toda a xente, a reaparición do Maturriero na festa, e a lectura das coplas de Entroido, puntos que serán explicados máis adiante.

Considero necesario facer unha pequena introdución en relación ó Entroido de Xinzo, en parte culpable da desaparición dos outros moitos entroidos que se celebraban nos pobos.



Pantalla de Xinzo

É polo grande público ben sabido o significado, tradicións e disfraces do Entroido de Xinzo, pero é ben seguro que moi poucos reflexionen sobre o feito de que o Entroido dos nosos días non é máis que unha herdanza adquirida como testemuña da festa e culturas galegas, noutrora tan valoradas.

Así, podemos analizar, a xeito de contextualización, algúns dos fenómenos que acarrea o Entroido de Xinzo: a máscara representativa é a Pantalla, reflexo dun ser viril, que dificultou, ata os nosos días, a incorporación da muller ao Entroido, por outra banda, podemos tamén recoller o fenómeno centralizador que tivo, pois foi acabando cos entroidos da aldeas; a dimensión actual do Entroido, convérteo na referencia da festa no País, o que conleva o excesivo número de entroideiros, punto polo que o Entroido perdeu certo carácter de escarnio local; a invasión transgresora do espazo público é unha das características propias da festa, malia que actualmente os espazos xa se delimitan previamente con bastante rixidez; tamén se desbotaron os costumes rurais menos finos (as fareladas quedan reducidas a unha inocente batalla infantil e Xinzo tampouco quere petardos nin fomenta os “cichadores con auga”).

HISTORIA DO ENTROIDO DE BOADO.

A continuación farase unha visión histórica do Entroido de Boado nos últimos cen anos, marcados nun alto grao polo feito máis importante que ocorre na España do século XX.

Centrándonos xa no estudo socio-histórico do Entroido de Boado, hai que citar que todo o material recollido foi grazas a inestimable colaboración dos veciños do pobo, encantados ante o proxecto de estudo do Entroido e a posibilidade da recuperación do mesmo.

Hai datos concretos, que xacen na lembranza dos que o viviron, de que o Entroido en Boado existe dende antes da Guerra Civil (1936-1939) e xa por aquel entón se celebraban festas os dous domingos anteriores ó comezo da Coáresma, chamado Entroido, ou pola influencia do idioma

cervantino, Carnaval, e no corazón de cada boadés, *Antroido*.

Unha vez rematado o conflito, non é ata 1942 cando o Entroido renace en Boado, como unha festa maioritariamente rural, sen importantes gastos económicos, xa que non había de onde sacalos. O Entroido facíase na casa, tanto os disfraces como a propia animación.

Dende a Guerra Civil ata o 1955 estivo prohibido polo réxime franquista, pero nas aldeas apostouse por non caer no desarraigo e loitouse por que a festa non morrese.

Os máis vellos lembran con nostalxia aquel Entroido de 1950, do que se soubo en toda a comarca, dada a espectacular festa que se xerou.

En 1955 érguese a lousa da prohibición sobre os entroidos, e o de Boado entra nun importante declive, que o levará ata a súa desaparición. A oferta era moito maior, a o apoio da xente concentrouse en Entroidos máis multitudinarios.

A persoa que ata entón se alzara co peso do Entroido, o señor Silvestre, deixou de tocar na “Aira dos Moitos”, centro neurálxico do pobo e auténtico epicentro do Entroido, situada ó carón do Cruceiro, que representa o centro do pobo, a “Aira dos Moitos” eríxese como unha maxestosa superficie chan, de dous niveles, e que se presta á perfección para a celebración de acontecementos como o do Entroido ou a festa do San Pedro. O Silvestre calou, e no seu lugar aparecen os tocadiscos, que tentaron amenizar os festexos dos boadeses, así tamén foron calando os gaiteiros e as *lateiras*, que con vigor tocaban nas latas de pemento que viñan da feira.

Pode datarse da segunda metade da década dos sesenta a volta dos emigrados para as súas casas natais, e estes prefiren un Entroido máis masivo como podía ser o de Xinzo.

O Entroido servía así mesmo para ampararse e darse o gusto da mellor comida do ano. Este é o derradeiro legado que o Entroido nos deixa, e que perdura actualmente.

Xa que o Entroido coincidía dous meses despois das matanzas, aproveitábase para degustar os mellores manxares, comidas moi calóricas, centradas no porco e na verdura da horta. Un exemplo é o coñecido lacón, chourizo e grelos. Acompañábase cunha sobremesa espectacular, na que as raíñas foron sempre as orellas de Entroido, escoltados por saborosos buñuelos ou “chulas”, ou mesmo filloas. Todo estaba ben regado con viño e copas de augardente, licor de café ou chupitos de *mezclado* (augardente máis licor de café).

Pero dentro desta homoxeneidade, había un intento por cambiar os menús dos dous grandes días, domingo e martes; podendo incluso, e respaldados pola conciencia popular, establecer diferenzas entre ambos días, así:

- O domingo era tradición comer *pedro* ou chourizo gordo, e cachucha, ademais de cachellos, como non, e verdura (grelos ou verza).

- O martes, co gallo de mudar un chisco, acostumábase a servir lacón ou o queixal do porco, coa correspondente verdura e as patacas cocidas.

OS DISFRACES

Cómpre facer un estudo pormenorizado do máis importante do Entroido, os disfraces, que outorgan a complicidade necesaria para poder gozar da festa.

É, sen dúbida, aquí onde reside a maior particularidade do Entroido de Boado, pois exerce de subcultura dentro da cultura galega do Entroido, pois mestúranse elementos comúns no Entroido, así como particularidades propias de Boado.

Neste apartado é tamén onde se pretende facer unha clara diferenciación do Entroido de Boado co de Xinzo.

Xinzo, e a súa pantalla, por todo entendida como símbolo de festa, é ademais dese símbolo, un despropósito continuo cara ó Entroido, pois a

autoridade que teñen é cada vez menor, e as condutas actuais non axudan a que a situación mude.

A Pantalla expropiou de Entroido ós pobos, non dun xeito patente e explícito, pero si sucintamente, e nunha apreciación persoal, se se me permite, creo que non merecía a pena pisar ó mais débil, se el era feliz, para procurar unha masificación que só fai feliz a uns poucos.

Coa diferenciación segundo o día no que se atoparan, pode establecerse unha relación de disfraces, diferenciados en canto a quen o vestía, porque o Entroido si que establecía roles distintos a homes e mulleres. Así:

No home:

Espantallo: Un home collía palla e recubría o corpo, a modo de vestido elaborado, tentando cubrir a maior parte do corpo, así, ademais de conseguir a risa dos asistentes adultos, ocultábase e pretendía asustar ós máis cativos do pobo, que vían no Entroido un pesadelo de monstros e caras feas. Chamouse nalgún momento *pantalla*.

Garda Civil (ou calquera outra autoridade): A orixinalidade era pouca, pero prestábase á perfección para facer mofas e troula. Se había algún familiar no corpo, era perfecto, e se non era así, non pasaba nada, pois facíase o máis orixinal posible.

Vaca ou mula: Dous homes, colocados un detrás do outro, dando unha semellanza ós dragóns chineses, tapábanse cunha manta ou cobertor, e elaboraban dous cornos, cando eran vacas, para metérense coa xente.

Muller: O Entroido era a mellor ocasión para sacar as galas das mulleres da casa, pero no corpo dos homes. O Entroido dá o dereito a travestirse, e ningún dos homes fuxía da tentación de colocárense unha saia, una *toquilla*, unhas medias e refaixo.

Coroza: Era unha prenda confeccionada a partires dos xuncos que era doado atopar nos

cuantiosas zonas con lentura dabondo para que crezan. Os xuncos eran sometidos a un proceso no que se mazaban, para logo confeccionar as máis diversas prendas. O fin primeiro das carozas era a de protexerse cando era a época da rega e a de servir como prenda común para ir cogando. Xeralmente elaborábanse chalecos e polainas. No Entroido facían as delicias dos asistentes grazas a súa vistosidade.

Carucho: É a propia caroza con carapucha, é dicir, un complemento máis que lograba que se tapara a cabeza, o que favorecía que se descoñecese a identidade da persoa que o levase. Tanto nas carozas como nos caruchos eran afamadas as que elaboraban Camilo Vila e o Tío Soutelo.

Vellos das chocas: Os máis veteranos na festa gustaban de asustar á xente, sobre todo a semana anterior ó Entroido. Para elo, colocaban unhas chocas ou chocallas ó redor do lombo, corrían o pobo en busca de posibles vítimas das súas falcatrúas. *Manturrieiros*: (motivo de estudo máis adiante).

Na muller:

Feas: O domingo, coincidindo coa chegada dos visitantes das veciñas aldeas de Pena, Soutelo e sobre todo de Pidre, a tradición mandaba que o disface era o de *fea*, pois era o agasallo que lle brindaban ós visitantes. Non eran exactamente feas, as mulleres ían de velliñas, de enfermas ou de seres deformes. Colocaban recheos de palla na chepa e na barriga, acompañado todo polas galas máis vellas e gastadas que se tivesen na casa. Tentábase tamén cubrir a cara, cun trapo con dous buratos para os ollos máis unha media ou unha careta feita na casa ou na escola.

Bonitas: O martes era o día máis importante para os boadeses, pois era o día que polo xeral tomaban a alternativa e ían a Pidre a *versear*. Para dar a mellor imaxe, as mulleres disfrazábanse de *bonitas*. Non era máis ca un traxe de lunares, se podía ser, con flocos e volantes, recibía tamén o nome de *andaluzas* ou *xitanas*.

Española: É unha variante de *bonita*, pero era

a variante máis vistosa, pois do xeito máis artesanal posible, colgábanse milleiros de papeis para a ornamentación, ademais, creábanse as propias xoias e complementos.

De época: Unha corrente, que non por menos estendida era menos importante e curiosa, é a que mantiñan algunha das rapazas do lugar, que rexeitaban abertamente o traxe de *españolas*, e optaban por utilizar prendas dos primeiros de século da sociedade rural galega, que era a que pertencían.

O CICLO DO ENTROIDO

O Entroido en Boado, salvagardando algún detalle, seguía o esquema xeral da comarca, é dicir, preludio do Entroido, domingo e martes propios, e mércores da cinza ou *cinsa*.

A xeito de almanaque do Entroido, poderíamos cita-los momentos máis importantes, sen esquecer que o Entroido é a festa da improvisación por antonomasia, polo que non se rexía festa por un guión preestablecido, aínda que se atopan datos comúns en tódolos anos. Así:

Domingo corredoiro, fareleiro ou das chirnas: Neste domingo anterior ó Entroido o día comezaba cunha misa común para logo pasar o costume de acender un importante lume nunha zona estratéxica, entre o *Cruceiro* e a *Aira do Moitos*, onde hai unha parede de pedra no lugar, que era o refuxio daquel que non quería ser lixado polos demais participantes na festa. O obxectivo dos xogos eran por un lado, coas *chirnas* (restos de madeira ou similar que quedan a medio arder, polo que manchan moito) manchar á xente, e por outro lado procurábase saír limpo das festa. Ademais das anteditas *chirnas* empregábanse materiais como cinza ou farelos, de onde lle provén o nome de *domingo fareleiro ou das chirnas*.

Ademais do xogo mencionado, o ambiente estaba amenizado polo ritmo da *lateiras*, como a inigualable Tía Lucinda, que dunha simple lata de pemento que chegaban a Boado da feira, sacaban as máis engaiolantes melodías.

Ó longo de toda a semana que transcorría dende o domingo corredoiro ata a chegada do Entroido, era a semana de asustar á xente, para iso estaban os *vellos das chocas*, que formaban amplos grupos. Outros, sen seren os vellos das chocas, é dicir, os máis novos de Boado, tamén asustaban a xente (sobre todo as rapazas casadeiras) pola noite, amparados pola escuridade, ou mesmo chegando a simular seren ladróns.

Á raíz destes acontecementos xurdiron cuantiosas lendas e contos, como o famoso ano no que se asaltou o fiadeiro, sen poder recoñecer a ningún dos atracadores.

O domingo de Entroido: O día comezaba cunha misa, cuxo remate outorgaba a licenza precisa para comezar a troula.

Mandaba a tradición que o domingo de Entroido que os de Boado eran visitados polos veciños dos pobos veciños (Pena, Soutelo e potencialmente Pidre, do que dista un quilómetro aproximado), eles viñan moi ben vestidos, pola contra, os boadeses agardaban a visita coas peores galas posibles, indo na medida do posible de feos.

A orde non estaba establecida, pero polo xeral os de Pidre eran os que viñan o domingo cara Boado, para logo o martes inverter a orde.

O obxectivo dos de Pidre era satirizar os costumes e acontecementos dos de Boado e para elo viñan provistos de textos escritos con anterioridade, nos que sen mala intención se dá unha volta polo escuro da vida de cada una dos veciños do pobo do lado.

Pero sen dúbida, o maior atraínte do asunto era cando se establecía unha *corda* no camiño cara o pobo adversario. Cando os de Pidre chegaban as inmediacións de Boado, xa se esperaban cunha corda que simbolizaba que non a podía atravesar, e polo tanto, a xeito de regueifa comezaban a versear. Un tomaba a palabra por un lado, e a réplica non se facía de agardar. Perder esta loita dialéctica significaba ser motivo de mofa durante

un ano enteiro, polo que había xente que se especializaba no asunto, e no momento que chegaba o pobo invasor eran procurados por todos para rebater as acometidas do outros, son lembrados pola súa rapidez mental tanto como pola súa espontaneidade o Tío Soutelo (o rei do Entroido de Boado) e o Antonio Furela.

Neste apartado valeume de gran axuda a estreita colaboración que mantiven na realización do traballo con Ángela Iglesias, que é a última figura do xenuíno Entroido boadés. Ela recitoume (como se poderá apreciar nos arquivos gráficos axuntados) a seguinte estrofa, nun momento de pánico ante os ataques dos de Pidre, e facendo tempo para que chegasen os verdadeiros especialistas, pois os versos din así:

(Peghilla de Pidre)

*Se me facedes o favor
retirades a cordela
porque se non a quitades
chega o sangue a Pontecela**

*zona comunal de Boado, que se atopa na parte máis baixa do pobo.

(Ángela Iglesias de Boado)

*Ei de vos dicir unha cousa
e non me digades que non
pra arrebarer ós de Pidre
chegan os cas do Simón*

Isto é un claro exemplo da rivalidade que se vivía nestes enfrontamentos verbais, nos que participaban tanto os ilustrados como os que non sabía nin ler, porque era tan só a arte da improvisación a que valía nestas ocasións.

Ó rematar os enfrontamentos, a festa era amenizada polos gaiteiros e as lateiras que con seguían, cos seus cantos e ritmos, que os pobos se amizasen por un intre.

Luns de Entroido: Era un día tranquilo, pois aínda duraba o cansazo do día anterior e ó día seguinte agardaba outra festa igual.

Tan só pola noitiña, os máis atrevidos eran os que se disfrazaban e saían á rúa para facer falcatruadas coa xente que por aí estaba. Ademais tiñan a licenza de entrar nos teares, onde estaban as mozas, e nas cociñas.

Empregábanse os traxes da semana anterior, de *farrumeiros*, que se caracterizaban polo descoidado na elaboración

Martes de Entroido: O domingo é un día que asemella ó do martes, pero coa peculiaridade de que se inverten os papeis en canto a que pobo visita ó outro. Polo xeral, o martes chegaban de *bonitos* os boadeses á territorios de Pidre, onde se enfrontaban en batallas dialécticas, e onde os de Boado lle lían o testamento, onde intentaban ridiculizar a todos os de Pidre. Hai a lembranza de que incluso ós martes había misa.

Tamén había música, dos gaiteiros case sempre, aínda que paulatinamente se foi substituíndo polos tocadiscos.

O paso do tempo trouxo consigo unha xeira de importantes variacións, produto da conxuntura que se deu nese momento. A festa fíxose cada vez máis privada, que por un bando enriqueceu os lazos afectivos dos boadeses, pero tamén fixo que a xente crera que se estaba a rematar a tradición e se refuxiara no Entroido de Xinzo.

Entre as claras vantaxes, dende o meu parecer, foi a posibilidade de que os testamentos fosen escritos por e para boadeses, o que multiplicaba a graza que facían, pois por todos eran coñecidos os trafegos de cada un.

O último testamento que se escenificou en Boado data de 1981, data na que a agonía apoderouse dunha tradición tan beneficiosa para o pobo.

O mércores de cinza: A festa chega ó seu fin, a relixión, omnipresente na sociedade galega, veta a festa por unha tempada, un ano. É tempo de Coresma, de relixión, de paixón. Celébrase a misa máis solemne do ano, na que non se cantaba, era de cumprida obriga levar un velo negro

(aínda que o seu uso era frecuente xa durante o ano, agás na Inmaculada, na que as solteiras levaban o velo branco), tampouco podía tocar a banda dentro da igrexa, privilexio exclusivo para o día de San Pedro.

O ENTROIDO DOS NENOS

Os nenos eran menos nenos do que son agora. É por iso que non se pode establecer a que idade se deixaba de ser nenos, simplemente se deixaba, ben fose por méritos na escola, no traballo, por ter algún irmán mozo, ou polo que sexa, pero o certo é que ó Entroido dos maiores non podía acceder calquera neno, e isto roza a contrariedade, pois os nenos son os que potencialmente máis poden troulear na homenaxe a don Carnal.

Para os cativos estaba reservada outra función, unha festa diferente, da que eu podo dicir que fun partícipe.

A noite do sábado de Entroido, ou o luns no seu defecto, os rapaces ataviábanse cos farrapos máis vellos da casa, e así conseguían ir de *xitanos* ou *mazarocos*, aínda que tamén se incluían no costume dos maiores de chamarlle “farrumeiros”, que todo aquel que non tiña disfrace definido, pero que se tiña ganas de troulear e pasalo ben.

O xogo dos cativos consistía en ir de porta en porta pedindo unha esmola, que gustosamente daban en todas as casas, aínda que nalgunha agardaban ós rapaces para asustalos. Os nenos recibían, polo xeral, ovos, chourizo, conservas, pan... é dicir, o imprescindible para unha boa cea, que preparaban na casa dalgún deles.

O MANTURRIEIRO

Procedo a continuación a facer un estudo do personaxe máis importante e temido do Entroido boadés.

Eran estes os verdadeiros protagonistas do Entroido de Boado, cando entraban nas casas da xente (e máis recentemente nas tabernas) para

asustar a todo o presente, centrando as súas iras nas mulleres, a quen intentaban espir, e nos nenos, que se mostraban temerosos ante a posibilidade de que chegaran os tan temidos Manturreiros.

As súas accións centrábanse en dous campos ben diferenciados: un, na rúa, xa que todo o que se atrevera a frecuentar as rúas do pobo en días tan sinalados tería o seu merecido a xeito de susto e troula; e dous, nas casas, onde entraban de socato nas lareiras da xente, que era onde estaban xeralmente, e ofrecían un inmenso repertorio de falcatrúas e festexos.

Na súa vestimenta destaca:

A “*manturria*”: feita cos sobrantes de outras confeccións, ou incluso con farrapos vellos, e que cubría todo o corpo da persoa que o levaba. As súas partes eran o carapucho, na cabeza, o lombo, nas costas, e o peito, na parte dianteira.

A corda: coa que se fai o nó que forma o carapucho da cabeza, onde se mete esta última, para ocultar o rostro.



O Manturreiro

O cinto: xeralmente de coiro, para amarrar a manturria ó corpo pola parte da cintura, intentando cubri-lo coa propia manturria.

A toquilla: tapábanse as costas con ela, podía tratarse dun farrapo negro, ou totalmente colorido.

A merda: era común impregnar o traxe con excrementos ou lodo para lograr un aspecto máis macabro.

O cesto: os Manturreiros portaban un cesto, no se levaba ou cinsa, fariña ou palla seca, para emporcallar á xente.

O pau: era o principal utensilio para asustar, recomendable que rematase en punta para facer máis mal.

Chocas (opcionais): hai dúas correntes entre a sabedoría popular, hai quen di que non as podían levar para manter o sixilo, mentres outros din que si as levaban, porque o importante era facerse notar.

Adoitaban saír pola noite, ou como moito á noitiña, pero nunca baixo a luz do día, que exercía un papel de inimiga, pois o máis importante era que pasaran os días do Entroido e que a xente non soubera quen foron os que pasaron polas casas, e así discutir por se sería unha ou outra persoa.



O Cesto: a palla e máis o pau.

VISIÓN PANORÁMICA DA COMARCA DE OURENSE E ALLARIZ-MACEDA

O entroido na comarca de Esgos e no Concello de Xunqueora de Espadañado

Ana Malingre Rodríguez

A mesa redonda estivo integrada por varias persoas e falouse sobre o que os organizadores das xornadas entenderon coma as comarcas de Ourense e de Allariz-Maceda. Isto foi así porque á hora de programar este curso, pensouse explicar o entroido por zonas ou comarcas, e para iso empregouse a mesma división que Xosé Antonio Fidalgo Santamarina, establecera para la obra que coordinou, para a Deputación Provincial de Ourense, sobre o entroido *As caras do entroido ourensán* e que naquel tempo estaba a piques de ser presentada.

Ao meu xuízo meter a Esgos, na comarca de Ourense quedou un pouco forzado, xa que aínda que hoxe, Esgos aínda que está moi preto de Ourense, ten un entroido mais próximo a zonas mais do interior, como por exemplo Maceda, localidade que por outro lado está tamén a pouca distancia de Esgos. Así que penso que foi unha opción acertada, a de presentar na mesa redonda a comarca de Ourense coa de Allariz-Maceda, xa que Esgos, quedaba así como un pouco a cabalo entre unha e outra comarca. Ademais, hai que ter en conta que o entroido en Esgos se celebra fundamentalmente nas zonas da montaña, lindantes co concello de Xunqueira de Espadañado, que tamén participa do entroido de

Esgos e por isto presenta unha relación co entroido da serra.

Quedou pois Esgos, incluído dentro da comarca de Ourense e foi o feito de facer a mesa redonda o que me levou a pensar en que tal vez podamos buscar algunha relación entre o entroido de Esgos e os demais desa zona. Penso que a única posible relación podería estar cos *labardeiros* de Mugares, sobre todo por levar estes, e os *felos* de Esgos os primeiros carapuchos e os segundos carautas de forma apuntada sobre as cabezas. Tamén podo ver algunha relación no emprego de cintas de cores, que en Esgos pónense colgadas da camisa branca e na aldea de Mugares en Toén, colgan do carapucho. Non esquezamos que onde si hai unha clara relación é nos persoeiros femininos destes entroidos, así as *señoritas* de Mugares recordan as *madamas* de Esgos, que levan enaugas e camisas brancas, mantóns atados e colares e que cobren as cabezas con sombreiros. Outro xeito de relación entre ambos entroidos é que son entroidos con dous personaxes; un masculino, que é o protagonista, e outro feminino, que vai de acompañamento.

En canto aos demais entroidos da comarca de Ourense, pouco ou nada teñen que ver co de

Esgos, xa que as pitas, por exemplo é un entroido novo e o de Esgos é un entroido ancestral, que nunca morreu de todo, aínda que tivo etapas de moi pouca actividade. Si, en cambio, podería buscárselle unha relación no que é o emprego de cintas de cores para adornar o traxe, pero pouco máis.

O que si quedou patente, foron as ganas de diversión coas que toda a comarca de Ourense participa durante os días de entroido e foi agradable oír falar desta ledicia a personaxes vivos característicos do entroido da capital da provincia coma o Casiano, que con todo luxo de detalles nos explicou moitas das sensacións que produce o entroido en moitas persoas desta provincia. Coas intervencións das diferentes persoas que compuñan a mesa, percibimos a presenza de entroidos diferentes, con costumes distintas as que os unía as ganas de pasalo ben, que é o máis característico desta festa.

Eu, no tocante ao entroido de Esgos expliquei que no concello de Esgos, o Entroido é unha festa que se vén celebrando desde tempo inmemorial, e que aínda que non temos documentación gráfica moi antiga, si hai dos anos 70-80 do século XX, que foron os anos nos que a xente menos se disfrazaba, debido a que o fenómeno emigratorio levou á meirande parte da xente que o celebraba, o que debilitou moito a celebración aínda que nunca chegou a desaparecer totalmente.

Tamén expliquei que o entroido tradicional non existía en todas as parroquias do concello, desenvolvéndose soamente nunhas zonas concretas, que no concello de Esgos se coñecen como “A montaña”, que comprende as parroquias de Loña do Monte, Rocas, Os Pensos, Triós e parte de Esgos. Tamén habería que engadir o lugar de Pardeconde, un caso curioso, xa que esta aldea pertence a dous concellos, ao de Esgos e ao de Xunqueira de Espadañedo, por iso pódese dicir que hai Entroido en Xunqueira, aínda que só é para efectos administrativos xa que a súa dinámica a desenvolven practicamente no concello de Esgos.

Quedou claro que o concello de Esgos, neste novo milenio tivo a idea de recuperar o entroido de antano e posiblemente a mocidade se sentira animada polo pulo que ten esta festa en moitos lugares da provincia e porque moitos vellos do lugar non perderon as ganas de celebrar a festa. Tamén contribuíu á recuperación o feito de que moitos emigrantes retornaron e retomaron con gusto o costume que deixaron ao marchar.

Tentar definir cando empezaba a celebración do Entroido tradicional do Concello de Esgos é unha tarefa difícil, facer o almanaque festivo actual é moito máis doado.

Din os vellos do lugar, que o Entroido empezaba cos fiadeiros e acababa coa Coresma. Coinciden en que, desde que acababan as festas de Nadal, a xente empezaba a preparar o Entroido e durante todo o mes, os domingos, había persoas disfrazadas que visitaban unhas e outras aldeas, aínda que a festa tiña o seu cénit no Domingo de Entroido, que era o día no que persoas de todas as parroquias se disfrazaban.

Relatei coma na actualidade, o día oficial do Entroido en Esgos é o domingo. Este día a xente disfrazase, xúntanse persoas de todas as aldeas e saen xuntos. Uns autobuses van recollendo a xente e percorren todas as aldeas ás que antigamente ían a pé: Melón de Arriba e de Abaixo, Arcos, A Cernada, Gomariz, Lobaces, Vilar de Ordelles, As Meiroás, A Touza, Pardeconde e Esgos. Hoxe, os felos de Pardeconde van tamén ao concello de Xunqueira de Espadañedo.

Expliquei a os asistentes as xornadas que o personaxe central da festa é o felo. Que o seu traxe consiste nunha camisa branca á que se lle cosen cintas de raso de diferentes cores e panos das mans. Levan unha garabata de moitas cores e sobre os ombreiros. Atado ao pescozo, un pano grande posto en forma de pico, de cores, ás veces de flores, deses que chaman “portugueses”. Na parte inferior, calzón longo de felpa e por riba enaguas curtas sen moito voo e con moitas puntillas, ás que lle cosen cintas de cores en forma de “U”. Arredor da cintura levan cintos de coiro, forrados por dentro cunha toalla e pola

parte de fóra, cuns arames, levan colgados esquilóns. Nalgunha aldea en lugar de esquilóns colgan chocas, pero maiormente eran esquilóns. O felo co seu movemento ten que facer soar os esquilóns, para isto debe moverse dun lado a outro e deste xeito soan de modo diferente segundo o xénero. Os felos nas pernas levan polainas, feitas con pel de tenreiro ou de coiro. Hoxe, ás veces custa encontrar as polainas de coiro negro. Calzan zapatos baixos, inda que hoxe algúns levan botas de auga e nas mans levan pandeiretas e bastóns de pau. Os traxes dos felos non cambiaron moito coa recuperación do Entroido, excepto a carauta. Esta, antigamente, facíase co cartón dos almanaques vellos, tiña forma de tubo e apoiaba nos ombreiros, pintábaselle un bigote cun tizón e abríanlle os buracos para os ollos e a boca, pola parte superior, moitas veces, ían adornadas con plumas dos galos. Nos anos 70, coa época do destape, colleu pulo o costume de recortar mulleres espidas das revistas e dos almanaques e pegalas sobre as carautas, tamén se facía con figuras de animais. Hoxe a carauta busca mellorar e dentro do que é a forma tradicional tubular, pretende facerse máis elaborada e mellorase ano a ano, tanto nos motivos ornamentais, coma no material empregado. Tentan eliminar as mulleres espidas e poñen moitas máis figuras de animais diferentes.

Falei das acompañantes dos felos, as madamas e coma estas van sen carauta. Como este disfrace transformouse na época moderna, sendo antes un traxe moi rico xa que as mulleres púñanse o mellor que tiñan na casa, sempre blusa branca e enaguas longas con voo e con moitas puntillas e adornaban a blusa e as enaguas con cintas de moitas cores e panos de man cosidos. Levaban grandes pendentos e moitos colares e ían moi ben peiteadas e ás veces completaban o traxe con pamelas ou panos de flores na cabeza. Non era un disfrace que se fixera con calquera cousa, era un traxe de luxo. Nas mans tamén levaban pandeiretas. Hoxe a

madama leva saias e mantóns moi coloridos e na cabeza, sombreiro de ala adornado con flores.

Contei un pouco cal era a dinámica que seguían estes disfrazados de trasladarse dunhas parroquias a outras dentro do concello. Os dunha aldea disfrazábanse un día, os das outras, outros días e visitábanse uns aos outros e trataban de divertirse facendo troulerías diversas, nunhas aldeas tirábanlle auga aos felos noutras os felos entraban e roubaban chourizos, ovos, xamóns... e coma na actualidade, os felos disfrázanse todos o mesmo día, o Domingo de Entroido e acompañados polas madamas, fan un percorrido en autobús polas parroquias do concello onde se celebraba antigamente o Entroido; baixan en todas as aldeas e fan soar os esquilóns. A festa remata cun desfile en Esgos. Os felos de Pardeconde tamén desfilan na capital do concello de Xunqueira de Espadañedo, ao que pertence parte desta parroquia. Moitos incluso seguen vestidos de felos ata a noite pecha.

Fixen tamén referencia as coaresmas, antiga costume que cada día cobra mais forza e que é reminiscencia de cando antigamente o Entroido duraba moitos días e remataba na noite do Martes na que os felos sacaban uns bonecos, feitos con palla e trapos, que se chamaban coresmas e ían deixándoos nas portas dalgunhas casas. As persoas dos fogares escollidos serían obxecto de mofas e burlas e terían que gardar o boneco na súa casa todo o ano. Os dunhas aldeas puñan as coresmas noutros pobos. Estes facían garda para que non lles puxesen as coresmas. En torno a estes bonecos hai moitas historias que contan os vellos. Agora revive con forza, tanta que o ano pasado moita xente non se deitou en toda a noite facendo garda e outros tentando por as coresmas nas casas dos outros sen ser vistos. Non e é mais que un xogo, pero a xente o pasa ben con estas cousas e iso é a esencia do entroido, a diversión.

OS FELOS DE MACEDA

*Texto: Luis del Campo Prol
Fotografía: Xoel Gómez*

1.-CICLO FESTIVO

No anonimato dos casais, aldeas e lugares abeirados á Serra de San Mamede agromaron os Felos de Maceda; un concello que soborda os cincuenta núcleos de poboación cunha historia que se remonta até o Paleolítico; con mámoas e asentamentos castrexos: aras e miliarios espaxados pola Vía Nova -a Rota Romana de Braga até Astorga que atravesa este territorio-; a casa-forte dos Nóvoas -bastión hexemónico dende o séc. XII-. nunha vila que amosou pulo comercial e foi referente até os nosos días. No corazón do que hogano conforma a provincia de Ourense, nomeadamente nalgunhas poboacións protexidas do Val do Medo e do San Mamede. sobreviviron no Entroido os Felos de Maceda que antano non se suxeitaban a ningunha caste de atadura organizada; espíritos anárquicos e rebeldes con inmunidade; máscaras milenarias inseridas na máis ancestral manifestación da cultura tradicional -xunto cos oleiros e albardeiros- que aínda permanece na contorna e que arestora contan con dinámicas asociacións culturais para coordinalos e apoio das institucións locais para promovelos.

A festa ritual do Entroido galego ten personalidade propia. O rural de Ourense peculiari-

dades definidas con manifestacións, variantes e persoeiros singulares, nun crisol multiforme que o fai único. Dende tempos inmemoriais saíron illadamente Felos de Maceda en fin de ano por algunhas aldeas da Serra de San Mamede. Na contorna foise instaurando o Domingo Fareleiro -septuaxésima- no que enfouzan con farelos aos viandantes; a Quinta Feira de Compadres que esmoreceu co paso do tempo; o Domingo Corredoiro -o anterior ao de Entroido- no que tinguen á xente cunha bola amañada con ferruxe dos potes e tinta dunha barreira -nalgunhas aldeas mesmo empregaron no pasado excrementos de ovellas e cabras-; o Xoves de Comadres reconvertido da orixinaria loita de sexos con enorme éxito ultimamente na vila -desfile e cea pantagruélica exclusivamente para mulleres disfrazadas-; o Sábado de Entroido con hexemónico protagonismo dos Felos de Maceda que pululan a oito por boa parte do territorio do concello; o Domingo de Entroido arredor dos xantares familiares -cos ubicuos Felos buligando-; o Luns de Entroido centrado nos nenos e nos maiores; o Martes de Entroido con desfile encabezado polos Felos, lucimento de traxes con arrecendo urbano e gastronomía móbil ofertada polas rúas da vila e o Mércores de Cinza con paseo procesional do meco en cadaleito que rematará incinerado ao empardecer na praza, fechando o ciclo

e dando paso á Coresma. Dezaoto días de transmutación de valores, excesos e rexouba na contorna de Maceda.

O termo Pelo amosa interpretacións diversas. É sinónimo de máscara. Esténdese a zonas occidentais da provincia [Garabás, Maside], mais con cabalgadura, indumentaria e costumes diferentes aos do País de Maceda. Semanticamente a verba xermánica “fillon” indica que pode azoutar. Enciclopedias e dicionarios amentan a voz “felo” como máscara zarrapastrosa, grotesca, fantástica ou arrepiante. “Aí che ven o felo”, díselles aos nenos para asústalos. “Vas feito un felo”, emprégase para sinalar o escarnio ou a fealdade do aspecto externo. Felón e felonía vincállase coa rebelión do vasalo contra o señor feudal. Maceda asenta xa que logo bastión fortificado dende a Baixa Idade Media: ¿parodia dos recadadores ou transgresión nunhas datas na que case todo semellaría permitido?

2.- ESTÁTICA DA MASCARA

Algunhas fontes remontan as orixes desta máscara fustrigadora -logotipo do Entroido

galego- ás festas pagás da Protohistoria: sociedades tribais, tótems. feitizos de fecundidade e caza, ritos de iniciación e afastamento de espíritos malignos. Outras déixano nas hedonistas da Roma Imperial. Os medievalistas na época dos bufóns e dos trabucos feudais arredor dos castelos. Reminiscencias precristiáns; culto ao viño e ao pracer; connotacións sociais e relixiosas do medievo. Entre todas, con poliédrica complexidade, substratos e arestas varias, semella que modelaron e acomodaron o fenómeno. Os Felos de Maceda ensámblense -aínda que con elementos externos diferenciados- coa indumentaria dos Peliqueiros de Laza e os Cigarróns de Verín. Medias negras, carpiños de la brancos, ringleiras de borlas de cores diversas, colcha moruna con flocos claros arredor do van. rabeira de zorro no alto da mitra revestida na traeseira con pel de ovella ou coello, colares da nai, irmá ou moza, zapatos ou botas negras e -consonte o tempo- luvas da mesma cor, xunto co caxato como arma intimidatoria, conforman as particularidades iconográficas dos Felos de Maceda; máis primitivas e masculinizadas na parte inferior que as do tronco común. Enriba da camisa branca e da garabata insiren unha cha-



quetiña con xarreteiras nas ombreiras, para rematar cun pano amplo en pico de vivas cores. Esta parte do traxe amosa concomitancias cos uniformes militares do XVIII e das Guerras Carlistas do XIX que deixaron vestixios espaxados polo San Mamede, refuxio temporal do xeneral Vicente Sabariego e de cincocentos soldados. O canónico aconsella pintar na mitra -en cores acesas- animais ou aves rapaces da Serra de San Mamede e non fauna nin motivos alieos ao territorio no que se asentan.

A máscara -de bidueiro ou ameneiro das ribeiras da contorna de Maceda- con sorriso retranqueiro e provocador, con mestas cellas e pestanas, meixelas coloradas, mostacho negro, beche mouro, nariz xeneroso, dentame albo e barba sobreposta de coello, representa a virilidade máis fidedigna. O Felo impón. Dá medo. Mesmo arrepió nos máis novos e nos de fóra que se achegan a Maceda no Entroido. Podemos -mesmo debemos- atácalo verbalmente para provocar a súa irascibilidade milenaria. Endexamais tócalo nin tentar sacarlle a carauta. Transgride as normas. Exerce a súa autoridade nesa andaina. No entanto o seu primixenio espírito anárquico está a modificarse. Hogano os maiores confórmanse -ao longo de todo o calendario do Entroido- en grupos, xunguidos por localidade de orixe, parroquia ou amizade. Os nenos da vila, lugares e aldeas tamen dende moi pícaros. Incorporáronse na derradeira década do séc. XX. Outrosí algunhas mulleres coa entrada do séc. XXI. Felos cativos sitúanse nas entradas da vila: Canteiras, Tournal, Rouso. Reconco... Intimidan e coutan aos que entran e saen nos vehículos para que lles solten cartos. Descóbrense. Introducen costumes alleos. Novos tempos que nalgúns xestos coliden de fronte coa tradición.

3.- DINÁMICA DA MÁSCARA

Antano pululaban os Felos a pé trouleando de aldea en aldea. O son provocativo dos imponentes chocallos de cobre disuadía -nos desprazamentos polo monte- aos lobos nas perigosas noites de inverniá. Logo invadían -case sempre en parellas- a vila de Maceda e non se afastaban da

contorna. Nunca deixaron de manifestarse. Porén, na ditadura do xeneral Franco foron reprimidos -mesmo encadeados- queimándolles traxes e carautas. Bebían ovos mesturados con vino a esgalla para soportar o enorme desgaste físico. Non pedían diñeiro agás contadas excepcións. Tampouco destapaban a carauta diante da xente na rúa para manter o enigma da súa personalidade. Só o facían cando os invitaban no limiar das casas para repoñer forzas. Perseguían aos que se metían con eles. As mulleres chacoteábanos. Faldriqueaban con elas axudados polo caxato nun flirteo cómplice xeralmente admitido que aínda se mantén. Lucían traxe os solteiros. Algúns pasaban a se-mana central do Entroido disfrazados día e noite. Durmían nas palleiras que atopaban a man e só demandaban comida e bebida nas casas para continuar o trouleo.

Hogano o día grande dos Felos de Maceda é o Sábado de Entroido que vai a máis con aceso ao poder de convocatoria e seguimento salientábel nos medios alén do territorio galego. Pola mañanciña concéntranse medio cento de Felos -chegados dos seus puntos de orixe- na praza principal da vila. Desprázanse en autocar acompañados de reporteiros para comezar os “percorridos” a pé dende os lugares máis afastados do concello. Un matutino no que asaltan en masa as localidades de Castro de Escuadro. Pías, Santirso, Xinzo da Costa, Paioso. Celeirón..., meténdose cos veciños, provocando, correndo, perseguindo e aguilloando co caxato. Decántanse con teimosía por mulleres de todas as idades e condición. É costume agasallalos embaixo das solainas dos fogares que encaixan ben a troula con chourizos da tempada, biscoito, galletas variadas, tintos, cervexas e refrixerios. Rematan a maná amosando a súa autoridade polas rúas, bares e cafés de Maceda. co enxordecedor ruído das chocas e da súa maxestosa presenza. Despois chega a bandullada colectiva nun local de restauración da vila. Pola tarde perco-rren Barxela, Vilardecás, Carguizoi, Sarreaus, Tioira..., para, ao empardecer, consonte vence-llos e afinidades, espaxarse por onde lles pete rememorando esencia e costumes ancestrais.

4.- GASTRONOMÍA DO CICLO DO ENTROIDO

O cocho amósase como o protagonista senlleiro arredor do que van desenvolverse as xuntanzas colectivas do Entroido en Maceda, para resarcirse a cachón dos tempos de privación nos corenta días seguintes até o Domingo de Ramos. Nas mesas dos fogares da vila, dos trinta e seis lugares e das dezoito aldeas, o Domingo de Entroido aparecen con fartura cachuchas, rabos, unllas, orellas, fociños, lacóns, soás e chourizos, acompañados con grelos da colleita, cachelos da bisbarra, garavanzos, pan albeiro ou centeo -dos afamados fornos da vila con tradición dende o XVIII- e tintos espesos do país, nomeadamente en xerras e cuncas de barro de Tioira ou Niñodagua. O Martes de Entroido, cabrito caseiro ao forno -con patacas asadas e pementos morróns- regado cun viño da casa. Na sobremesa bica ou roscón, doces sempre mollados con licor café ou con licor de herbas de elaboración artesán. para departir até ben entrada a tarde ao carón do lume da lareira. Tamén “purificadoras” filloas de sangue con mel e -por influencia allea- orellas de leite, ovos e fariña, fritidas con manteiga de vaca, azucre e limón esparexido.

5.- FOLCLORE DO CICLO DO ENTROIDO

Antano gardas con escopetas de caza descargadas acompañaban o Domingo de Entroido na cabeceira da comitiva a un rei e a unha raíña transmutados. Outros veciños disfrazábanse de señores ricos, damas, bandidos, vellos e demos. Escoltábaos unha parella de Felos reflectindo a súa xerarquía e poder intimidatorio. Achegábanse con esmorga até unha poboación veciña onde atopaban un sedeño atravesado que lles coutaba o paso. Nalgúns lugares enxertábanllo no pescozo aos que devecían traspasar os seus dominios. Tiñan que convencer con locuacidade e incisivos argumentos rimados aos moradores para que lles permitisen o acceso, xa que logo eran replicados con enxeño. Había moitos “anos

bos” nos que deixaban cruzar e compartir xantar c festa en común. Tamén algúns “anos malos” nos que rexeitaban comer e beber en irmandade e nos que mesmo podían chegar a enfrontamentos non so verbais, ao negarlles o paso por procurálo algúns denantes de que lles fose permitido. Nesas tradicionais disputas “reinaban” os que levaban as mulleres cos vestidos máis elegantes, xunto cos que proferían as mellores estrofas satíricas que acompañaban coa pandeireta. Castigaban ao que se despistaba zoupándolle na face cunha mulida de vaca. Tiveron sona -nas primeiras décadas do XX- os Reinados de Pías, na parroquia de Escuadro. Nalgúns ocasións facíanse en Castro e lugares abeirados. Daquela artellaban “entroidos” e “entroidas”, figuras que deixaban penduradas diante das casas dos veciños doutras localidades para evidenciar aos que non se disfrazaran aquel ano. Antigamente no Domingo Corredoiro celebrábase a Corrida do Galo en Cimadevila de Tioira. na que sacrificaban de xeito pouco convencional ao capón para logo cociñalo e xantalo, nun ritual colectivo que foi pasando á outra banda do esquezo.

BIBLIOGRAFÍA

- CARO BAROJA, J.: (1995), *El Carnaval*, Taurus, Madrid.
- COCHO, F.: (1990), *O Carnaval en Galicia*, Ed. Xerais, Vigo.
- COCHO, F.: (1998), *O Entroido Galego*, Ed. ANT, Vigo.
- DASAIRAS, X.: (1990), *O Entroido nas Terras de Monterrei*, Ed. Cumio, Pontevedra.
- GONZÁLEZ REBOREDO e MARIÑO FERRO: (1987), *O Entroido en Galicia*, Deputación Provincial, Lugo.
- TARRÍO FERNÁNDEZ, J. A.: (1989), *Cultura, Educación e Tradicións Populares en Galicia*, Cadernos do Seminario de Sargadelos, Ed. do Castro, Sada.
- RIVAS QUINTAS, E.: (1993), *Serra de San Mamede*, Ed. Asociación de Amigos dos Milagres e de San Mamede, Ourense.

O ENTROIDO DE CELANOVA

Antonio Piñeiro

UN POUCO DE HISTORIA

A influencia do mosteiro

Mentres noutros moitos lugares afastados de comunidades monacais, xa foran cistercienses ou bieitas, a tradición de promover costumes “libertinas” e conmemorar a transgresión antes de mergullarse no tempo restrictivo da Coresma pérdese no tempo e a súa implantación nesas sociedades, normalmente rurais, procede moi probablemente incluso da implantación do catolicismo no Noroeste peninsular, poboacións nadas e desenvolvidas ó abeiro dunha fundación monacal, como é o caso de Celanova, nunca foron quen de superar a pexa omnipresente da fundación bieita que foi a súa verdadeira razón de ser e quen marcou o ciclo festivo, non só da propia comunidade que convivía no edificio, senón tamén extramuros, onde o que máis e o que menos, dependía directamente dos ciclos vitais e económicos dictados polo abade.

Velaí onde é que se debe explicar por qué o mapa actual do Entroido máis tradicional da provincia se espalla fundamentalmente pola zona suroriental da súa xeografía, é dicir, por lugares como Maceda, Xinzo de Limia, Verín,

Laza, Vilariño de Conso, Viana do Bolo ou mesmo a Baixa Limia, xunto con outras moitas localidades afastadas do poder monacal e situadas fundamentalmente arredor do Macizo Central; mentres aqueloutras como Celanova, a propia capital (pexada polo todopoderoso cabido catedralicio), Carballiño (baixo o influxo da comunidade de Oseira) ou Ribadavia (influído por San Clodio e Melón, por moito que gardara unha certa autonomía feudal noutros aspectos), que viviron historicamente seguindo o reloxo crono-social dos conventos só se empezaron a incorporar á tradición do disfraz cando os mosteiros deixaron de exercer o seu poder total sobre elas, ou sexa, logo de rematado o proceso desamortizador de Mendizábal, que foi cando as devanditas urbes empezaron a desenvolverse cun certo grao de autonomía organizativa, tanto dende o punto de vista económico, como dende unha perspectiva social e cultural e, polo tanto, lúdica.

No caso de Celanova dáse, ademais, unha segunda circunstancia moi concreta que ten que ver coa data da conmemoración da morte do fundador do seu mosteiro, San Rosendo, e co feito en si de que esta conmemoración festiva, que recibiu o nome de “Marzas”, se perda practicamente no tempo, remontándose moi probable-

mente á data concreta da súa canonización que tivo lugar no último terzo do século XII.

Pois ben, dado que esta celebración (que sempre foi organizada con grande solemnidade e unha profunda relixiosidade que loxicamente colisionaba coa transgresora representación do Entroido) ven tendo lugar arredor do día 1 de marzo –data do falecemento de San Rosendo e que aínda hoxe se conserva como festa de carácter local-, loxicamente adoitaba solaparse con certa frecuencia coas propias datas do Entroido, polo que resulta máis comprensible aínda entender as dificultades engadidas coas que se poderían atopar aqueles veciños de Celanova que pretendesen traspasar o umbral da celebración espiritual en memoria do santo fundador saltándose o poder omnímodo establecido.

Excepcións que confirman a regra

Malia todo, como sempre hai excepcións que confirman a regra, a comarca de Celanova non ía ser menos e aínda que nas aldeas e parroquias máis inmediatas ó edificio monacal non se coñecen referencias carnavalescas que poidan seren anteriores á exclaustación –cando menos que chegaran ata nós-, si se deron algunhas manifestacións de carácter presumiblemente “ancestral” que pretenderon transgredir a norma conxuntual e celebraren o carnaval máis alá do influxo da memoria de San Rosendo.

-As Teixugueiras (Cartelle):

A máis “arroutada” de todas é a coñecida como “A corrida do meco” que ten lugar o luns e o martes de Entroido na aldea de Xinzo das Teixugueiras (Cartelle) e que, a dicir das investigacións realizadas polo etnógrafo Xosé Antón Fidalgo Santamariña, as súas orixes poden estaren incluso relacionadas co propio mosteiro de Celanova.

Basicamente a celebración consiste na confección dun meco por parte dos veciños, que é suxeito a un carro transportado polos mozos da aldea, non sen antes ser bautizado e finalmente corrido para arriba e para abaixo polas corre-

doiras da aldea, ata que o levan ó torreiro da festa onde antigamente se celebraban bailes con tal motivo.

A corrida do meco vai acompañada por uns “alguacís” adobiados con brancas vestimentas e un vistoso chapeu, que teoricamente deberían facer a función de gardiáns do meco, mentres os veciños lle tiran todo tipo de produtos para embadurnalo.

Fidalgo Santamariña, aínda que sostén que a súa orixe podía estar nas loitas irmandiñas, tamén apunta que o meco podería representar ó recadador de foros do mosteiro, a quen, fartos de pagarlle relixiosamente os seus impostos, un ano os veciños decidiron secuestralo e facelo desaparecer para que non volvera ningún recadador pola súa aldea.

-Forxás das Viñas (A Merca):

Sen orixe concreto coñecido, as máscaras deste entroido divídense entre os “mecos bonitos” e os “mecos feos”. Os bonitos, acompañados normalmente dun grupo de gaitas, dedicábanse a bailar en parella diante das casas da aldea, polo cal eran recompensados polos veciños con agasallos, lambetadas e bebidas. Os “mecos feos” ían correndo polas canellas mentres os veciños se dedicaban a saltar por riba deles, tentando montar a cabalo.

No tocante ás súas vestimentas, estas adoitan estar dotadas de brancas saias adornadas de franxas de cores e de enaguas, con blusas tamén brancas e uns vistosos chapeus de fitas de cores no caso dos homes e de “pajilla” nas mulleres.

Os “mecos feos”, pola contra, si van tapados con caretas que retiran ó rematar a súa corrida para descubrir ós veciños que foron quen de montalos pola res para que os conviden a tomar algo.

En calquera caso, dada a pequena dimensión da aldea, nos últimos anos xa non houbo quen puxera as vestimentas e os veciños simplemente se reúnen o martes de Entroido para xantar e bailar un pouco.

-Os galos da Mezquita (A Merca):

Esta máscara, aínda que foi de nova creación, xa que logo, foi promovida no inicio dos anos 80, houbo un tempo en que gozou de gran afección por parte dos veciños da Mezquita. Pero como acontece con toda celebración en lugares onde a mocidade adoita ser escasa, nos últimos anos esmoreceu.

A vestimenta tiña como elemento significativo un fermoso galo no sombreiro, ademais dun chal e nove panos de seda cubrindo o corpo, que facían as veces de plumas.

-Os testamentos do burro:

Aínda que non houbera disfraces nin esmorgas no torreiro da festa, moitas parroquias o que si acostumaban a promover era o denominado “testamento do burro”, que normalmente era redactado por algún poetastro local que versificaba unhas coplas moi sinxelas a través das cales ían repartindo o burro en partes, que lle ían entregando simbolicamente, ben a particulares ou a colectivos, con altas doses de retransa e de crítica.

Era un xeito, sen dúbida, de transgredir a orde rexamente establecida dunha forma anónima e sen risco algún a ter que cumprir algunha “penitencia”.



O carnaval urbano

Como queda dito, a Desamortización de Mendizábal, que mudou tantas cousas na historia de España, tamén axudou a que a vila de Celanova empezase a celebrar algo máis cás “Marzas”, o “Corpus” e o a “gloriosa función de San Roque”, xurdido tamén da man da comunidade conventual no ano 1598.

Foi coa fundación do Casino Recreo, que inicialmente foi instalado na primeira planta da fachada que di á Praza Maior, onde actualmente está instalado o salón de plenos municipal e que conserva aínda nas vidreiras dos ventanais unhas “CR” esmeriladas, reveladoras da súa función de antano.

Coa existencia do Casino, o entroido que nesta vila nunca puidera celebrarse nin con ritos ancestrais, nin de ningún outro xeito, pasou a ser recoñecido como “baile de disfraces”, incluso subvencionado polo propio Concello. Cousa lóxica, por outra banda, xa que os que adoitaban gozar deles eran os pertencentes á clase dirixente, é dicir, a pequena burguesía local, que era a que tiña acceso ó Casino.

Boa mostra disto dánola o libro de actas plenarios municipais, que o 26 de xullo de 1857 se fai eco duns pagamentos por “los dos bailes ordinarios que tuvieron lugar en el Carnaval de este año”. Cousa que se repite pouco despois, concretamente o día 6 de marzo de 1862, cando, ademais de librar a cantidade de “ciento veintinueve reales con catorce céntimos” a cargo de Manuel Fernández Rebollo, polos gastos “del baile dado en primero del actual por la corporación en celebridad de la fiesta del glorioso San Rosendo”, o equipo directivo da corporación acorda tamén aboarlle “a los músicos de esta villa” a cantidade de “ochenta reales que, con más la cantidad de dieciseis reales, se le consignan por tocar en los bailes que por cuenta de los fondos

municipales se darán el día de hoy (é dicir, o domingo, día 6) y pasado mañana (é dicir, o martes, 8)”.

Evidentemente estes primeiros bailes vanse animando cada ano un pouco máis e o carnaval celanovés vai crescendo, recolléndose case sempre, iso si, no interior do casino cando o que se organiza é o “baile de caballeros” ou noutros locais menos exclusivos cando se trata do “baile de artesanos”.

De todo elo dan boa conta os xornais que tamén se empezaron a publicar na vila, tales como “El Correo de Celanova” (1893-1895) ou “La Voz de Celanova” (1910).

Así, o exemplar de “El Correo de Celanova” correspondente ó 11 de febreiro de 1894 reproduce o seguinte comentario: “Animadísimo resultó el baile que el martes de carnaval, tuvo lugar en los salones del café de D. Francisco Montes. Sirvan de reseña estas palabras que alguien pronunció a la salidad del baile: *Esto foi unha desfeita*”.

Na mesma liña de exaltación pronunciárase un ano despois, concretamente no número co-

rrespondente ó 17 de febreiro de 1895, onde recolle a seguinte premonición “Los carnavales prometen estar animadísimos en esta villa, a juzgar por las comparsas que se organizan, vistosos trajes que se confeccionan y encargan y ensayos de voces e instrumentos que tienen lugar en diferentes puntos de esta comarca. Por esta vez los habitantes de la plaza se verán privados de presenciar tan agradables espectáculos si es que el señor alcalde no procura mandar arrojar algunas piedras en aquel inmenso lodazal”.

E o asunto non só non decae co paso dos anos, senón que se ve incrementado coa organización de “murgas”, tal como aventura o número 5 do xornal “La Voz de Celanova” correspondente ó 30 de xaneiro de 1910: *“Dícese, no sabemos si con fundamento, que en los próximos Carnavales se organizará entre varios jóvenes de esta localidad, una Murga que ejecutando bonitos bailables y cantando cómicos couplets visitará las casas de sus relaciones y finalizará sus tareas en el Casino con un concierto originalísimo. Mucho nos complacería ver confirmada tal versión”*.

A isto debemos engadirlle tamén a existencia de determinadas figuras, non sabemos se lite-



rarias ou firmemente descritivas, como o “pollo zacudo” ou os “albardones”, que son anunciados tamén por “El Correo de Celanova” con motivo dos bailes de “Marzas” e sobre os que tampouco podemos asegurar, porque carecemos de memoria gráfica, se eran “mascaritas” creadas cada ano para a ocasión ou se eran disfraces que se repetían ano tras ano.

Isto era o que dicía o semanario con respecto a ámbalas dúas figuras:

El Correo de Celanova (18 de febrero de 1894): *“Este año en Marzas se bailará por vez primera en los salones del Casino, el cotillón, con cuyo motivo se observa gran animación en los jóvenes. Los reyes de tan hermoso baile serán el señor de bulas y su amable esposa, sino concurre a tiempo, por impedírselo deberes profesionales, el pollo zancudo”*.

E noutro apartado do mesmo xornal: *“Uno de estos días llegará a esta población un sastre especial con objeto de confeccionar el traje de baile, para el próximo de Marzas, a los dos albardones”*.

Sexa como fora, o que si transcende de toda esta documentación é que, unha vez a sociedade celanovesa se viu liberada do “muro de contención” exercido pola poderosísima comunidade bieita, tanto durante todo o século XIX como no século XX incorporouse con forza á celebración do Entroido, malia non ter ningunha referencia ancestral que xustificase esta celebración.

Logo chegarían uns tempos convulsos marcados pola mala relación mantida entre as sucesivas corporacións municipais e a comunidade dos Padres Escolapios, que incluso pretenderon cobrarlle á corporación polos locais utilizados polo Casino Recreo, e finalmente a Guerra Civil acabaría definitivamente con tódalas ganas de Entroido que puideran ter os celanovenses.

O ENTROIDO NA ACTUALIDADE

Tiveron que chegar os anos 50 e que o Casino se incorporase a un novo edificio arrendado por un particular e situado na rúa Pardo Bazán, para que, aínda que fose timidamente e sempre en locais pechados, os celanovenses volvesen recuperar a vella tradición de organizaren bailes de



disfraces, xa fose no renovado Casino, xa nalgunhas tabernas ou cafés senlleiros habilitados con zonas para o baile.

Dos anos 60 hai suficientes documentos gráficos que revelan un costume relacionado coa espontaneidade das “mascaritas”, así como coa vella tradición de que os homes se vestisen de mulleres e viceversa, pero non coa organización de murgas ou comparsas para escenificar actuacións, como se promoveron no século XIX.

Logo chegarían os “guateques” e as salas de festa e con eles incrementaríase loxicamente ese costume dos bailes de disfraces, polo que o Entroido continuaba mantendo esa característica esencial de ser unha festa dirixida pola espontaneidade daquela xente á que lle gustaba disfrazarse e sen que as institucións mediaran na súa organización. Continuaba, polo tanto, a ser unha celebración de interior e non de rúa.

Sería coa chegada dos anos 80 cando as corporacións municipais (non só en Celanova, senón en toda Galicia) empezan a incluír no marco das súas actividades anuais, actividades relacionadas coa Cultura e pouco a pouco van recuperando aquela vella tradición de encargarse da organización dos bailes de Entroido, tal como xa facían os seus antepasados no século XIX.

E coa intervención municipal xorden os desfiles de disfraces polas principais rúas da vila, tanto os luns pola tarde (para os nenos) como os martes, así como a incorporación de premios ás comparsas ou colectivos mellor ataviados e que xera de seu unha perda da espontaneidade que por principios debe levar a festa, pois de contado transfórmase, máis que nunha tradición transgresora, nun escaparate onde as xentes acoden a lucir os seus modelos máis ou menos vistosos.

Nesta época incorpórase tamén a tradición da celebración do “Enterro da Sardiña” destinado a despedir o Entroido no Mércores de Cinza. Foi gracias á intervención dun grupo de celanovenses presididos polo “Chinta”, os que, neste caso si de forma espontánea e sen ningunha intervención da corporación municipal, se dedi-

caban cada ano a confeccionar a sardiña ademais da ladaíña que ía recitando o bispo que presidía o cortexo fúnebre acompañado dos cofrades coas antorchas, ademais das plañideiras e da charanga “Os Perfeutiños” que eran os encargados de animar musicalmente a velada.

A ladaíña era “rezada” polo “Pater” e contestada polos cofrades e o resto de participantes no enterro, en catro estacións e contemplaba unha ladaíña final xusto antes de prenderlle lume á sardiña. Aquí reproduzo a ladaíña da primeira estación e a ladaíña final, pois as intermedias eran moi semellantes á primeira:

PRIMEIRA ESTACIÓN

Calade avechuchos do inferno, non vaiades pensar que estades na praza.

<u>PATER</u>	<u>COFRADES</u>
Un ollón	Quita o calsón
Dous ollóns	Viste o calsón
Tres ollóns	Quita o calsón
Catro ollóns	Viste o calsón
Sinco ollóns	Quita o calsón
Espido quedaches ...	
Qué será de nós	Díganolo vós
Que será de vós	Dirémosllo nos
Que faremos nós	Díganolo vós
Qué faredes vós	Dirémosllo nós
Calado quedaches ...	
Santa Sardiñorum	Comerá con nobis
Mater bebedorum	Beberá con nobis
Pater comelorum	Comerá con nobis
Santa Purrelorum	Beberá con nobis
Mater Langostorum	Eso pra nós
Virgo Empanadorum	Eso pra nós
Virgo Pizza de Boi	Eso pra vós
Virgo Pizza de Burrus	Eso pra vós
Fartado quedaches ...	

LETANÍA FINAL

<u>PATER</u>	<u>COFRADES</u>
¿Cantos bobis quedastes sen dentes por manducar dulces dulzorum?	Ceeeeeeeeeen
¿Cantos bobis quedastes sen besiculatorum por manducar salsa salsorum?	Outros cececececeen
¿Cantos ollos moles manducata mundi, habis fabis hómine?	Nós tameeeeeeeeeen
¿Cantos ollos moles manducata mundi, bocadus caras dómine?	Vós tameeeeeeeeeen
¿Cantos ollos moles manducata mundi, miseria internobis?	Eles tameeeeeeeeeen
Futis renegamus cun bola de mistos ...	Ameeeeeeeeeen
Et sardiñan, sardiñorum, manducatemus nós	Que bececececeen
Et vos non manducaris sardiñorum	Pois écececece
A benzón de Neptuno, da Cela rabuñagatos e da santa Coresma ...	Diriesila... Diriesila ..., si eres parvo espabila.
Tu que fuches e viñeches	Dime o que dalá trousethes
Eu non trouxen nin me nin mea	E roubáronme a cachimea ...
¡Hala!... ¡Hala!... Todos á Merda	

Algúns anos, non todos, estas ladaíñas ían acompañadas dunhas coplas coas que se lle facía escarnio á política local. Velaí as correspondentes ó ano 2000:

PRIMEIRA LETANÍA

Moitos curiñas había
na misa de San Rosendo
pero o que daba máis ledicia
érame velos comendo

No Moncho e máis no Camilo
bébese un viño moi bo
que nos ferve no bandullo
inda que digan que non

Concelleiro de cultura
é un home de bo dente
non che ten moita gordura
pero cómeche por sete

SEGUNDA LETANÍA

Os políticos do pobo
están en plena campaña
uns e outros e o raposo
sonche da mesma calaña

Agora dáselles pola música
ós políticos pequeniños
Baltar sopra o trombón
e o bombo tócao o Mouriño

Os voceiros do corporación
fálanche moito nos plenos
pero cando lles paga o Pepe
van contentos coma nenos

TERCEIRA LETANÍA

Xa veñen as eleccións
que é tempo para pedir
despois de que pasa o día
mándante a velas vir

Disque toparon petróleo
no fondallo do Mosteiro
pero a quiniela durou
mesmo que dura un peido

Os do Pesoe e PePé
queren gañar o día doce
e ós do BeNeGue
férvenlle as papas no pote

CUARTA LETANÍA

Moitas bombillas puxeron
na praza e mais na botica
e noutras partes do pobo
non se ve nin unha pita

Os do Patrimonio non queren
pavillón nas Triguierizas

pensan que é moito mellor
que de cagatorio sirva

Abriron en Vilanova
unha mostra no castelo
e o rabo transformouse
no orgullo do sarraceno

LETANÍA FINAL

Os do PP na campaña
dicen que España vai ben
pro, o pastel e a nata
non llo dan a ninguén

Os do PSOE prometen
máis ca cando gobernaron
pero mentras eran moitos
olvídanse que a cagaron

Din que Galicia con eles
vai a ser todo mellor
pero cando collan o zapato
vannos por en formación

Agora vai esta última
que tamén é a derradeira
veña a sardiña queimada
pra poñerlle o ramo á feira

Finalmente a sardiña era queimada no entorno da Alameda, para a continuación participar tódolos cofrades nunha cea de vixilia, que viña a completar o ciclo gastronómico do Entroido celanovés con outra cea anterior denominada “cea de disfraces”. Mentres a cea de disfraces lles ofrecía ós comensais un abondoso cocido, a cea de vixilia tiña como ingredientes principais o pulpo e o bacallau, non en van tiña lugar xa o primeiro día da Coresma.

Pero a incorporación dos premios e a organización dos desfiles, contra o que pretendeu conseguir, o que finalmente conseguiu (e isto tamén lle pasou a outros moitos lugares onde non había tradición dun Entroido exterior consolidado) foi que o Entroido celanovés pasou a converterse nunha pasarela de disfraces que logo ían percorrendo por distintos lugares da provincia, sempre

procurando máis a captura de premios cá propia diversión.

Tratando de evitar isto, dende o Concello de Celanova foron promovidas distintas iniciativas co obxectivo fundamental de dotar de personalidade propia ó seu Entroido, aínda que non de grande éxito polo de agora.

Á BUSCA DUNHA PERSONALIZACIÓN

Foi así como xurdiron iniciativas probablemente ben maxinadas, non tan ben desenvolvidas e deficientemente publicitadas, algunhas das cales aínda se manteñen pero con grandes dificultades para seren asumidas pola veciñanza.

As Gárgolas (2002)

Tal é o caso da aparición das Gárgolas, que se ben foron moi ben interpretadas polos medios de comunicación que empezaron a mirar para elas como un referente informativo que completaba o



mapa comarcal da provincia á hora de dar a coñecer a celebración do Entroido ourensán, non foron tan ben asumidas polos veciños de Celanova, que non lograron verlle o seu sentido e polo tanto non as deron asumido como unha forma de celebrar o Entroido.

As gárgolas xurdiron como consecuencia dunha iniciativa popular ligada ó centro cultural Coelerni-Solpor que, conscientes da necesidade dunha personalización do Entroido de Celanova co fin de evitar precisamente a súa desaparición ou mellor dito a súa disolución no macro Entroido de Xinzo de Limia, propuxéronlle ó Concello que traballase no deseño dunha carauta inspirada nas faces un tanto toscas dos catro canos do pilón da Praza Maior.

Pouco tempo despois, con motivo da organización dun curso de manualidades organizado polo Concello de Celanova en colaboración co Centro de Servicios Sociais, e á proposta do Concello a profesora do curso empezou a traballar no deseño dunhas máscaras inspiradas nas gárgolas do Claustro Barroco, así como outras moitas faces reproducidas en distintos medallóns, así como nos basamentos das nervaturas do propio Claustro, que están dotados dunha poderosa imaxinación e dunha indubidable beleza artística, ás que logo se lles puxo unha vestimenta e se pretendeu dotar dunha personalidade co fin de contextualizalas axeitadamente, presentándoas baixo unha razón de ser que se explica de seguido:

Forma: Trátase da reprodución de distintas figuras que se atopan talladas sobre todo no Claustro Barroco do Mosteiro de San Rosendo de Celanova, tanto nas fachadas do patio coma nos medallóns que sosteñen as nervaturas góticas e algunhas claves dos cruceiros do claustro, e que reproducen sempre seres oníricos de gran evocación simbólica. Cada quen pode escoller a que máis lle guste, confeccionando aquela que vexa con máis agrado de entre as moitas que se recollen, tanto no claustro coma no interior da igrexa, especialmente no Coro Alto.

Obxectivo: Conseguir unha “fauna” de seres

o suficientemente variada, creativa e atractiva que consiga darlle vistosidade, personalidade propia, e autenticidade na recuperación da memoria histórica, ó Entroido de Celanova. Un Entroido que non conta con raigame histórica, coma outros lugares da provincia, precisamente por ese influxo que ó longo da historia exerceu sobre as súas xentes unha comunidade relixiosa residente no Mosteiro, que sen embargo si permitiu a súa convivencia calada con figuras tan críticas, sen embargo, con algunhas das súas formas de vivir.

Significado: As gárgolas son una raza de seres oníricos que viven nun permanente clima de tranquilidade e silencio entre as pedras do mosteiro. Ó longo de todo o ano mantéñense inmobilizadas como estatuas nos aleiros do edificio cumprindo fielmente coas regras establecidas e, polo tanto, coa súa función estática de aliviadoiro das augas para o que inicialmente foron construídas polos mestres arquitectos da época.

Sen embargo, cada ano cando chega o tempo de celebración do Entroido, animados polo rebumbio popular, a pedra vólvese carne e entréganse ó deber de animar ese mundo de mudacións, de fantasía, de alegorías, en definitiva de festa, no que se envolve a vida diaria das xentes.

Durante estes días a súa función elemental transfórmase nunha función diferente, apócrifa, de simulación e onírica, protexendo ó Entroido dos seus inimigos, que son o tedio e o aburrimiento.

Así, nese canto ás mudacións, á intelixente transgresión permitida, o seu labor cotián, que é o de beber para non esquecer a súa función orixinal de aliviadoiro das augas coas que o inverno lava os seus espíritos, durante estes días de entroidada, deciden tamén beber, pero con outro tipo de bebidas.

Por isto recoméndaselle á xente que os conviden de boa fe, cando entran nos bares a beber, porque con eles chega sempre o espírito bo do Entroido.

O ENTROIDO DE CELANOVA

As Gárgolas non teñen nomes propios, aínda que ás veces tomen apelativos diferentes, segundo cales sexan, para facilitar as súas relacións cos humanos.

Días que deben saír: As gárgolas deberán saír tódolos días do Entroido, xa que elas deben ser as verdadeiras animadoras da celebración, percorrendo as rúas da vila acompañadas de instrumentos para facer oír a súa chegada, tales coma as tradicionais carracas de madeira ou mesmo cascabeis, que reproduzan sons que recorden ó da auga.

Non deberán andar todo o tempo vestidos de tal, senón que farán saídas a unhas horas concretas e volverán a agacharse, despois de cumprir a súa función de animación da xente.

As saídas recomendables son:

Sábado:

Pola tarde para participar na colocación dos mecos e na cea da “Sopa de Cregos”.

Domingo:

Pola mañá para animar as rúas e ambientalas no Entroido.

Pola tarde para ambientar a tarde de Entroido.

Luns:

Pola tarde, deberán ser máscaras de nenos.

Martes:

Pola tarde, participando diante do tradicional desfile de comparsas

Pola noite, para despedir o Entroido ata o ano seguinte



Aínda que a súa presenza nas seguintes edicións do Entroido non tivo continuidade, pois houbo algún ano que non saíron por falta de voluntarios para sacar á rúa as sete máscaras coas que conta o Concello, hai que dicir que o Colexio Sagrado Corazón seguiu traballando cos seus alumnos e coa artesá que as confecciona, Conchi Caride, e na actualidade xa contan con máis dunha vintena de gárgolas diferentes que adoitan sacar os luns de Entroido e que si garanten que co tempo esta máscara poida transformarse nunha máscara identificada coa vila de Celanova.

Os cantares de cego. Premio “Paco Pixiñas”

Outra das iniciativas xurdidas coa chegada do novo século foi a organización dun concurso de Cantares de Cego, tomando como base a coñecida copla do poeta Celso Emilio Ferreiro “Paco Pixiñas, historia dun desleigado”.

O proxecto naceu coa intención de “axudar á recuperación dos antigos cantares de cego, que constituíron un referente lúdico importante nos mercados semanais que de forma tradicional se veñen celebrando dende tempo inmemorial ós xoves en Celanova” e tomaba como base “a memoria de ‘Paco Pixiñas’, romance cantado no ano 1970 por Arístides Silveira (Celso Emilio Ferreiro) e debuxado por Isaac Díaz Pardo”. A data de celebración foi fixada no sábado do Entroido.

No tocante ós participantes, estes deberían acudir por parellas, “con algún dos instrumentos tradicionais usados polos antigos cegos das feiras, é dicir, acordeón, violín ou zanfona, facendo un deles do ‘cego’ que interpreta a copla e o outro o ‘lazariño’ encargado de sinalar os pasos da historia que se relata recollida nun cartelón”.

A iniciativa tivo, sen embargo, un curto percorrido que non pasou dos cinco anos, pois aínda que o Concello chegou incluso a propoñerlle colaboración á “Once” no ano 2001 para darlle maior dimensión ó concurso, tanto por parte dos posibles patrocinadores, como por parte dos

posibles concursantes non concitou a demanda que o Concello agardaba, polo que acabou poñéndolle fin á convocatoria.

O baile das mudacións

Outra das iniciativas que puxo en marcha o Concello, tirada desa tradición vella das mascaritas tan dadas á transformación sexual, é dicir, a de que os homes se disfracen de mulleres e viceversa, foi a que denominou “Baile das mudacións”.

Baixo o lema de “Os homes serán mulleres. As mulleres serán homes. Ven e entra no mundo ó revés”, a Concellería de Cultura do Concello celanovés propuxo no ano 2001 este baile na Praza Maior para a xornada do domingo de Entroido, esperando así poder conseguir que a xente se mantivese en Celanova e non se trasladase a Xinzo de Limia ou a outros lugares próximos.

Para elo encargou a montaxe dunha carpa na Praza Maior e convidou á xente a bebida. Sen embargo, a transcendencia do baile seguiu sendo minoritaria e a xente –sobre todo a mocidade– pasaba por alí para ver que ambiente había e logo marchaba para Xinzo.

Entroilandia para os nenos

Tamén a esta época correspondente ós primeiros anos do novo século pertence a iniciativa que foi bautizada como “Entroilandia” e que consiste na instalación dunha serie de atraccións formadas por elementos inchables na Praza Maior, ou no pavillón municipal cando cadra un día de choiva, e que neste caso si que concitan a presenza masiva dos máis novos, xa veñan disfrazados ou non.

É certo que non é unha actividade propia do Entroido. Sen embargo, o feito de concentrar ós nenos arredor dunha actividade lúdica na que o pasan ben, anima ós pais e nais a disfrazalos, polo que probablemente por aí e pola paseniña implantación das gárgolas, pase en parte o futuro do Entroido celanovés.

A gastronomía. As sopas de crego

No marco desta continua “brainstorm” (tormenta de ideas) que o Concello e algúns colaboradores foron poñendo en práctica, non puido faltar tamén a parte gastronómica que adoita ir sempre emparellada co Entroido, antes da súa entrada no Coresma.

Así, ademais das tradicionais ceas organizadas pola Cofradía da Sardiña, tamén se propuxo a organización dunha cea composta por un prato ligado á tradición monacal do edificio, as “Sopas de crego”, que algún restaurante como o Restaurante Betanzos xa tiñan na súa carta e que constituía un prato acaído para a época do ano en que ten lugar o Entroido.

Dada a tradición literaria da que en ningún caso se pode abstraer a vila de Celanova, ata houbo alguén que decidiu escribirlle unha copla:

Cóllese un molete,
fanse unhas tostadas
e con gran coidado
dóuranse n’as brasas.

Cóllense chourizos,
córtanse en rodaxas
que medio centímetro
teñan de delgadas.

Traise unha tarteira
e con moita calma
vanse nela pondo
pan e as talladas.

Primeiro, das tostas
déitase unha capa,
e enriba dela, outra
d’aquelas rodaxas.

E vanse alternando
chourizo e tostadas
hastra que a tarteira
se vexa mediada.

Vértese alí un caldo
de moita sustancia,

que teña, a lo menos,
dous dedos de grasa.

E logo á tarteira
pónselle a súa tapa,
e, fervo non fervo,
tense xunto as brasas.

¿Xa chegou a hora
de xantar?.. ¡Pois, hala..!
Enriba de todo
uns ovos se escalfan.

E así, na tarteira,
no medio da táboa
se pon esa sopa
sen máis circunstancia.

Así ma serviron
a min na montaña,
fará corenta anos...
¡Qué tempos, caralla!

Logo da cea adoitaba ter lugar un baile, pero a convocatoria, no mellor dos casos, nunca pasou dos dous centenares de participantes, é dicir, nada para a dimensión popular que se lle quería dar ó evento, polo que tamén acabou desistíndose desta iniciativa.

O ENTROIDO HOXE

Nos últimos anos e toda vez que o Concello acabou por desistir de seguir dando “paus de cego” para tratar de conseguir que a mocidade celanovesa celebrase o Entroido en Celanova e non marchase para as outras vilas do denominado “triángulo máxico”, é dicir, Xinzo, Verín ou Laza, ademais da propia capital, que nos últimos anos ten experimentado unha eclosión interesante aproveitando esa referencia de ser a “Capital do Entroido”, ou o que é o mesmo, a capital da provincia galega con meirande enraizamento do Entroido; a iniciativa popular empezou de novo a facer propostas e nos dous últimos anos semellan florecer estas dúas novas iniciativas:

Cea de comadres:

Xurdiu no ano 2008 a proposta dun grupo de mulleres organizadas arredor da asociación de mulleres Ilduara e seguindo o éxito que está tendo o Xoves de Comadres que se organiza anualmente en Verín o xoves anterior ó Entroido. Na súa primeira edición viron superadas tódalas expectativas de organización, polo que esperan consolidar a iniciativa nos próximos anos.

Ten lugar o sábado de Entroido e as mulleres disfrázanse fundamentalmente de homes. Logo ten lugar un baile de disfraces no salón de actos do Claustro Barroco, xunto coa ambientación propia de rúa que adoitan facer as “mascaritas”.

Sábado de piñata:

Do mesmo xeito que a cea de comadres foi organizada como consecuencia de desestimar o Concello a súa implicación na proposta de novas iniciativas, o Sábado de Piñata tamén foi organizado, neste caso no ano 2007, por un grupo de veciños que lle propuxeron ó Concello a súa colaboración na entrega dos premios, encargándose eles dos labores propios organizativos.

Na edición de 2008 a xornada concitou a presenza de moitos disfraces e charangas, non só de Celanova senón de toda a comarca, que, unha vez realizado o gasto para participar noutros Entroidos -fundamentalmente no de Xinzo de Limia- logo acoden a Celanova co fin de rentabilizar esa “inversión” e de paso estirar uns días máis o ambiente festivo do Entroido, unha vez xa rematou nos outros lugares onde se celebra con tanta intensidade.

Se cadra, esta poida ser unha solución de futuro para un Entroido que está pexado, tampouco o debemos esquecer, pola pirámide social que conforma actualmente o mapa poboacional de Celanova, onde unha gran maioría son xente de idade xa avanzada á que pode gustarlle ver pasar o Entroido, pero á que lle resulta moi difícil coller o primeiro que topa na casa e saír de “mascarita” polas rúas da vila.

CONCLUSIÓN

Contados todos estes antecedentes perfectamente descritivos, hai que dicir, en consecuencia, que o Entroido, como tódalas festas populares, debe saír do cerne da poboación, polo que a administración, canto menos lle toque as súas esencias, moito mellor. As administracións poden colaborar economicamente no seu sustento e na súa promoción, pero canto menos remexan no deseño e na programación, é dicir, no seu espírito, penso que é mellor, pois eu son da opinión de que calquera dirixismo nunha manifestación das características tan persoais como é esta, vai sempre en contra da espontaneidade que é, sen ningunha dúbida, a verdadeira nai do Entroido.



O ENTROIDO NA CIDADE DE OURENSE

Manuel Freire Cid

Xefe de Sección de Cultura do Concello de Ourense

Veño a falar no entroido na cidade de Ourense, e para min non vai a ser unha tarefa doada porque dalgún xeito teño que enxuizar un labor que por motivos profesionais participei nel, participo e seguirei participando no futuro. Xa que o meu cometido profesional desenvólvese na Concellaría de Cultura, que ten dentro dos seus cometidos e competencias a organización da actividade cultural e festiva da cidade. E claro está, que entre elas está a do **Entroido**. Direi, que persoalmente, é unha das que máis me gusta e da que máis vivo e disfruto.

Dentro do ciclo festivo anual da cidade de Ourense, o Entroido toma unha especial relevancia por todo o que esta festa implica, e é a participación, a vivencia e a transformación. Quizais sexa unha das festas que os cidadáns agradan con máis impaciencia. Tolo elo porque contén un sentido lúdico, cultural, etnográfico e antropolóxico, unha das mellores receitas para que resulte atrainte ¿non si?.

Así como no resto da provincia o Entroido comeza case que rematado o Nadal, nesta nosa cidade comeza un pouco máis tarde, pero tamén coas súas particularidades. Porque o Entroido en Ourense é moi peculiar, cousa que penso está

fóra de toda dúbida, sen menosprezar para nada o que se fai no resto da provincia. Porque se se me permite diría que aquí temos varios “entroidos” xuntos. Refírome a que dentro do municipio, temos o que se celebra en Seixalbo, o das Pitas de As Eiroás, o da Ponte de Frei Canedo e as Romanas, e por suposto o que se leva a cabo en toda a cidade, pero máis localizado no centro da cidade.

Para a concellaría de Cultura esta festa comeza co xoves de compadres e o xoves de comadres para rematar no mércores de cinza coa queima da sardiña. E así ven sendo dende sempre, polo menos ata onde acada a miña memoria, que xa son uns cantos anos. O domingo é un dos días centrais da festa na que o Concello adquire un maior protagonismo, organizando o desfile de charangas e comparsas culminando coa elección do Rei ou Raíña do Entroido. E dende logo o luns de entroido, porque temos a sorte que a corporación municipal elixe dentro da potestade de decidir os días festivos locais, un sexa nestas datas, e así é festivo o martes, polo que o luns convértese no mellor día por excelencia, e que atrae a Ourense a moitos foráneos.

Recalco esencialmente que o Concello adquire un maior protagonismo pola cuestión que de

seguido aclararei. Hai certos grupos ou sectores que pensan que o Concello, e neste caso a concellaría de Cultura non debería intervir para nada na organización desta festa. Pero ao mesmo tempo hai outros sectores que pensan que sen a axuda do concello o entroido non sería o que é. E como traballador desta institución permítome o luxo ou a licenza de dicir que o gran protagonista do entroido na nosa cidade é a propia xente. O Concello só é un instrumento necesario e imprescindible para apoiar e potenciar en todo o posible para que esta festa cada vez sexa mellor e maior. Cando se incluiu o *slogan* “Ourense, capital do Entroido”, coído que foi un gran acerto. Pero esto conséguese con moito esforzo de dedicación. Si que ten que lograr animación, e converter as rúas nun ambiente especial ao longo destes días.

E non esquecer aos máis pequenos, que aí entra o noso labor educativo, que é polos máis cativos polos que hai que comezar, e para iso se organizan os diferentes obradoiros de compadres e comadres, para que no futuro disfruten tamén desta festa que sempre, sempre vai pensada para todo o público en xeral, pequenos, mozos e maiores. Do mesmo xeito que se foi esquecendo a figura do “meco”, pouco a pouco cada ano vanse vendo máis colgados en balcóns. Isto si que xa estaba esquecido na cidade, e hoxe comeza a recuperarse esta tradición. É gratificante, de verdade.

A concellaría de cultura logrou, co tempo e con grandes esforzos, revitalizar esta festa, apoiando todo tipo de iniciativas e ideas que foron xurdindo ao longo dos anos. E moito tiveron que ver tamén os concelleiros e concelleiras que así o entenderon e fixeron esforzos moi notables para levar a festa ao grao no que se atopa nestes momentos. Desexo que non decaia.

Para min, a administración ten a obriga de velar polo noso patrimonio en todos os seus ámbitos, e como tal, mantelo, coidalo e promocionalo, aínda que isto esixa un esforzo económico especial. Agora ben, sen a participación e a colaboración dos cidadáns de nada vale a dedicación en tempo e o diñeiro público que os traballadores

municipais empregan para cada actividade.

E por sorte, e é unha realidade palpable, o Entroido vive porque está vivo na xente. Porque como dixen anteriormente hai grupos, colectivos, persoeiros de todos coñecidos que fan que a cidade se transforme por uns días, que se respire outro ambiente e as rúas luzan doutra cor. É ese tempo de lecer que todo ser humano precisa para dar renda solta a súa imaxinación e disfrute dos personaxes que imitan e incluso ridiculizan, dar licenza para facer o que non se pode facer a cotío, pero sempre dun xeito alegre e orixinal. O entroido é a propia xente e por moito que o Concello se empeñe en promocionar a festa, patrocinar actividades e organizar festexos, se a xente non o vive e non participa estaría abocado a desaparecer. No caso da cidade de Ourense vai cada ano gañando adeptos e participantes. Aí está o labor da institución: debe velar pola súa cultura e as súas tradicións, e tratar de mantelas no tempo. E penso que moi acertadamente a cousa vai máis a máis.

Non podo deixar de mencionar a colaboración que a concellaría de Cultura aporta a eses outros “entroidos” que perviven no municipio, oxalá houbera máis Donas Paquitas e Nicanores como os de Seixalbo, e as pitas de Eiroás seguisen medrando ano a ano, e a festa de Frei Canedo tivera cada ano máis cofrades, igual que as romanas. Seguro que en pouco tempo seremos un gran referente ó falarmos do Entroido.

E por suposto a determinados personaxes, que aínda que non os cite todos, ninguén pense que os quero deixar fóra, o Trangallán, o Casiano, o Carrabouxo, o Paco Gallego, o Carlitos, a Pepi, o David Xesto, a Marosa, o Huete, son tantos que tería que facer unha longa lista de xente que cada ano sorprenden, e que por outra banda, sentímonos estranados cando non os atopamos durante eses días.

Só me queda por dicir, que desexo que todo o mundo poña un pequeno grauciño, porque non fan falla grandes disfraces para manter o entroido vivo e ser “OURENSE CAPITAL DO ENTROIDO”.

O ENTROIDO OURENSANO

J. Manuel Vázquez Álvarez, "Casiano".

O entroido tráeme á mente lembranzas da festa máis longa, máis arraigada e a máis popular do calendario festivo. Tamén me recorda o acontecemento enxeñoso, divertido, creativo e cultural de Galicia por excelencia; tendo a maxia de agrupar a colectivos, atraer turismo de calidade, poñer no cumio a nosa gastronomía e converter as rúas na maior escola de expresión teatral do mundo.

Se nos cinguimos á historia, o entroido é un acontecemento arraigado na totalidade dos pobos do planeta terra. Probablemente si os terrícolas tivéssemos que actuar noutro planeta, fariámolo "montándolles un entroido". Os entroidos seméllanse entre si no seu contido, con pequenas variacións entre os distintos lugares, comarcas ou zonas xeográficas, o que os fai "únicos e o mesmo tempo semellantes"; polo que non existen entroidos mellores que outros, senón **DISTINTOS**.

Todos coinciden na festa da tolemia espontánea, colectiva e popular, nas bromas, burlas e sátira, e tamén se asemellan en ser o acontecemento da liberdade total, onde se permite ridiculizar a unha personaxe relevante da sociedade, sen que se enfade (un pobo é maduro no entroi-

do, cando se transmite a tolerancia de xeración en xeración e a ninguén lle parece mal a sátira, crítica e bromas.)

O entroido ourensán non se trata dun triángulo ou rombo máxico, senón que é unha SINAPSE de tódolos entroidos de tódolos pobos da provincia ¿Quen sería o atrevido que deixaría fóra da festa do entroido os Felos de Maceda, os Cabreiros de Muíños, os Vergalleiros de Sarreaus, os Troteiros de Bande, os Boteiros de Viana (onde tiven a fortuna de ser o pregoeiro do entroido), os Foliós de Vilariño, Trives e a Veiga,



os Forgalleiros da Rúa, os Fachós de Castro Caldelas (inicio do ciclo do entroido), as Pitas de Eiroás, a Nicanor e Paquita de Seixalvo, o Frai Canedo da Ponte ou a maxia e enxeño do entroido da nosa cidade?

Considero que o entroido da capital sufriu mudanzas e cambios ao longo dos tempos, coma sucedeu con hábitos e costumes doutra índole; por unha banda, a evolutiva modernidade que viviron as urbes, e por outro a maior represión do Réxime sobre as cidades e vilas, con respecto aos pobos pequenos e illados; sen esquecer que nos últimos 50 anos trasladáronse dos pobos á capital 60.000 persoas.



Na cidade, de igual xeito que nas vilas, tiveron a extraordinaria habilidade de manter o “Entroido” nos anos de represión, grazas á nosa pequena burguesía que o mantiveron vivo, en locais de Sociedades Culturais: Liceo, Orfeón, A Troya, locais privados e casinos.

A finais dos 70 e principio dos 80, a cidade das Burgas estoupou como unha PANDEMIA DE ALEGRÍA ENTROIDEIRA onde os ourensáns desenrolaron unha arte de interpretación e creatividade espontánea digna de eloxio, onde a sensualidade, o ritmo, a música e o enterro de mal humor, foi un feito real e onde a tolerancia marcou o noso norte; e o embruxo nocturno das rúas de casco vello cheas de xente, rebordando alegría, humor, transformismo e sensualidade que cativan ano tras ano a tódolos viandantes.

¡VIVA O ENTROIDO!

PASADO, PRESENTE E FUTURO DO ENTROIDO DE SEIXALBO

Margarita Seara Pazo

A festa de Entroido, claramente ritual, enfróntase cada ano con innovacións ante as que vai cedendo, perdendo así o seu carácter ritual que se nos fai, a cada paso máis arcano. Así, o noso Entroido vai e ven cos tempos, coas modas, enriquecéndose en algúns aspectos coas novas incorporacións e permanecendo inalterables só algúns elementos rituais moitas veces xa incomprendibles. Isto só é posible porque, por unha banda é unha festa viva e por outra non existe un oficiante que faga prevalecer o estatismo dos rituais ancestrais fronte as alteracións.

Desde o noso punto de vista o estudo do Entroido, neste caso o de Seixalbo, debe partir do pasado ata onde sexa posible, fixar os elementos característicos que nos chegaron ata o presente; unha vez feito isto, corresponde ao pobo, o seu indiscutible protagonista, determinar de que maneira ou ata que punto quere o lle cômpre alterar a tradición, pero sempre con plena consciencia de que se introduce unha novidade, e medindo as repercusións que sobre a festa poden supoñer.

O estudo da festa de Entroido, de tanta raizame no noso lugar, pois, parte necesariamente da tradición oral e, en menor medida, da

documentación escrita, versos de comparsas, esta máis recente.

Polo que nos contan os maiores, o Entroido de Seixalbo tiña un ciclo completo que se está vendo reducido recentemente a un ritmo vertixinoso, parello á adopción dunha vida “urbanita”. Así, comezaban as festas co domingo fareleiro que aínda lembran os máis vellos: ademais dos farelos e borralla intrínsecos a este día, era o comezo da saída dos felos. É probable que a celebración da festa relixiosa da Santa Ádega, o 5 de febreiro, axudase á supresión deste primeiro día de Entroido. En canto ao felo, era un personaxe claramente ritual e temido, caracterizábase, ademais de polo seu individualismo, por percorrer rúas e casas á caída da tarde coa cara tapada, encirrando á xente; ninguén lembra que levase unha carauta característica, nin un traxe ritual: calquera farrapo e unha boa vara servía. Ninguén ousaba desenmascaralo, nin revelar a súa identidade e ninguén lle negaba un grolo ou unha larpeirada se petaba na súa porta. O felos saían, a partires do domingo fareleiro, calquera noite do ciclo de Entroido. Nos últimos tempos, o felo perdeu terreo fronte as comparsas e foise desprendendo do seu carácter intimidatorio e ritual, rachando tamén coa regra do discreto silencio en caso de ser recoñecido por alguén; o

emprego de fundas ou monos e as carautas en serie fan del un elemento en continuo retroceso.

O domingo corredeiro e o domingo oleiro acabaron por fundirse nun só ritual, converxendo nun único día. Na praza Maior, durante a tarde, xuntábanse os mozos e as mozas para correr as olas: as vellas olas de barro guindábanse de uns a outros, colocados en rolda; normalmente xogaban separados homes e mulleres. Actualmente consérvase o rito, se ben o feito de mercar olas abundas para a ocasión, resta algo de entrega por parte dos participantes. Desde que corredeiro e oleiro se celebran na mesma data, ao rematar coas olas vanse buscar os mecos. Os mecos en Seixalbo, caracterízanse por seren unha parella, coa cabeza tallada en madeira, e mesmo con nome propio: Paquita e Nicanor. Descoñecemos cando foi introducida a figura feminina, se é que foi esta unha innovación puntual que acaba por incorporarse definitivamente; desde logo, non foi unha figura



A Paquita, o Nicanor e o Vicentiño no balcón da praza. Anos 60.

imprescindible, pois sabemos que “estivo desaparecida” durante varios anos que se celebrou igualmente a festa só coa emblemática e máis típica figura masculina. Desde logo, os seus nomes son relativamente recentes. Houbo tamén un intento de dar un fillo á parella, Vicentiño, cunha esporádica, pero lembrada presenza, innovación que non callou. A diferenza doutros lugares, os mecos de Seixalbo non se penduran, senón que presiden un balcón na Praza Maior, desde onde reciben os saúdos respectuosos das comparsas. Só un ano, antes da guerra civil, e ante as ameazas do cura párroco aos que daban acubillo nas súas casas aos mecos, non houbo máis remedio que pendurar o meco no cruceiro (e ese ano, polo menos era só un e masculino). Os mecos de Seixalbo son as autoridades ás que o pobo pon o día de todas as novidades que sucederon durante o ano, a quen se lle contan as inxustizas e o esquecemento por parte da administración, e aos que se lles encomenda, cada ano, que garantan a xustiza castigando ao aproveitado, ao “caloteiro”... Vístense con boas roupas, como corresponde ao seu estatus, pero cun aire de Entroido; disto encárgase, xeralmente, unha parella



Recuperación dos fachós na procesión. 2008.



Comparsa a principios dos anos 50.

sen fillos que será así re-compensada coa fertilidade. Precisamente, a procesión comeza cando o pobo vai buscar os mecos á casa dos encargados de custodialos e vestilos, seguindo logo un percorrido diferente ao das procesións relixiosas. Os fachóns de palla acompañaban ás xentes na procesión. Adoitábase guindar desde os corredores fachizos de palla ao paso da procesión ao berro “cera pro santo”. Aos mecos, ás veces chámanselle tamén “entroidos”.

Actualmente, Paquita e Nicanor seguen a presidir a festa desde un corredor da praza despois do percorrido festivo polas rúas e levan a cotío traxes de comparsas de anos anteriores o relacionados con algunha comparsa do anos, dependendo dos encargados do seu atavío. No que aos fachóns se refire, hai un intento de recuperación.

O domingo de Entroido era xa un día de grande participación. Normalmente había música na Praza para animar o baile; nos últimos sesenta ou setenta anos predominaban os felos, pois as comparsas preferían reservarse para o martes de Entroido; os felos dos últimos tempos bailan coa xente e métese sobre todo con aqueles que non se disfrazan. Algúns anos, unha comparsa de nenos cantaba o seus versos no domingo de Entroido. Sabemos tamén que ese día se facían, ás veces, pequenas representacións teatrais burlescas e críticas con algún feito da

actualidade, nas que prevalecía un alto grao de improvisación; esta tradición non se perdeu de todo, se ben non se leva a cabo regularmente. Nos últimos anos, esta marcada data da festa está en retroceso: o desfile que se celebra en Ourense, no que ademais se recompensa a participación, atrae a comparsas e, de xeito secundario, a xente en xeral que acode a velo.

O día máis grande do Entroido de Seixalbo era e aínda é o martes. É, por excelencia, o día das comparsas, reclamo que atrae a todo o pobo en xeral, mesmo a aqueles que non gustan de disfrazarse ou están de loito. As comparsas teñen que entoar os versos que normalmente seguen un esquema fixo cunha loa ou saúdo aos entroidos ou mecos, presentación da comparsa, versos de crítica e a despedida; case sempre teñen forma de copla cantadas ao son dunha música orixinal ou adaptada; as comparsas podían estar integradas só por homes, só por mulleres ou seren mixtas, e os ensaios, celebrados ao escurecer nalgunha palleira ou casa vella desde non puidesen ser escoitados, eran unha boa escusa para mocear. Cada comparsa ten un director ou directora, e moitas veces tamén unha raíña que debe distinguirse polos longos anos de dedicación entrega ao Entroido. É normal que haxa máis dunha comparsa, sobre todo nos últimos anos, existindo unha festiva rivalidade entre elas. Tradicionalmente, as comparsas facían a

súa aparición de súpeto na Praza. Actualmente, están organizadas e entran todas en desfile.

Ao rematar a festa, xa caída a noite, tiña lugar de novo unha pequena procesión dos mecos na que os fachóns e o lume final eran os protagonistas: quitábenselle as cabezas e as roupas e queimábanse os corpos feitos de palla. Tanto nesta procesión coma na que se sacan os mecos, cántanse “pasacalles” e bátense testos e palmas. Hoxe en día, o corpo dos mecos adoita estar feito cunha estrutura de materiais modernos que tampouco se queima; no seu, lugar faise un lume con leñas miúdas e palla.

Cada comparsa celebraba un cea de confraternidade, un elemento máis que, ao noso entender incide nos paralelismos de certos elementos do noso Entroido coas confrarías e irmandades relixiosas.

O ciclo destas festas cerrábase, coma en moitos outros lugares co enterro da sardiña, quizais o rito máis anticlerical e transgresor de

todo el. En Seixalbo foi unha cita minoritaria e reservada durante moitos anos só aos varóns capaces de correr: apagábase o alumado público e o séquito percorría as rúas nunha parodia de enterro salmodiando os cánticos relixiosos transformados en agudas e irrespectuosas críticas; a parella da garda civil tratando de disolver a comitiva foi un elemento que, no canto de ser disuasorio, deu alicientes a esta cita anual. Hoxe en día, participan normalmente no enterro homes, mulleres e nenos de todas as idades.

Cabe, pois, reflexionar sobre a dirección que vai tomando esta ancestral festa no noso lugar: perda de días de festa, case total eliminación dos felos, proliferación de comparsas co que a festa para moitos pasa a ser contemplativa e espectacular no canto de participativa; desaparece a palla e con ela os fachóns e a ritual queima dos mecos... Porén, e no outro extremo da romana, debemos cuestionarnos a conveniencia de preservar os rituais promovendo normas para unha festa que se caracteriza, precisamente, pola transgresión das normas.



Dirixindo os versos da comparsa. 2008.



Raigame



Universidade
de Vigo
FUNDACIÓN



nova
Escola Galega



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE



Universidade
de Vigo